

SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2016.

No Pazo Municipal de Ferrol, sendo as dezanove horas e seis minutos do día 28 de abril de 2016, reuniuse o Exmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Don Jorge Juan Suárez Fernández, coa asistencia dos seguintes señores/as: Dona Martina Aneiros Barros, Don Jesús Basterrechea López, Don Francisco Javier Breijo Devesa, Dona Verónica María Casal Míguez, Don Bruno José Díaz Doce, Dona Eva Espiñeira González, Don Guillermo Ramón Evia Pérez, Dona María de la Luz Fernández Lemos, Dona María del Carmen García Fraga, Don Alejandro Langtry Caínzos, Dona María Esther Leira Penabad, Dona M^a Fernanda Losada Rodríguez, Dona María Susana Martínez Galdós, Dona Rosa María Martínez Beceiro, Dona Rosa María de las Nieves Méndez Fonte, Dona José Álvaro Montes Celeiro, Don José Pedrouzo Bardelas, Don Antonio Iván Rivas Rico, Dona Ana María Rodríguez Masafret, Dona Beatriz Sestayo Doce, Don José Tomé López e Don Luís Miguel Victoria Gallego. INCIDENCIAS: O Sr. Evia Pérez incorporouse á sesión ás 19:58 h. cando se trataba o punto 5. A Sra. Casal Míguez abandonou a sesión cando se trataba o punto 7. Na deliberación do punto 8 ausentouse o Alcalde substituíndoo a primeira Tenente de Alcalde e no punto 10 volveu a ausentarse o Alcalde e presidiu a sesión o cuarto Tenente de Alcalde, por estar intervendo nese momento a primeira. A Sra. Martínez Galdós ausentouse na deliberación do punto 11 e reincorporouse no seguinte punto. Non asistiron á sesión a Sra. Freire Fajardo e o Sr. Sas Río. Asistidos polo Secretario Xeral Don Leopoldo Moure García e polo Interventor Accidental Don Fidel García Martul, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente a este día, adoptándose os seguintes acordos:

SR. ALCALDE: Boa tarde concelleiros e concelleiras, imos dar comezo á sesión ordinaria do Pleno do mes de abril. Benvido o público asistente.

Hai tres puntos fóra da orde do día, que ó chegar a eles votaremos a súa urxencia e, de ser o caso, entraremos no debate dos mesmos.

Entramos no primeiro punto.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2016 (ORDINARIA)..- A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior.

2.DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E OS SEUS DELEGADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 11 DE MARZO E 14 DE ABRIL DE 2016.- De conformidade co disposto no art. 36.1.31 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, a Corporación deuse por enterada das resolucións dictadas polo Sr. Alcalde e os seus delegados durante o período comprendido entre os días 11 de marzo e 14 de abril de 2016.

3.PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS CORRESPONDENTE Á RELACIÓN DE FACTURAS Nº 10/2016.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di: "Examinadas as propostas que elevan as/os concelleiras/os delegadas/os das áreas que a continuación se indican sobre a validación das facturas que se relacionan, pertencentes á súas áreas.

Logo de ver o disposto no art. 173 do R.d.l. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, no que se establece que "as obrigas de pagamento serán esixibles á Facenda Local cando resulten da execución dos seus respectivos presupostos ou de sentenza xudicial firme" e o artigo 26 e 60.2 RD 500/1990 que establece a posibilidade do recoñecemento extrajudicial de crédito, sendo a competencia do Alcalde "sempre que exista crédito orzamentario".

Logo de ver o establecido nas bases 52, 53 e 54 de execución do orzamento e constando nesta intervención as facturas remitidas polas diferentes áreas e que se relacionan de seguido:

Relación número 10.-

Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos.-

Nome	num_factura	importe_factura	data_factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	07 / 1965	902,65 €	30/11/2015	16/12/2015	c),e)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	07/2153	905,27 €	30/12/2015	30/12/2015	c), e)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	09 / 163	941,93 €	31/01/2016	05/02/2016	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	09 / 339	614,38 €	29/02/2016	10/03/2016	c)
SEGUR IBÉRICA, S.A.	0110030542	13.081,27 €	31/01/2016	05/02/2016	c)
TOTAL AREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS		16.445,50 €			

Área de Servizos.-

Nome	num_factura	importe_factura	data_factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	PO15142000009478	285,11 €	16/11/2015	11/02/2016	c)
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	PO15142000009959	370,94 €	17/12/2015	11/02/2016	c)
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	PI16142000010795 e s.	163.101,45 €	12/02/2016	12/02/2016	c)
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	pi15142000367895 e s.	31.895,59 €	18/02/2016	18/02/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	V-FACFV000724	56.908,57 €	29/02/2016	01/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	734	438,04 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	733	1.950,60 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	732	1.908,55 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	731	2.122,98 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	730	2,89 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	729	1.195,94 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	727	2.850,52 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
UTE SICE - PASSCO	726	2.799,63 €	08/03/2016	10/03/2016	c)
TOTAL AREA DE SERVICIOS		265.830,81 €			

TOTAL REC. PLENO 28/04/16 - RELAC. NÚM. 10	282.276,31 €			
---	---------------------	--	--	--

(*)NOTA:

Motivo do reparo (artigo 216.2 TRLHL):

- a) Cando se basea na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

INFORMO

O recoñecemento extraxudicial de crédito configúrase como un procedemento excepcional, conducente á conversión de actos que conforme ao ordenamento jurídico son nulos de pleno dereito.

Con todo, esta invalidez dos actos administrativos non exime á Administración da obrigaón de abono das prestacións realizadas por un terceiro ao seu favor, en virtude dun principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento doutro, isto é, a teoría do enriquecemento inxusto, nacendo así unha obrigaón ex lege. De modo que a Administración a través desta figura fai efectivos pagos aos que outro ten dereito, evitando os custos engadidos que suporía un procedemento xudicial.

Os fondos utilizados por calquera Administración son públicos, é dicir, de todos os cidadáns e precisamente por iso non poden ser manexados sen cumprir unha serie de requisitos mínimos establecidos

pola lei para asegurar que a Administración Pública sirva con obxectividade os intereses xerais e actúe de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconstracción e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito (art.103 Constitución).

En aplicación desta teoría á esfera local e para liquidar os problemas e as inxustizas que ás veces se producen, instaurouse o procedemento denominado de recoñecemento extraxudicial de crédito que permite recoñecer obrigacións que non foron tramitadas por falta de consignación orzamentaria ou por negligencias varias ou derivadas de actuacións irregulares diversas: contratacións verbais, modificacións de obras e obras accesorias non aprobadas formalmente, etc.

RESPONSABILIDADES DERIVADAS DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL.

A última cuestión que procede abordar é a relativa á posible responsabilidade das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregulares, e respecto diso pódense facer as seguintes consideracións:

O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixíranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramítaranse polo procedemento ordinario aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo de a Administración recollido nos arts. 145 e 146 da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en diante, LRJPAC) e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao seu servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben, negligencia grave (SSTS de 23-9-1994 e 10-5-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva a que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou negligencia grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliabile economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase nos arts. 19 a 21 do RD 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

- Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersonal son quen os dita.
- Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
- A responsabilidade esixible o é na medida en que se causar dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou negligencia grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
- Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou negligencia grave de autoridades ou persoal dela dependente.
- A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptibles de responsabilidade.
- A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
- En canto a responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Enxuízamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas hemos remitirnos á Disp Ad 19^a do R.D. Lei 3/2011, de 14 de novembro, que diferencia entre:

a.-Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AA.PP.derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración remitíndose á regulación contida no Título X da Lei 30/92 e no RD 429/03, de 26 de marzo.

b.-Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AA.PP. No suposto de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da RDL 3/2011, no suposto de que medie, cando menos, negligencia grave constituíndo falta muy grave e a súa responsabilidade esixirase conforme a normativa específica disciplinaria en función pública.

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos realizouse sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos ordenadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigaón que recoñezan, liquiden ou paguen sen

crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLHL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación, así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto nos artigos 20 e 21 do RD 429/1993, do 26 de marzo, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

O exposto pon de manifesto que existen diversos tipos de responsabilidade que podería esixirse ás autoridades e persoal ao servizo do Concello que interviñeron na actuación irregular, cuestión que deberá ser apreciada en cada caso polo propio Concello.

Réxime dos reparos.

Regúlase nos artigos 215 ao 218 do RD. Lexislativo 2/2004, de 4 de marzo, sendo, en sínteses o seguinte:

Se no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución.

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non foran fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Se, emitido o reparo, o órgano a que lle afecte non está de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

Polo anterior, emítese o preceptivo informe de reparo, consonte o artigo 216.2. do RD. Lexislativo 2/2004, polo motivo arriba indicado.

Conforme co artigo 217.2 do TRLHL correspóndelle ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

As facturas reparadas corresponden a gastos realizados unha vez concluído o contrato e que se repiten mensualmente e de forma indefinida no tempo; son por tanto de contía indeterminada polo que, ante a eventual superación dos límites previstos na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da LCSP, a competencia correspóndelle ao Pleno de conformidade coa Base 53 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2015.

Aínda que a Lei di que este reparo é suspensivo e lle corresponde resolvelo ao Pleno, neste caso, no que a prestación está executada, debe anudarse o réxime dos reparos ao do recoñecemento extraxudicial de créditos e ao principio do enriquecemento inxusto, polo que se entende que non hai tramitación ningunha que suspender nin discrepancia que resolver, de forma que, emitido o reparo, resta o recoñecemento extraxudicial do crédito polo órgano competente. Si que deberá suspenderse a execución de calquera gasto incurso nos restantes motivos expostos.

Ferrol, 13 de abril de 2016. O interventor,
Visto o informe da Intervención municipal e co ditame previo da Comisión Especial de Contas, e tendo en conta que as normas orzamentarias e a xurisprudencia reiterada declaran a obriga da administración de facer fronte ás obrigas adquiridas á marxe do procedemento legal co fin de evitar o enriquecemento inxusto, propóñolle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º- Levantar o reparo correspondente ás facturas que se indican.

2º- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito da relación de facturas núm. 10 desglosada na parte expositiva por importe de 282.276,31 €."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de nove votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común e Socialista, fronte a dous votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego e once abstencións, correspondentes ós Sres./as. membros do grupos Popular e Ciudadanos, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. MONTES CELEIRO: Ola, que tal, boa tarde. Trasladamos ó Pleno a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos, correspondente á relación de facturas 10/2016, tal e como foi debatido en Comisión. Unha cuestión que ata hai ben pouco levaba a nosa compañeira Eugenia. Entón, eu manteño a posición do meu grupo respecto desta cuestión tal e como foi o debate da propia Comisión.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Buenas tardes a todos. Yo aquí lo que tengo que manifestar, en primer lugar, es la sensación "ya vi" que tengo desde hace unos meses. Si ustedes han visto alguna vez "el día

de la marmota", esto es igual, es como la película, donde el personaje está siempre en un mismo día y siempre se repite sucesivamente lo mismo. Bueno, pues aquí en estos Plenos está pasando desde hace diez meses lo mismo. Y voy a explicar lo que va a pasar. Lo que va a pasar es que se nos va a hablar de un procedimiento excepcional y voy a decir que, efectivamente, es excepcional. Va a pasar que voy a decir que es un enriquecimiento injusto y que, por tanto, la Administración tiene que hacerse cargo y frente de unas facturas que, como dice el informe del Interventor, tienen que ser pagadas, pero deben de realizarse a través de un contrato, y formal.

En Ciudadanos les he dado también ya un plazo para intentar arreglar todo esto y seguramente el Sr. Concejal de Servicios nos dirá que, recordará que la situación es insostenible debido a la situación del Partido Popular.

Yo ese tema lo conozco y lo sé. Entonces, seguramente, y salvo que aquí se diga otra cosa muy distinta, yo hoy volveré a abstenerme. Ahora bien, lo que ya todos tenemos presente. Todos los grupos tenemos ya dos informes y yo querría preguntar es, que si tres de ellos dicen más o menos una cosa y uno de ellos, que es el del Interventor, posibilita, da una cierta vía pequeña, a otra, pero en todo caso pequeña, y el tiempo es vital. Yo la pregunta simplemente que hago y lanzo aquí es, ¿cuándo van a decidirse? Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Boa tarde a todos e a todas. A vía que deixa o Interventor aberta, pequena, pequena? non é. O que si é certo é que hoxe, unha vez máis, desde o Bloque Nacionalista Galego votaremos en contra deste procedemento irregular, que xa nos teñen acostumado, da mesma maneira que fixo o Partido Popular ó longo dos anos do seu mandato. Pero hoxe xa vemos algo máis. Xa sabemos que este goberno municipal, formado por dúas organizacións políticas desbota a opción de xestionar de maneira directa o suministro eléctrico nesta cidade. Existen dúas alternativas, tal como se recolle no informe, a desestimación ou a renuncia. E o que si xa sabemos, polos anuncios feitos por parte deste goberno municipal, é que vostedes renuncian á renuncia, co cal é obvio que aquel proceso ou aquela idea, que o que pretendía é desenvolver unha xestión pública dun suministro básico e fundamental para esta cidade, como é a xestión do suministro eléctrico, xa se dá por desbotada. Estamos a falar de que o procedemento aberto no momento actual supón un contrato por quince anos, que ademais son prorrogables. Supón case que 2,8 millóns de euros anuais de coste para os veciños e veciñas desta cidade. E ademais supón que en base a un informe de Intervención municipal existen defectos no procedemento de licitación deste contrato. Non sabemos exactamente cal é a decisión que vostedes pretenden tomar, pero, como digo, si sabemos que a opción de desenvolver o informe que acredite o interese público da xestión deste servizo non teñen ningún interese en desenvolverlo. Non o fixeron nos once meses que levan de goberno e parece que non pretenden facelo nos que lles quedan. Tampouco pretenden analizar cales serían os costes de indemnizar ás empresas que se presentaron a este procedemento desenvolvido polo Partido Popular, para poder valorar, en base a unha cantidade económica a decisión a tomar e tampouco pretenden xustificar a contratación pública en base á

necesidade de cubrir necesidades urxentes que este concello ten a obriga de desenvolver, como é a prestación do suministro eléctrico ós veciños e veciñas desta cidade.

Parece que nos vamos aclarando respecto de cales son as súas intencións e o que si queda claro é que a diferencia entre o que se nos propoñía desde o anterior goberno municipal do Partido Popular e o que nos están a propoñer vostedes é unha diferencia mínima e máis ben imperceptible. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, decir un poco que seguimos en la misma línea. Seguimos viendo como vienen una serie de facturas, que corresponden al servicio de mantenimiento eléctrico y al servicio de iluminación, que Pleno tras Pleno se nos dice. Bueno, se nos había anunciado en un principio que ya había acuerdo, que se iba a hacer de una manera. Bueno, el caso es no está arreglado, no se toma ninguna decisión, se anuncia -porque este es el gobierno de los anuncios- se anuncian, pero no se resuelve. Entonces, bueno, pues se nos ha anunciado que ya estaba resuelto. Se nos ha vuelto a anunciar que estaba resuelto. Sigue sin estar resuelto y, efectivamente, bueno, yo no sé el BNG de dónde saca la información de que ya se ha desestimado una de las opciones. Desde luego en Comisión no se ha tratado. Si ya se ha optado por algún tipo de servicio, bueno, se nos puede decir aquí y si no, bueno, pues instarles nuevamente a que se pongan de acuerdo y tomen una determinación para poder llevar esta cuestión de la mejor forma posible. Evidentemente pues nos vamos a abstener, pero, bueno, yo les recuerdo que a día de hoy, a falta de un expediente que todavía no nos han presentado, llevamos más de 2.127.000 euros en reconocimientos y estamos en abril, ¿no?. Muchas gracias.

SR. DÍAZ DOCE: Vou ser moi breve, porque hoxe a voz non me acompaña. Eu simplemente agardo que como no "día da marmota" o final da película sexa feliz para todos. En todo caso, vou facer simplemente dúas matizacións. Porque moitas veces dan por sentadas cousas que tampouco sei eu de donde saca esa información. En todo caso, a renuncia á renuncia é algo que o Bloque comenta. Eu non sei tampouco de donde o saca, porque de momento o único que hai son informes que teñen todos os grupos. Cada grupo pode facer a valoración que queira deses informes. Ver cal é a opción que máis convinte lle parece de acordo con eses informes e, polo tanto, estamos nese punto. Como dicía en Comisión, o informe do Interventor, evidentemente todos sabemos que o Interventor estes días non está e, polo tanto, eu entendo que a demora deste último mes ten esa explicación. En todo caso xa remato, porque mezclamos tamén moitas veces as cousas, eu simplemente quero aclarar. Unha cousa son os estudos e análises económicas que se poidan facer respecto de que forma de prestar o servicio é mellor ou peor ou máis económica ou menos económica ou convinte ou non convinte e outra cousa son as dificultades xurídicas que a día de hoxe poden existir para prestar un servicio ou non dunha determinada forma. E, como xa se dixo moitas veces, a situación de partida de cada un dos servicios ten implicación xurídica respecto da forma máis plausible de prestar ese servicio e que, en todo caso, a municipalización, que segue a ser un obxectivo deste goberno, como está claro dende o primeiro día, figura

no acordo de goberno, como se ten reiterado en todas as Comisións e Plenos, en todo caso, como tamén comentábamnos na última Comisión, para abordar con rigor calquera proceso de municipalización dun servizo debe facerse dende un marco de legalidade e tranquilidade, para que precisamente eses estudos económicos que hai que facer e ese expediente de municipalización que cómpre desenvolver, para analizar se un servizo é susceptible de prestarse mellor e directamente polo concello se faga de maneira axeitada. Moitas grazas.

SR. MONTES CELEIRO: Simplemente que este goberno tomara a decisión que mellor se axeite ós intereses colectivos desta cidade, cousa que xa vimos mantendo en todo este período de tempo e sentimos que ata o momento, con esas contradicións de informes non se puidese tomar unha decisión, pero, como digo, este goberno tomará esa decisión tendo en conta os intereses xerais da cidade.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu non sei se este é "o día da marmota" ou é "Memento", porque parece que desde o goberno municipal se esquecen do que eles mesmos afirman e declaran. Vostedes teñen feito declaracións públicas asegurando que en base a un informe da Intervención municipal había defectos que non eran subsanables no procedemento de adxudicación deste contrato e que, por tanto, a súa intención, eu xa non vou entrar se era unánime, pero que a súa intención era anular o procedemento iniciado polo Partido Popular e iniciar un novo procedemento de adxudicación mediante a xestión do suministro eléctrico a través dunha empresa privada. Eu non me estou inventando nada, unicamente estou reflectindo as declaracións que vostedes fan publicamente. Entón, xa lle digo, non sei en que película estamos. O certo é que os estudos económicos que hai que facer para determinar se ese servizo, que é de interese público, e a súa xestión pública é máis eficaz ou menos que se fai a través dun xestor privado, é necesario facelos. E o que é increíble é que vostedes argumenten agora que haberá que facelos, pero non empezan a facelos. Pero cal é a intención de seguir dilatando todo este proceso sen que vostedes teñan iniciada a xustificación de interese público da xestión do servizo, que tampouco creo que sea unha cousa tan complexa. En todo caso, o que será complexo e haberá que estudar dunha maneira máis pormenorizada como a través dun procedemento de contratación pública a Administración local vai a xestionar ese servizo. Pero xustificar que o suministro eléctrico, que é unha prestación obrigatoria ás Administracións Locais, ten un interese público, tampouco creo que sexa esta ningunha tese doctoral. E levan vostedes, non sei se once meses, dez meses ou canto tempo levan. Agora, para facer isto, supoño que tampouco necesitarán un comité de expertos.

E, segundo, determinar cales son as indemnizacións, tendo un prego que foi o que rexeu este procedemento para contratar o suministro eléctrico, cales serían as indemnizacións ás empresas que se presentaron a este procedemento, supoño que tampouco precisa duns informes que se avalen por ningún tipo de doutor. Por tanto, se vostedes non teñen feito nin o informe que acredite o interese público da xestión do suministro eléctrico parte da Administración Local, nin teñen determinado cales son as indemnizacións que habería

que pagarlle ás empresas que se presentaron a este concurso, é obvio que non teñen ningunha intención de que esto se faga mediante a xestión directa por parte da Administración Local, sabendo que existen concellos que o están a facer. Sabendo, ademais, que a xestión do suministro eléctrico non é viable ou non debería ser viable xestionala nun contrato de quince anos e que ademais é prorrogable e o feito de que vostedes ademais non teñan iniciado ningún tipo de análise ou de documentación para xustificar a contratación, sexa a través de persoal interino, sexa a través dunha contratación laboral por parte da Administración Local que poida xestionar este servizo, é que tampouco necesita moita máis explicación. E se vostedes non teñen claro cal é a decisión que van a tomar, non sei que é o que explican despois nas súas roldas de prensa. Non o sei.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Rivas. Solo para clarificar unha cuestión, que debemos de replicar. O mesmo informe de Intervención no que vostede basea o seu argumento, explicita que non cabe a renuncia dese contrato. O argumenta e detalla, xa se discutirá en Comisión se quere, pero así o explicita o Interventor nese informe, que a renuncia non é posible.

SR. RIVAS RICO: Se me permite. O Interventor non está a dicir eso e non é cuestión agora de poñernos a discutir sobre ese informe. O que está a dicir é que hai dúas posibilidades: A desestimación ou a renuncia. E a renuncia, o que hai que acreditar é o interese público. O que está a dicir o Interventor é que en base á lexislación hai que determinar como se vai facer esa contratación pública. Hai outros informes, que non son o do Interventor, que explican como se debería proceder a ese proceso de contratación pública, pero no informe de Intervención non existe ningún tipo de valoración sobre o feito de xustificar a renuncia. O que hai que facer é xustificala.

SR. ALCALDE: Bueno, debatiremos noutro momento sobre esto, pero manteño a miña posición.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, yo, casi de las dos películas me gustan. Yo diría que es "el día del Marmiento". Porque, efectivamente, es un poco de marmota, porque siempre venimos a hablar del mismo asunto y es "Memento", porque también nos olvidamos las promesas que se hicieron a la hora de la campaña electoral.

A ver, hablamos de los informes. La valoración de los informes que le haga cada grupo. Hombre, yo creo que quien la tiene que hacer, el primero que la tiene que hacer debe de ser el gobierno, valorar los informes y traer la propuesta, creo yo. Independientemente de que, obviamente, cada grupo, pues tendrá su opinión al respecto. Me alegro de que se respete el marco de legalidad, como se debe de hacer y se tiene que hacer, porque no hay otra forma de hacer las cosas, salvo que queramos acabar con líos.

Decir sobre el informe del Interventor. Es que, efectivamente, el Interventor viene diciendo lo que llevamos diciendo desde este grupo político pues no sé, los últimos once Plenos. No sé si llevamos. Pero, vamos, si no llevamos once llevamos diez. Es que si alguien quiere renunciar, pues lo único que tiene que hacer es demostrar el interés público. Demostrar lo que aquí de palabra se ha

venido diciendo un montón de veces y no se ha presentado ni un puñetero papel. Y viene a decir lo siguiente y es que no vale con decir "no, es que es mejor hacerlo de otra manera" o "es más barato hacerlo de otra manera", sin presentar ni un mísero estudio de nada. Entonces, si alguien viene y hace un estudio serio y dice que es mejor para el interés público de otra manera y más barato y no sé qué, pues, obviamente, se puede llegar a rehacer este proceso.

Y en cuanto al tema de los..., decir que obviamente no se hizo, no se ha presentado ningún papel que diga que se hace ni más barato ni mejor con ningún otro tipo de tal.

Y decir que, se habla de las indemnizaciones. Es que las indemnizaciones, estamos hablando no de acción en caso de que hubiese una adjudicación ya en marcha, que sería un proceso totalmente distinto. Es una adjudicación, es un proceso donde habría que indemnizar el coste de realización de las ofertas, que tampoco estamos hablando de millones de euros, ¿eh?. O sea, que no nos pongamos por delante los costes de indemnización y todo eso. No, lo que pasa es que seguramente lo más barato, lo mejor para la ciudad y la buena cuestión es llevar adelante esto porque se ha hecho correctamente. Nada más.

Vamos, llevan once meses. Ya va siendo hora de que tomen alguna determinación, sobre todo en una cuestión que nos afecta directa e indirectamente. Directamente porque es que, vamos, es una irregularidad muy grande mantener esta cuestión así y más no tomar ninguna decisión de si para arriba o para abajo.

SR. DÍAZ DOCE: Ben, como decía antes, todo o mundo ten xa, todos os grupos teñen os informes, todos os informes, tamén o informe do Interventor, eu esperaba que non sería cuestión de discrepancia o que poñen os informes. Pero, en todo caso, eu si que, en aras á precisión, e como tamén se fixo en Comisión, pois gustárame clarificar dúas cousas. O artigo 135 da Lei de contratos do sector público, establece dúas opcións no caso dun proceso coma o que está en curso. Unha opción é o desestimento, sempre e cando exista algún defecto formal ou legal no proceso de contratación. Nese suposto, no que exista algún defecto e se desista, é posible iniciar un novo proceso de contratación, no momento en que se produza o desestimento.

Por outra banda hai outra opción, a renuncia por interese público. Nese sentido, por un lado, habería que acreditar o interese público. Correcto. Pero, por outro lado, ese mesmo artigo o que di é que sempre e cando se produza a renuncia por interese público non se pode iniciar un novo proceso de contratación en tanto subsistan as causas de interese público esgrimidas para renunciar por interese público. E nese sentido, o informe do Interventor, como decía o Alcalde, e creo que non é discutible o que pon, pode ser discutible se estamos de acordo co que pon ou non, pero o que pon o informe do Interventor é que non cabe a renuncia por interese público, non porque non se puidera demostrar o interese público para xustificar unha renuncia, que de feito fai unha mención expresa a que podería xustificarse, senón que pola situación na que nos atopamos dende hai catro anos e once meses, de recoñecer facturas extraxudicialmente e traelas a Pleno e polo marco xurídico legal actual, que é hostil á contratación directa ou a outro tipo de fórmula transitoria, non é

viable buscar unha fórmula alternativa despois de proceder á renuncia. E creo que é bastante claro nese sentido. Xa digo, podemos opinar se estamos de acordo ou non ou argumentar se estamos de acordo ou non, pero o que pon o informe do Interventor creo que é pouco discutible, porque todos o temos e todos o podemos ler. E laméntoo, porque en todos os papeles que trouxen hoxe pois xustamente non trouxen o informe do Interventor, porque senón me tomaría a molestia de ler exactamente o que di o informe do Interventor.

En todo caso. Máis alá de xuízos de intencións, eu creo que o que se fixo, eu creo que ningunha decisión foi anunciada en ningún momento. Polo menos a min non me consta. Eu persoalmente non o fixen. O que se puido facer foi anunciar o que dicían os informes. En todo caso, amosar a percepción que cada un, do que facía a declaración nun determinado momento, tiña deses informes, pero eu non son consciente e seguramente, bueno, tomarei nota, como facía o protagonista de "Memento" apuntarme, tatuarme as cousas pola mañá para recordalas, pero eu non son consciente de que se fixera ningún anuncio en ningún sentido. Nin nun nin noutro. Seguramente hai que facelo, pero de momento aínda non se fixo. En todo caso, o que se amosou foi a opinión ou o sentimento que producían eses informes. En todo caso, como eu creo que a cuestión está, bueno, o suficientemente tratada ó longo dos Plenos destes últimos meses e toda vez que, xa digo, estamos falando ademais dun informe do Interventor e, como dicía antes, pois o Interventor nestas últimas semanas pois non estivo no Concello. Eu creo que toda vez que parte importante da decisión que hai que tomar, porque ademais, e insisto, non estamos a falar dunha decisión menor, senón dunha decisión que, como se dicía, compromete moitos anos, moitos recursos e ademais nese sentido o informe do Interventor se manifesta, eu creo que é convinte tomarse a molestia de acertar na decisión, ademais de tomar a decisión. Nada máis. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: -Sr. alcalde, yo quiero matizar una cosa y es que se ha dicho una inconcreción.

SR. ALCALDE: O matiz da marmota.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Es muy rápido. En cuanto a los anuncios. A ver, yo creo que su compañera de gobierno, que hoy no nos acompaña, pero anunció en este Pleno, y además trascendió a los medios, de la solución que iba a adoptar y el plazo de ella. Solo matizar eso. Pero bueno, en cualquier caso, aclarar también que el informe del Interventor no dice que sea insostenible. Lo que dice es que es insostenible que once meses después de estar rascando la cabeza se pare ahora el proceso para iniciar un estudio a ver si es más barato de otra manera. Eso claro que es insostenible, porque el estudio tenía que estar hecho.

SR. ALCALDE: Maticemos o matiz.

SR. DÍAZ DOCE: Simplemente recomendo que faga unha nova lectura ó informe e a farei eu tamén a ver se pon o que di o Sr. Alejandro Langtry ou se pon o que eu lin todas as veces que lin o informe.

SR. RIVAS RICO: Se é para matizar eu tamén matizo e á parte vou ser moi breve. Unicamente vou ler unha conclusión dun dos informes que vostedes nos entregaron e non vou entrar a valorala.

SR. ALCALDE: Pero de quen?

SR. RIVAS RICO: Do informe da Secretaría. Un documento que vostedes elaboraron...

SR. ALCALDE: Que informe era?

SR. RIVAS RICO: Con relación á renuncia. Esta tería que ser adoptada polo Pleno da Corporación, xustificando e acreditando no expediente as razóns de interese público para a mesma, procedendo ás correspondentes indemnizacións e informado á Comisión Europea, que vaia por Dios tamén. Pero, isto é o que hai que facer e que vostedes non fixeron. A conclusión que se saca é que, evidentemente, se vostedes o que pretenden é desenvolver un novo procedemento de contratación, non o poden facer mediante un procedemento de renuncia, teñen que facelo a través de desestimento. Pero a renuncia xustifica claramente a xestión directa por parte da Administración Local dun servicio básico como é un suministro eléctrico.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: -Sr. alcalde, ¿podría también matizar yo? Hablo poco, entonces cuando hablo...

SR. ALCALDE: Camarote dos hermanos Marx ...

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Yo lo único decir al Sr. concejal Díaz, que, efectivamente, nos ha leído prácticamente el artículo en sí de lo que es el desistimiento y la renuncia. He entendido que la renuncia, efectivamente, no van a proceder a ella, la única pregunta que hago es, ¿van a realizar un desistimiento, si o no? Ya está. Gracias.

SR. DÍAZ DOCE: Eu simplemente intentei reproducir, seguramente con pouco éxito, o que eu entendín do que lin do informe do Interventor. Xa digo, non creo que fixera ningún anuncio, o que intentei é explicar ós grupos, á xente que está no Pleno o que eu entendín do que poñía ese informe, pero non fixen anuncio en ningún sentido nin noutro, que quede claro.

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO E HOSTALERÍA DE FERROL DURANTE O ANO 2016.-

Examinada a proposta que eleva a Concelleira de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di: "A Concellería de Emprego ten entre as súas prioridades fomentar a promoción e modernización do comercio de proximidade e á hostalería da cidade como eixo vertebrador da economía local, para o que establece dúas liñas principais de axuda. Unha primeira liña de dinamización comercial e hostaleira e unha segunda liña de promoción da cidade.

Polo exposto nos parágrafos anteriores e en aplicación do establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co fin de dar cumprimento ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia en cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, é preciso a aprobación dunhas bases reguladoras de concesión de subvencións para

a anualidade 2016 dirixidas a asociacións de comercio e da hostalería para actividades do Concello.

No orzamento en vigor contéplase para o financiamento destas axudas a cantidade de 90.000 € dentro da aplicación orzamentaria 02104-2413-48000.

Por todo o anterior, e como concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, **propóñolle** ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente, segundo o seguinte detalle:

• Obxecto da subvención: **establecer as bases reguladoras da subvención para o comercio e para a hostalería de Ferrol na súa convocatoria do 2016**

• Importe: **90.000**

• Partida: **02104-2413-48000**

• Outras características: as recollidas nas bases reguladoras.

Terceiro.- Aprobar a convocatoria pública para a concesión de subvención dirixidas a asociacións para actividades de promoción e dinamización do comercio e hostalería de Ferrol durante o ano 2016, concedendo un prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Popular e Ciudadanos e dúas abstencións, correspondentes ós Sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. DÍAZ DOCE: Traemos aquí as bases das subvencións de Promoción Económica, non está hoxe o concelleiro de Promoción Económica e, bueno, como se explicou en Comisión, hai dúas liñas de subvención. Unha liña de axuda á dinamización comercial e de hostalería e outra liña de axuda á promoción da cidade e o crédito consignado na primeira delas é de 70.000 euros, na segunda delas é de 20.000 euros. O porcentaxe máximo de subvención do 80% e do 65% en cada un dos casos, bueno, fixando tamén os importes das subvencións. Como se fixo en Comisión e o explicou tanto o concelleiro saínte de Promoción Económica como a concelleira saínte de Facenda, estas liñas de axuda están negociadas e consensuadas coas asociacións de comerciantes de Ferrol e hostaleiros e, polo tanto, eu pido que se proceda ó voto a favor por todos os grupos, toda vez que, como digo, están consensuadas polos interesados e negociadas por este goberno. Moitas grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a ver, simplemente manifestar que, efectivamente, el grupo municipal Ciudadanos en la Comisión se abstuvo y esperó su voto, sencillamente para realizar una pequeña comprobación y hablar brevemente con las personas a las que iba dirigida esa subvención. Efectivamente, comprobado que sí ha habido un consenso, vamos a dar nuestro voto a favor. Gracias.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Decir que nos alegramos que este goberno bipartito haya decidido por fin dar

continuidad a la política de apoyo a la dinamización del comercio y la hostelería local, que se inició en el mandato anterior, en colaboración directa y con la participación de todo el tejido asociativo del comercio y de la hostelería de la ciudad.

Lo que sí echo en falta y lamento y que además es motivo de preocupación para los comerciantes y los hosteleros a los que se les ha obligado a cargar con un coste, con la promesa de que se le iba a resarcir, como en años anteriores, de ese coste de la iluminación, no va en estas bases, como iba en años anteriores. Una, generalmente las bases se quitaban antes de que terminase el año, pues para que se pudiese empezar cuanto antes con la dinamización y además se cobrase antes, pero en el caso de la iluminación especialmente. Entonces, se les ha prometido que se les iba a poner y no veo que vengan estas bases. Como en la Comisión de Hacienda no se nos aclaró correctamente cómo se les va a abonar a los comerciantes este gasto de la iluminación navideña, pues quisiéramos saber si se nos puede aclarar aquí hoy, más que nada para darles esa garantía de que se les prometió por parte del gobierno del pago de ese gasto. Muchas gracias.

En cualquier caso, evidentemente, estamos a favor de la propuesta que hoy se presenta aquí y votaremos favorablemente, pero nos gustaría saber lo qué falta, por qué falta y cómo se les va a pagar. Muchas gracias.

SR. MONTES CELEIRO: Seguindo un pouco a explicación que fixo o compañeiro Felipe naquela Comisión onde se trouxo esta documentación. Esta subvención foi pactada cos comerciantes e hosteleiros e simplemente se chegou a uns cambios respecto á regulación anterior seguindo esos propios criterios, o das liñas e o dos topes económicos. Entón, eu creo que, bueno, que nos felicitamos con eses votos favorables e esperemos que sexa unanimidade.

SR. DÍAZ DOCE: Eu simplemente, respecto do que se comentou e espero que nun prazo breve se dean os detalles de como se vai artellar esa outra liña de axuda, que anteriormente formaba parte destas bases. Eu creo que, bueno, xa digo, en breve prazo se explicará porque o que había anteriormente nesta bases era unha liña de axudas na que se incluía unha porcentaxe dos gastos de alumeadado navideño. Por parte deste goberno se entende que é mellor que non estea nestas bases, toda vez que ademais se ten manifestado a intención de que no futuro vaíamos a un sistema moito máis eficiente e transparente, no que o concello asuma directamente esa responsabilidade ata donde os recursos do concello así cheguen e así se decida e, polo tanto, nesa liña de mudar o sistema do que viñamos a outro novo, xa digo que en breves datas se explicará o sistema alternativo para esa cuestión. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: -Sr. alcalde, yo entiendo que le moleste que este grupo participe, pero francamente es nuestro trabajo. Venimos aquí a participar, entre otras cosas. Entonces, decir que me alegro que el concello quiera asumir íntegramente ese coste. Recuerdo que en el caso del barrio de la Magdalena, en estas últimas bases se les abonaba, si no recuerdo mal, hasta el 95% del gasto de iluminación y hasta el 80% en el resto de las zonas. En este caso fue por las obras que había en ese año en el barrio de la Magdalena. Pero

bueno, se les venía abonando hasta el 80% de ese gasto. Pero, como dije antes, el anuncio a futuro está bien. Bueno, está bien, estarán muy contentos los comerciantes de que el ayuntamiento vaya a asumir el coste de la iluminación, pero se le ha comprometido que estas navidades pasadas se les iba a pagar ese gasto. Las navidades han pasado, estamos en abril, estamos llegando al verano. Los comerciantes han tenido que asumir ese pago y no se sabe nada del compromiso del ayuntamiento, de cómo, de cuándo se les va a pagar. Y eso es lo que francamente, creo que más les debe de preocupar ahora mismo. Desde luego es lo que nos han transmitido.

SR. ALCALDE: Bueno, como xa quedou dito, que estamos estudiando esa fórmula, pasamos á votación deste punto.

5. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS. ENSINO E UNIVERSIDADE. ORZAMENTO 2016.- Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Ensino e Universidade, que textualmente di: "No orzamento do Concello do ano 2015, prorrogado para 2016, figura no anexo de transferencias, unha subvención nominativa a favor da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra por importe de 4.500,00 € para o programa educativo "Teatro con G" que se vén desenvolvendo nos últimos anos, dirixido ó alumnado de todos os niveis dende infantil ata bacharelato.

Vista a documentación presentada para a redacción do convenio deste ano, constátase que existe un incremento das actividades a realizar e dos gastos das mesmas, polo que se contempla o incremento da subvención en 2.000 euros.

Por outra banda, con data 4/12/2015 a Vicedirectora da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol solicita unha axuda económica para a publicación da revista escolar "Diálogo" prevista para este ano 2016, como xa se fixo ata o ano 2012, xa que a partir dese ano contaron con colaboración do IES Leixa para a súa impresión e renunciaron á axuda, polo que considerando esta iniciativa de grande interese académico se propón concederlle a mesma cantidade de 500 euros que en anos anteriores para poder seguir mantendo a publicación na que o alumnado se expresa nas seis linguas que se imparten (alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués).

O expediente foi informado favorablemente pola xefatura do Servizo.

Polo exposto e unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal e dictaminado pola comisión de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo, esta concellería delegada de Ensino e Universidade propón ó Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo de subvencións do orzamento municipal do ano 2016, incrementado en 2.000

euros o importe da subvención da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e incluíndo unha subvención de 500 euros á Escola Oficial de Idiomas de Ferrol:

ENTIDADE	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	ORGÁNICA	PROGRAMA	ECONÓMICA
Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CIF:G70018536)	Teatro con "G"	6.500,00 €	05003	3263	48000
Escola Oficial de Idiomas de Ferrol (CIF: Q6555626H)	Publicación revista "Diálogo"	500,00 €	05003	3263	48000

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de 15 días hábiles que se contarán dende o día seguinte á publicación do seu anuncio no BOP e durante o que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións.

A modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita, supeditada ó dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio.

DELIBERACIÓN

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: En primeiro lugar, boas tardes. Pedir desculpas pola miña tardanza, pero coincidía este Pleno co funeral por Miguel Fernández. Sabedes que é unha figura representativa da cultura. Como queira que ademais hai aquí nesta mesma sala pois algún dos retratos de anteriores alcaldes feitos por el, pois simplemente comezar tendo un recordo para esta persoa que faleceu recentemente.

Dito esto, paso ó que ten que ver co punto da orde do día. Simplemente había unha subvención que era á da Coordinadora de equipas de normalización lingüística de Ferrolterra, "Teatro con G", que é unha serie de representacións teatrais dirixidas ó público escolar de distintas edades. Pois pretendían facela máis ambiciosa. Pretendían, polo tanto, precisaban dun maior importe. Nós entendíamos que este programa de "Teatro con G" es realmente importante e está facendo un gran traballo no que ten que ver co coñecemento tanto do galego, da lingua galega, pero vinculado ó mundo do teatro e á educación. Pois, polo tanto, pedimos que se apoie esta subvención, que pasaría de ser de 4.500 euros a 6.500 euros. Tamén recuperar unha subvención realmente pequena, que son 500 euros á Escola Oficial de Idiomas de Ferrol para la publicación de la revista "Diálogo". Nos últimos dous anos deixou de darse, non sabía o motivo. A anterior concelleira explicou na Comisión que simplemente é que había deixado de publicarse a revista, non había interese por esa revista, por esa

subvención, polo tanto. Se recupera ese interese e nos parece interesante apoiar esa publicación de carácter cultural, didáctico, dunha institución clara, como é a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol. Nada máis. Gracias.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a votar a favor, evidentemente, de esta modificación. Simplemente precisar, bueno, que estamos de acordo con la publicación de la revista del "Diálogo" para la Escuela Oficial de Idiomas de Ferrol y también con el "Teatro con G". Lo único que manifestamos o matizamos es que se comentó en Comisión también que "Teatro con G" ya había pedido subvenciones en otras ocasiones y generalmente los 4.800 euros, que era el importe que tenían para subvención, quedaba incluso sin poder darse por falta de acreditación de facturas. En este caso se habla de que esas facturas van a realizarse también la publicación y el anuncio del evento y yo lo que rogaría, simplemente, es una fiscalización, como lógicamente se hará también, pero rigurosa de esas facturas para comprobar, efectivamente, que esos costes no superan lo que otras veces ha hecho el concello aparte. Y simplemente matizar eso. Gracias.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Nós simplemente, un Pleno máis, volver a lembrar, coa cuestión das subvencións, que non estamos de acordo con esta forma de repartir as axudas municipais, porque non é unha forma obxectiva de facelo, porque é discrecional e porque ó final acaba sendo unha decisión puntual dun concelleiro ou dunha concelleira que non é obxectiva. Entón, unha vez máis, como no resto das subvencións que levamos nestes últimos meses, queremos repetir iso.

Insistir tamén que, neste caso por exemplo, estas dúas subvencións pasan polo Pleno, pola modificación que comentaba o Sr. Basterrechea, de 2.000 euros para equipas de normalización ou porque a revista levaba dous anos ou tres sen subvencionarse desde o concello. Se non fose por iso nin siquiera pasarían polo Pleno, nin siquiera estaríamos debatendo esta cuestión hoxe. A min gustaríame preguntarlle, antes de nada, ó Sr. Basterrechea por que na proposta da Coordinadora de Equipas de normalización lingüística non se respectou a cantidade que pedían as equipas. O argumento que me vai dar, eu vou predicir o que me vai dicir e é que non xustifica, como dicía a Sra. Rodríguez Masafret, que a equipa non xustifica ás veces algunha das súas actividades.

O certo é que o que se presentou para "Teatro con G" é unha proposta con actividades pechadas, que pode que se xustifiquen ou non, pero son para actividades de teatro para fomentar a lingua, non son para flores, non son para outras cousas. No caso de que as equipas de normalización, por algunha cuestión someta as actividades, -todos podemos entender a complexidade de organizar algo así- non poida xustificar algunha desas partidas, non vexo cal é o problema para iso. Pero fundamentalmente o que nos chamou a atención é que nesta subvención, fálase agora de 6.500 euros. 2.000 euros máis, cando as equipas o que pedían eran 2.200-2.300 euros máis. É unha curiosidade simplemente. Nós ímolo aprobar igual, sabemos que desde as equipas non supón tampouco un problema grande isto, pero si que nos chamou a atención este redondeo.

No caso da revista da escola tamén imos apoiar, porque nos parece unha causa xusta, definitiva e aínda que non estamos de acordo con este tipo de axudas, loxicamente, a nosa postura vai ser que cando o obxecto ou o destino deste diñeiro sexa para cuestións que nós valoramos e que consideramos que son importantes para a cidade, pois ímolos apoiar.

E o que nos gustaría facer, outra vez máis, igual que fixen no Pleno anterior, é, para ser xustos, convidar a todas as entidades, a todas as asociacións de Ferrol a que soliciten estas axudas, a que soliciten para cubrir as súas necesidades, as súas actividades, axudas municipais para poder ter igualdade co resto de asociacións e entidades, que xa levaron un montón de axudas este ano e outras que as levarán. Nós sabemos que ó Sr. Basterrechea non lle gusta isto, pero queremos insistir en que o noso punto de vista é ese, animar a que se soliciten estas axudas.

E nada máis. Simplemente insistir en que este non é o mellor sistema e, simplemente, que se non é no orzamento deste ano, tal vez no 2017 poderían vostedes, como xa repetiron en numerosas ocasións que era a súa intención, pois facer un sistema de concorrencia competitiva para as subvencións nominativas. Grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, voy a empezar diciendo que nosotros no vamos a votar sobre las nominativas con un depende. Nosotros hemos presentado nominativos cuando consideramos que son importantes, cuando consideramos que la ciudad los necesita y porque es la mejor forma de que las entidades puedan gestionar sus recursos o los recursos que aporta el ayuntamiento.

La mejor forma ¿por qué? La mejor forma, claro, cuando hay presupuestos. Cuando hay presupuestos, a partir de enero las entidades saben con qué dinero van a contar, se pueden programar todo el año y no andan dependiendo de que se publiquen antes o después las convocatorias, y era una concurrencia, que lleve más que lleve menos, con lo cual su gestión, sobre todo en determinadas actividades, pues de carácter social y demás, donde la actividad se presta todo el año y no se presta pues de forma ocasional, pues son muy necesarias estas subvenciones nominativas y por eso nosotros decimos que las apoyamos o no, depende de si nos gustan o son de nuestro agrado o no. Nosotros somos favorables a las nominativas. Lo digo porque, bueno, parece que otros grupos políticos están en contra de los nominativos, salvo cuando son de su interés. Entonces, claro, cambien el discurso y apoyen las nominativas cuando sean buenas para la ciudad, como muchas que han venido aquí y como muchas que han votado en contra, sobre todo en el área de Bienestar. Que no voy a enumerar, porque son tantas. Pero, bueno.

En primer lugar, y antes de nada, quería decir que estamos de acuerdo con que se aprueben estas dos subvenciones nominativas que vienen con la propuesta. Pero a pesar de que estamos de acuerdo y que nos gustaría que se aprobasen, hemos de ser coherentes con el cumplimiento de la legalidad. Y, -Sr. alcalde, tengo que decirle que, una vez más, con esta propuesta que nos presentan están incumpliendo la normativa de los asuntos que se traen a Pleno, que son dos. Uno viene mal, que es este.

-Sr. alcalde, las bases de ejecución del presupuesto en vigor establecen lo siguiente: "Base nº 20, modificación y revisión del presupuesto. 1.- Constituyen modificaciones presupuestarias, además de las modificaciones de crédito, la modificación de los anexos de personal, así como las bases de ejecución y el anexo de subvenciones nominativas. 2.- El procedimiento que se seguirá será el mismo que para la aprobación del presupuesto: Propuesta, informe de la Intervención, dictamen de la Comisión Informativa de Hacienda, acuerdo plenario y exposición pública.

La base 21 dice que las tramitaciones de las modificaciones de crédito, que tienen objeto de publicidad en el BOP, en el punto 2º: El expediente se incoará por instancia de las jefaturas de los servicios que tengan a su cargo la gestión de los créditos, por orden del concejal delegado del área correspondiente.

Y en el punto 4º dice que el expediente será elaborado e informado por la Intervención, con la previa autorización del Concejal Delegado del área de Economía y Hacienda.

En este expediente que nos presentan consta únicamente una propuesta y un dictamen de la Comisión de Cultura. No existe dictamen alguno de la Comisión de Hacienda. Por lo tanto, este asunto viene dictaminado por un órgano incompetente y viene, por lo tanto, sin dictaminar. Es por ello que le propongo que este asunto quede sobre la mesa en tanto no se dé cumplimiento a la normativa y la propuesta se traiga correctamente al próximo Pleno o, si así lo considera, que por parte de la Intervención se nos informe ahora de la legalidad de votarla aquí, si la podemos votar o si se incumplen las bases de ejecución o si hay que modificarlo.

SR. ALCALDE: O Viceinterventor propón facer a votación do mesmo xeito, supeditado a un informe posterior de Intervención e pase por Comisión de Facenda, que é o trámite que falte.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Bueno, o dictamen é previo, que yo sepa. Previo dictamen de la Comisión de Hacienda.

SR. ALCALDE: Sigo o que o Viceinterventor propón.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Que conste en acta que el Interventor está de acuerdo y por mi parte...

SR. ALCALDE: Supoño que non o recurrirá xudicialmente.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: ¿Perdón?

SR. ALCALDE: Non van recurrir xudicialmente este tema, supoño?

SR. LANGTRY CAÍNZOS: No, no, no. De los que están recurridos judicialmente espero que pronto tengamos resolución.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: En primeiro lugar dicir que é verdade que estas subvencións nominativas teñen un punto de discrecionalidade e é verdade que ten, polo tanto, un pouco de capricho do concelleiro. Pero teño que sinalar que hasta agora polo menos deben de ter algo de xustiza, porque todas son apoiadas por aqueles que recriminan esta fórmula. Polo tanto entendemos que aínda que eu tamén considero que non é a mellor fórmula posible e en tanto e cuanto revisar todo eso, que non é sinxelo, pois polo menos vamos acertando con aquelas modificacións que entendemos, subvencións nominativas que entendemos que son importantes.

Dito esto, sinalar que a min en absoluto me molesta que veñan todas as asociacións, de feito recibo unha media de catro ó día, pola

tarde, sen ter dedicación, o cal pois dá conta de recibir bastante xente e a todas, creo, se pode consultar, trato de agradar ou aportar aquilo que necesitan e creo que a día de hoxe... Bueno, o outro día salían algunhas que se queixaban, pero en xeral non se queixan. E isto ten que ver tanto cunha subvención nominativa como a cesión dun espazo, a cesión, o traslado do piano a outro espazo, que tamén costa pois da orde de 1.000 euros e a Concellería de Cultura o que fai é poñer os recursos do concello a disposición de aquelas actividades que en xeral están desenvolvendo as asociacións culturais e que entendemos que son importantes para a cidade. Creo que ademais esa colaboración directa forma parte do noso credo político e, evidentemente, nesa liña traballamos.

Falábamos do tema, vamos a ver, por suposto se vai fiscalizar, para eso están os funcionarios e por eso agardo que sexan capaces de xustificar os 6.500 euros. Eu agardo tamén que sexamos igual de esixentes noutras publicacións doutras subvencións doutros eventos deses que enchen as calles de Ferrol, as rúas de Ferrol, de xente e demais e as publicacións tamén vaian, cada publicación é máis barata ou menos barata e demais. É verdade que dentro do mundo do deseño hai empresas que son máis caras que outras. Entendo que vamos entrar dentro duns prezos absolutamente legais e competitivos. Non se entendería doutra maneira, senón quedaría sen xustificar. E aqueles que traballan cos técnicos e cos funcionarios da sección saben de que son especialmente esixentes nesta materia e neste campo e, polo tanto, que ninguén poida ter ningunha dúbida. Ó concelleiro lle poden meter un gol, pero teño bos porteiros e defensas oportunos.

Dito isto, nada máis. Eu creo que si que é verdade que é unha subvención xusta e que é unha subvención que ten unha lóxica no que ten que ver de gasto con rendemento.

E creo que quería dicir algo máis, pero se me esqueceu. Así que o deixo. Aínda teño unha volta.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Varias cousas. O Sr. Langtry, que me comentaba que parece que aprobamos as subvencións por capricho. Non, non por capricho. Aprobámolas según o que nós consideramos que son os intereses da cidade e a nosa liña política, loxicamente, o que nos parecen xustas e non.

Volvemos a insistir, que non é a mellor forma de repartir as axudas. Porque vostede dicía que é a mellor forma, que así as entidades se poden xestionar. Poden xestionarse as entidades que reciben axuda, porque as que non reciben axuda xa non teñen problema de xestión ningún, porque non teñen ningún diñeiro público que xestionar. Ademais, nós o que defendemos é que se estableza un sistema de reparto que sexa xusto e obxectivo, como dicía o Sr. Basterrechea, pero tamén lembramos, queremos lembrarllas aquí a todos vostedes que a responsabilidade de crear ese sistema non é nosa, que somos todas persoas que estamos na oposición, no grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego. A responsabilidade é do Sr. concelleiro, do goberno. Nós expoñemos cal é a nosa postura e desde o goberno, desde o primeiro mes que estamos aquí nesta Corporación, se nos di que comparten a nosa postura, pero non se fai nada. Entón, nós volvemos a insistir en que si, consideramos que ese é o sistema máis xusto.

E, logo, lembrarlle unha cousa ó Sr. Basterrechea. Nós aprobamos todas as iniciativas que se trouxeron aquí, todas as propostas que puidemos votar, porque os 50.000 euros da Semana Santa non tivemos opción de votalos. Entón, todas... -bueno, vale, 35-, non puidemos votalos. Bueno, si, deixámolo.

A diferenza é simplemente a que dicía, que nós non somos quen gobernamos, entón a responsabilidade de amañar este tipo de cousas é súa. Insisto en que moitas das subvencións, e vostedes sábeno, non pasaron polo Pleno e en moitos casos nin sequera temos detalle exacto da contía que se destinou. Nada máis.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, toda vez que, efectivamente, nos dice el Sr. Interventor que podemos votar, pues votaremos. En cualquier caso, yo insisto que en cualquier recurso que se haga a este tal, en trámite administrativo, pues evidentemente el resultado será el que corresponda. Pero votamos a favor y, bueno, pues agradecer un poco ese cambio de criterio al Bloque Nacionalista Galego, porque, bueno, pues bienvenidos al club de los que votamos para las cosas buenas de Ferrol, pero espero que continúen con esa línea todas aquellas nominativas que se presenten, cuando la Cocina Económica, cuando muchas otras, que son de muchísima necesidad, de mucho interés, cuando espero que las voten también a favor y si no les recordaremos cuáles son sus prioridades. Muchas gracias.

SR. MONTES CELEIRO: Como é o día dos matices, eu dicir que na páxina Web do Concello de Ferrol aparecen publicados os contratos e subvencións. De feito aparecen algunhas con data do 28-4, como se pode comprobar, como digo, na propia páxina Web.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Vamos a ver. Eu non teño medo a gobernar e polo tanto asumo a responsabilidade de todo o que fago e todo o que traigo aquí e é claro que é a miña responsabilidade e por eso o traigo esto aquí agora.

Agradecer que unha vez máis esta proposta vai saír, entendo, por unanimidade; o cal, volvo a dicir, como na anterior ocasión, me fai moi feliz. Dito eso tampouco me recordo do que quería dicir, debía de ser unha tontería para quedar un pouco máis listo que os demais. Así que procederemos a seguir.

6. DAR CONTA DAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO, DENDE O 16 DE MARZO ATA O 20 DE ABRIL DE 2016:3.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Servizos Sociais, que textualmente di: "Ao abeiro dos datos proporcionados pola "Delegación del Gobierno para la Violencia de Género", o concelleiro que subscribe dá conta ao Pleno da Corporación do número de mulleres falecidas por mor da violencia de xénero, dende o 16 de marzo ata o 20 de abril de 2016:

1 Número de mulleres falecidas entre o 16 de marzo e o 20 de abril de 2016: 3."

A Corporación deuse por enterada.

7.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DUNHA EMPRESA MUNICIPAL DE TRANSPORTE.-

Examinada a moción que presenta o grupo municipal do BNG, que textualmente di: "O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, apresenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción

Exposición de motivos

O servizo de transporte público na nosa cidade, e máis concretamente o servizo de autobuses urbanos é moi deficiente tanto na zona urbana como na zona rural onde nos atopamos con escaseza de liñas e unhas frecuencias de paso ridículas.

A situación actual é inasumíbel. Nunha cidade cunha poboación cada vez máis envellecida, consideramos que o transporte público é unha das prioridades a desenvolver polo goberno municipal. E ademais cómpre ter en conta os factores medioambientais xa que reducir as emisións de gases contaminantes melloraría a calidade medioambiental da cidade. Investir nun transporte público de calidade significará tamén reducir os custes económicos dos veciños e veciñas en relación co transporte privado e axudará a resolver os problemas de mobilidade e seguridade dunha poboación cunha media de idade moi alta, ademais de contribuír a desenvolver a política urbanística vertebradora do concello disuadindo do uso do automóbil.

Ademais a Xunta de Galiza está a acometer unha flagrante deixadez de funcións, ao non controlar o cumprimento dos obxectivos do plan de transporte metropolitano, limitándose a desenvolver unha actuación meramente formal, de financiamento, pero sen achegar solucións concretas ás necesidades de transporte da nosa cidade.

Na actualidade, a sentenza do Tribunal Supremo que anula as prórrogas concedidas no ano 2010 ás concesións de transporte metropolitano definen un escenario totalmente aberto. É nese contexto, co horizonte do vindeiro ano 2017, no que o Concello debe redefinir o servizo co obxectivo de que este preste un adecuado servizo, en horarios e frecuencias que cubran as necesidades sociais dos veciños e veciñas de Ferrol, tanto da súa zona urbana como da rural.

O actual contexto permite que o Concello poida asumir a xestión das liñas urbanas, coa constitución dunha empresa pública de transporte que en colaboración coa Xunta de Galiza dea servizo a Ferrol unha cidade cunha poboación confinada ao uso do transporte privado e que está a sufrir ao mesmo tempo o desmantelamento dos precarios servizos ferroviarios actuais.

Á vista do anteriormente exposto o grupo municipal do BNG propoñemos a adopción dos seguintes Acordos

1. O Pleno insta ao goberno local a esixir á Xunta de Galiza a titularidade da concesión deste servizo na nosa cidade, co fin de poder prestalo nas condicións adecuadas desde a propia administración local co financiamento axeitado para o mesmo. Así mesmo o Pleno oponse á prórroga das concesións que foron declaradas ilegais polo Tribunal Supremo.

2.- O Pleno do Concello de Ferrol insta ao goberno local á creación dunha empresa municipal de transporte co fin de desenvolver un plan urxente de mellora, do transporte público, aumentando os horarios e os servizos para dar cobertura ás necesidades sociais do concello, tanto no ámbito urbano como no rural, e prestando especial atención á cobertura do transporte aos centros de saúde.

3.- O Concello de Ferrol, a través da empresa municipal de transporte, planificará de maneira conxunta cos concellos da comarca as liñas e frecuencias do transporte urbano."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de dous votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego e vinte abstencións, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Popular e Ciudadanos, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que a situación do transporte público nesta cidade é de absoluta precariedade. Eu creo que resulta obvio que o actual modelo, baseado nun plan de transporte metropolitano e nun sistema de concesións a empresas privadas non resolveu esta problemática. E desde o BNG presentamos esta moción, porque no actual mandato e no momento actual danse as condicións para que poidamos resolver esta situación que levamos décadas acarreado. E isto podémolo facer por dous motivos concretos. Por unha parte, porque o plan de transporte metropolitano, que define os servizos, as frecuencias e as paradas, está prorrogado ate finais de 2016, exclusivamente, e, por outra, porque o Tribunal Supremo vén de anular a prórroga desenvolvida polo Partido Popular no ano 2010, respecto da concesión das liñas de transporte a empresas privadas. É dicir, temos ata finais de ano o tempo suficiente para redefinir as liñas, os servizos, as frecuencias e as paradas sen ningún tipo de limitación. Pero neste contexto, que é un contexto irrepetible, no que non teríamos que recurrir a ningún rescate de concesións no que o plan de transporte metropolitano lle restan meses para que expire e que, por tanto, este concello non tería ningún tipo de compromiso adquirido, atopámonos cun goberno municipal que en lugar de aproveitar estas circunstancias, fai todo o posible para dar continuidade ó actual modelo de transporte público na cidade e que se algunha conclusión obxectiva podemos tirar dese modelo actual é a precariedade na que se atopa. En lugar de iniciar este camiño, cara á constitución dunha

empresa pública de transporte, coa participación doutros concellos, este goberno propón a succión, novamente, do plan de transporte metropolitano e a prórroga das concesións ás mesmas empresas que o xestionan actualmente.

Por outra parte, como aconteceu no anterior debate, xa deixa de resultar chamativo que digan unha cousa e que fagan outra. Lémbrolles que en xullo de 2014, os dous grupos que conforman o actual goberno votaban neste Pleno a favor da constitución dunha empresa pública de transporte e lémbrolle tamén ó Partido Popular que nese momento argumentaba que existía un estudio magnífico da Axencia de Ecoloxía Urbana, cunha proposta de transporte público, con novas rutas, pero que como existía un contrato concesional non era aplicable nese momento. Pois ben, xa non existe o contrato concesional porque o Partido Popular pretende prorrogar ese contrato nos mesmos termos en que se cuestionaba no ano 2014, pois para nós é unha incógnita. Dicían vostedes en 2014 que o Partido Popular sería o primeiro interesado en aplicar isto. Referíanse á remunicipalización do servizo de transporte, pero é que as concesións lles impedían camiñar cara a ese obxectivo. E, como lles digo, xa non hai o problema do rescate concesional e o que non sabemos que é o que lles impide no momento actual demandar isto. O certo é que semella que tanto uns coma outros empregan a demagogia para se referir a este problema e a outros desta cidade e que cando teñen a posibilidade de actuar doutro modo compórtanse do mesmo xeito. Nese mesmo ano, no ano 2014, o Partido Socialista suxería que a encomenda de xestión podía facerse dende o concello e argumentaba para isto o feito de que o Partido Popular acababa de facer uns días atrás unha encomenda de xestión respecto do ciclo da auga e, que casualidade! que vostedes como Partido Popular hai uns días acaban de anunciar a prórroga do convenio con Augas de Galiza para a xestión da depuradora, algo que evidencia que ata nestas cuestións se parecen ó anterior goberno do Partido Popular. Pero bueno, ese tema debatirémolo máis adiante noutra moción e deixáremolo para ese momento.

O certo é que estamos a falar de dúas concesións en relación coa que xestiona a empresa Rías Altas e en relación co que ten que ver co transporte metropolitano que dá servizo a Cedeira, Meirás e Castro e Porta do Sol, o propio documento, un documento elaborado por este concello indicaba que este corredor diminuíu de forma sustancial a súa oferta en transporte público nos últimos anos e que, por tanto, é un servizo destinado a usuarias e a usuarios cautivos. Un documento elaborado polo Partido Popular para naquel ano 2014 proceder a unha reestructuración das liñas sen que ninguén llo pedira.

En relación coa rede do transporte na zona rural, explicaba que a funcionalidade do servizo era moi escaso, debido á falla de recorridos, de frecuencias e de horarios.

E respecto da situación económica coa que se pretendía xustificar a reestructuración, o propio informe sinalaba que a redución da demanda so se podía explicar polos cambios desenvoltos na explotación, creando un servizo caótico, irregular e heteroxéneo.

Nese mesmo documento indicábase que as reestructuracións acometidas deseñáronse co fin de maximizar a rendabilidade da empresa e afectando gravemente á funcionalidade do servizo.

Ese documento desenvolvíase en base á documentación que facilitaba o operador e sinalábase que a empresa tivera beneficios nos últimos tres anos. Indicaba ese informe que o operador sobreimputaba costes á concesión e aínda admitindo o problema derivado dun mal servizo, sen horarios regulares e frecuentes, propoñían esa reestructuración. Esta concesión, vostedes agora pretenden prorrogala e asumen esta prórroga. O mesmo acontece respecto da outra concesión que xestiona Tranvías del Ferrol. Da propia información que transmitía e aportaba o operador observábase que os servizos en horario laborable tiñan un resultado positivo, que ademais existían diferenzas entre a información, que reflectían nas contas anuais da empresa e as presentadas pola propia empresa e o coste fundamental da xestión desta concesión eran costes de persoal. Isto implicaba que unha redución de liñas e de servizos suporía o despedimento de persoas que estaban a desenvolver o seu traballo en base a esta concesión e que, por tanto, era tamén produto dunha mala xestión e definición da mesma concesión. E aínda así vostedes pretenden darlle continuidade, novamente, coa prórroga das concesións que a Xunta pretende desenvolver.

Diciámoslle ó goberno anterior que nunca os veciños e veciñas desta cidade estiveran máis desprotexidos, pero parece que incluso nisto vostedes queren facerlle competencia ó Partido Popular e o que desde o Bloque Nacionalista Galego lles intentamos demandar é que fagan algo en función dos intereses dos veciños e veciñas da cidade e non das empresas concesionarias. Que non desaproveiten as oportunidades que se lle presentan, porque unha situación coma a actual non se vai a poder volver a repetir. E o que nos preguntamos é cal é a xustificación que teñen vostedes para non reclamar á Xunta de Galiza a concesión das liñas anuladas polo Tribunal Supremo. Por que vostedes reivindicán isto no Concello de Santiago de Compostela, aproveitando esa sentenza e no Concello de Ferrol practican o contrario? Ou por que asumen vostedes un plan de transporte metropolitano sen cuestionalo o máis mínimo, cando, a pesar de que é a Xunta de Galiza quen desenvolve este plan, debe ser asumido polos concellos no que se desenvolve?

Tampouco ten ningún tipo de xustificación a cuestión da viabilidade económica por parte da xestión pública deste servizo e a conclusión que sacamos desde o Bloque Nacionalista Galego é que ó fin vostedes, máis que ningún cambio respecto do anterior goberno municipal, o único que están a supoñer é un recambio para que todo siga igual. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Moitas grazas. Antes de continuar, a constancia, creo que a tedes todos os grupos, unha emenda presentada polo Partido Socialista e Ferrol en Común á documentación, que o grupo nacionalista xa ten no seu poder e logo se debatirá se se admite ou non.

Bueno, logo se dará lectura na quenda de palabra.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: La Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local establece, efectivamente, la obligación de prestar

servicio de transporte público urbano en aquellos municipios que sean de más de 50.000 habitantes. Eso es cierto. Pero es que el mayor asombro no es el no querer o el no saber, es simplemente un problema de financiación, entendemos. Ese problema además no solamente ocurre en Ferrol, sino que ocurre prácticamente en todas las sociedades medias que no llegan a ciudades grandes, porque además España es el único país de la Unión Europea que no cuenta con sistema, una regulación estatal que establezca las bases y criterios necesarios para regular y organizar los criterios de financiación para transporte público. Efectivamente, son importantes los criterios sociales y medioambientales, pero no pueden ser los únicos, también es muy importante observar y fijarse en criterios económicos y financieros, simplemente pues si se pueden asumir o no. Hablo así..., si son asumibles.

En el transporte público, en general, se financia a través de los impuestos generales y muchas veces entendemos que hay servicios públicos prioritarios, mayores que éste, que hacen que fondos que son genéricos al final se utilicen para otras cuestiones y se releguen un poco, efectivamente, y se deje el servicio público de transporte atrás.

En todo caso, y volviendo a Ferrol, teniendo en cuenta todas estas cuestiones, la deuda que tiene Ferrol acumulada, los gastos fijos del concello, que en los presupuestos anuales son grandes y que por tanto tienen un margen pequeño de gasto no comprometido, hacen que el sugerir una empresa pública y remunicipalizar un transporte público, pues necesita o exija de un mayor sistema de recaudación y que, en todo caso, se pague a través de impuestos o si no depender totalmente de subvenciones. Porque lo que sí está claro es que hay muchísimos compromisos y muchas urgencias que son tan importantes o más que ésta, como puede ser la reforma y solución en barrios castigados, como el de Recimil, San Pablo o servicios básicos también en la zona rural, como es el tema del alcantarillado. En fin, que hay muchos temas, o incluso partidas de Bienestar Social, que también son muy importantes. Entonces, creo que debemos adaptarnos simplemente y quizás en un momento donde, efectivamente, se pueda financiar y demás, pues sería lo loable. Efectivamente.

En todo caso, en esa moción lo que ustedes no aportan es ningún detalle numérico ni aportan datos ni estudios ni informes que puedan evidenciar que el transporte público que están proponiendo no sea muy costoso y podamos mantenerlo. Entonces, en ese sentido, quiero recordar también que el pasado 31 de marzo fue aprobada la moción presentada por Ciudadanos, en la que se instaba a la Xunta, efectivamente, no solamente a una mayor aportación económica sino también una regulación de la líneas. De las negociaciones existentes y por las noticias del periódico, tenemos que decir que esas negociaciones fueron infructuosas. Efectivamente, la Xunta ha dado la espalda en el aspecto de, por mucho que se instara desde el Concello de Ferrol no ha aportado más capital para este plan metropolitano. Y también es cierto que, bueno, la estructura de las líneas tampoco parece que se vaya a modificar.

Sin embargo, también en este Pleno, lo que sí existe la moción y sí se aprobó, es el compromiso del gobierno a aumentar en los

presupuestos y a dotar de una partida suficiente para que las demandas básicas exigidas por la ciudadanía, que fundamentalmente eran las rutas a los hospitales y las frecuencias en Serantes para la universidad y en el rural, pudieran darse satisfacción. Y en ese aspecto yo entiendo que ese compromiso sigue vigente y que esas rutas que van a dar solución en parte a un sistema público de transporte que sí podemos financiarnos o sí podemos pagar, pues se vayan a realizar, con lo cual entiendo que la moción en sí, ya digo, sin cifras y demás es muy difícil salvar que pueda existir una financiación que podamos permitirnos. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias y buenas tardes a todos. Bueno, volvemos en este Pleno a tratar un tema que realmente es de trascendencia en nuestra ciudad y la verdad es que nosotros vamos a defender, sin ninguna duda, pues la necesidad de mejorar el transporte urbano en nuestra ciudad, porque evidentemente hace falta y más teniendo en cuenta que los últimos datos pues apuntan a un mayor envejecimiento, cada vez más, en nuestra ciudad, que desde luego también justifica un impulso en el transporte colectivo. Como bien decía la Sra. Rodríguez Masafret, y ya lo tenemos comentado en este Pleno, el transporte urbano es una competencia exclusiva, una competencia propia de los ayuntamientos, no es una competencia de la Xunta de Galicia y todos sabemos la particularidad que tiene Ferrol, que es que no tiene un transporte urbano propiamente dicho. Y, efectivamente, la Administración Local es quizás la Administración más adecuada para captar las particularidades y las necesidades de los ciudadanos a la hora de fijar las prioridades en materia de transporte urbano. Y es por eso por lo que no podemos descartar que la opción de acudir a la constitución de una empresa municipal de transporte pueda ser una opción válida.

Decía, Sr. Rivas, que nosotros justificábamos no optar por esa opción, porque había unas concesiones vivas, y es que eso es la verdad, es la realidad. Evidentemente, cuando hay unos títulos concesionales dejarlos sin efecto tiene unas repercusiones económicas, unos costes económicos que en muchos casos aconsejan no dejar sin efecto los mismos. Claro, pero es que no fuimos nosotros los que exigíamos en este Pleno la constitución de una empresa municipal de transporte. Es que lo dijimos el mes pasado, es que el partido del alcalde, del que hoy es el alcalde, era el que defendía y exigía en este Pleno la constitución, y además de una forma reiterada, la constitución de esa empresa pública de transportes.

Entonces, yo creo que hoy quien tiene que contestar es el gobierno municipal. Nosotros no estamos gobernando, Sr. Rivas. Y yo pregunto, ¿qué piensa hacer finalmente este gobierno con el transporte urbano? ¿Va a recuperar esa concesión? Porque, bueno, existe esa posibilidad. ¿Le va a exigir a la Xunta esa concesión para poder prestar este servicio, este servicio competencia municipal, a través de una empresa pública de transporte? ¿Van a ser ustedes coherentes en alguna cuestión o van a seguir haciendo lo contrario de lo que antes decían? Es lo que ustedes nos tienen que decir, porque son ustedes los que están gobernando. Ahora bien, igual que digo esto, porque yo no lo prometía, ni nuestro grupo lo prometía, sino otros, también es cierto que hace falta definir. Hace falta definir

un plan a seguir. Hace falta tener claras las cosas que se van a hacer. Desde luego creo que para constituir una empresa pública hace falta hacer números previamente para valorar la viabilidad, la rentabilidad, las cuestiones jurídicas, el coste, en definitiva, que una decisión de estas puede tener para nuestros vecinos. Entonces, empezamos por el principio, que es hacer números y valorar la viabilidad de esta decisión. Desde luego, creo que la peor decisión de un gobierno es seguir mirando a otras Administraciones y seguir pues básicamente diciendo "no me hacen caso" "los demás no me atienden", cuando estamos hablando de competencias propias. Es que cuando hablamos del convenio metropolitano, la Xunta lo que hace es abonar el 80% del billete del transporte metropolitano. Y la Xunta, que yo sepa, está cumpliendo con esa obligación, el 20% restante lo abona el concello. Es más, la Xunta también se hace cargo de los trasbordos. Exactamente igual que pasa en el resto de las ciudades. Y eso es lo que hay que exigirle a la Xunta. Y que yo sepa la Xunta lo está haciendo. Ojo, ahora estamos hablando de transporte urbano, estamos hablando de paradas, estamos hablando de que en el Pleno del mes pasado, ustedes, el gobierno, aprobó una moción en donde se comprometían a ampliar determinadas líneas y paradas. Ferrol Vello, Hospital Naval, Novoa Santos, más frecuencias en la parada de la Universidad en Serantes, la entrada en Navantia, aumentar también líneas y frecuencias en el rural. Bien. Nos parece fantástico que aprueben esa moción, pero yo les pregunto, no basta con aprobar mociones, ¿cómo van a ejecutar ese compromiso que asumieron el mes pasado?

Hoy leíamos en prensa, porque aquí por Comisiones y básicamente por Comisiones no nos enteramos porque casi no se hacen, hoy leíamos en prensa que van a invertir 200.000 euros en el transporte urbano. Sí que es cierto que cuando profundizábamos un poco más, la noticia era: "En el próximo presupuesto incorporaremos 200.000 euros para la partida de transporte urbano". Bueno, si tenemos presupuesto, porque, si seguimos esta velocidad, me parece que acabará el año antes.

Y yo me pregunto también. Es que en estos últimos años la partida de transporte urbano era de 280.000 euros. Explíquenme si esto es un incremento o, claro, vamos a definir bien los términos de esos 200.000 euros a qué van a estar dirigidos. Porque hasta ahora eran 280. Entonces, ¿estamos hablando de la misma...? Bien, por eso pregunto. Creo que hay que definir exactamente de lo qué estamos hablando y para cuánto van a llegar esos 200.000 euros, a qué los vamos a destinar en concreto. Claro, estas son las cosas de las que hay que hablar. Y que la Xunta cumpla con sus compromisos. Por supuesto. Pero, ojo, ahora quien está gobernando en Ferrol y quien tiene la competencia en transporte urbano es este gobierno y yo por eso pido una hoja de ruta clara, si va a haber o no va a haber empresa municipal de transporte, si lo van a estudiar, si no lo van a estudiar y, por supuesto, cómo van a dar cumplimiento a la moción del mes pasado.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Boas tardes. Bueno, dende o goberno estamos de acordo na exposición de motivos da moción en xeral, xa que, como se debatiu en outras ocasións, as carencias do transporte

público da cidade fan que sexa unha das maiores demandas en mellora da mobilidade urbana.

En canto ós acordos a tomar nesta emenda, entendemos que o rescate da concesión ten que vir relacionada coa creación desa empresa municipal, doutro xeito e mentras non haxa un orzamento suficiente os perxudicados serían os usuarios, non? Ó recuperar a concesión perderíamos ese aporte do convenio da Xunta. Entón entendemos que é necesario replantexar o transporte público, replantexar esta emenda.

En canto ós acordos a tomar, para poñer en orde os puntos e primeiro pois acordaríamos: Instar ó goberno local á elaboración dun estudio de viabilidade para poder crear unha empresa pública de transporte metropolitano, participada polos concellos da área urbana, do agregado urbano, co fin de desenvolver un plan urxente de mellora de transporte público, aumentando os horarios, os servicios e dar cobertura ás necesidades sociais, tanto no ámbito urbano como no rural. E pedimos o apoio a esta emenda á moción.

SR. MONTES CELEIRO: Como se fixo mención á moción do Pleno pasado. Eu recordo que esa moción fora modificada, porque había unha moción xenérica que falaba de melloras do transporte e eu persoalmente dicía que apoiábamos esa moción e esa proposta así en específico, aínda que nos gustaba moito máis a anterior en xenérico, porque precisamente estamos con un proceso aberto, participado, sobre transporte e sobre mobilidade.

Ese debate que tivemos, colectivo, en Ferrol, no Foro Cívico que reiniciamos en decembro, unha das cousas máis sensibles das que falaba a cidadanía foi precisamente o transporte, como nos movemos, como nos movemos dentro da cidade, como nos movemos entre outras áreas da comarca, porque a mobilidade non é unha cuestión que entenda da límites municipais. Nesa liña de diálogo que intentamos coa Xunta entre os diferentes concellos, pois eu creo que a posición dos alcaldes e das alcaldesas desta comarca foi conxunta, foi unha posición consensuada, incluídos concellos de Narón, de Fene e demais.

Este proceso participado que empezamos hai pouco, pois é un proceso aberto que levará a tomar unha serie de decisións, sendo claros nesas cuantías económicas que podemos incrementar con fondos propios e tendo claro tamén que é un traballo que non unicamente remata nin no 2016 nin no 2017, senón que é un proceso de indagación, de ter unha información das necesidades que a cidadanía plantexa e traballar conxuntamente en tratar de solucionarlos.

Como digo, non é unha cuestión, e eu escoitando ós veciños e ás veciñas de Ferrol nas varias reunións xa que levamos, pois hai moitas cuestións que saen a debate, non é unicamente unha cuestión dos autobuses, non é unicamente unha cuestión do tren, que si que o é, pero hai moito máis de fondo, porque, claro, as demandas son que ás oito da mañá en cada punto pois haxa un autobús para ir a un centro de saúde. Esa é unha necesidade clara. Pero é unha cuestión de difícil cumprimento. Entón, o debate está en que temos que ser capaces de atopar alternativas, que neste concello se fixeron traballos tamén sobre iso, sobre o que poda ser por exemplo o transporte e a demanda, porque ó mellor é moito máis eficaz e moito

máis económico pois xestionar algún tipo de taxi subvencionado socialmente para cubrir a esas persoas que ó mellor, como digo, en todos os puntos non se pode poñer un bus.

Os veciños e as veciñas desta cidade van a ser conscientes da aportación económica deste concello e onde podemos chegar, sendo claros. A xente tamén entende que as limitacións son as que son e se tratará de consensuar aquelas rutas ou aqueles horarios que haxa que mellorar e será unha decisión, como digo, pois tratada en común. Entón, eu agradecería tamén que o BNG tivese en conta a moción e convidaría ós grupos tamén que participen nestas reunións, porque realmente nos dá a idea de que os veciños e as veciñas entenden bastante da problemática do transporte, que van a ser bastante empáticos coa decisión que se tome, se somos claros e conscientes de que as limitacións que ten este concello pois son as que son e que igual a Xunta en vez de tratar ás cidades por igual, ó mellor nunha cidade ou nunha comarca coma esta, especialmente degradada, podería facelo nunha cuantía maior.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu, en primeiro lugar dicir que, bueno, non vamos aceptar a emenda por varias razóns, pero a primeira é porque vostedes mesmos nese ano 2014 o que estaban é a propoñer a constitución dunha empresa pública, tanto por parte do Partido Socialista como por parte de Esquerda Unida, en mocións que presentaron a debate neste Pleno municipal. Instaban á Xunta á constitución desa empresa pública de transporte nesta cidade e porque, como vostedes parece que o que pretenden é obviar o debate. Falaba a representante do Partido Popular das cousas que hai que falar, pero obviaba a cuestión de que as concesións están anuladas, de que o plan de transporte caduca neste ano 2016 e falaba agora o representante de Ferrol en Común que o debate estaba en que os problemas eran diversos e complexos, pero obviaba tamén estas dúas circunstancias. Parece claro que por parte das organizacións políticas do Partido Popular, de Ferrol en Común e do Partido Socialista, o que se pretende é dar continuidade ó actual modelo, baseado nun plan de transporte metropolitano e seguir xestionando o transporte público mediante concesións a empresas privadas.

Comentaba a Sra. Masafret, bueno, falaba da necesidade de desenvolver as cifras para chegar a algún tipo de clarificación para saber cales eran as posibilidades de desenvolver este transporte público nesta cidade. O certo é que o primeiro que temos que asumir é cal é o noso obxectivo. E se o noso obxectivo é a constitución desa empresa pública de transporte.

En todo caso, se vostede quere falar de cifras tampouco pasa nada porque o fagamos e o certo é que unha das concesionarias do transporte en Ferrol facturou no ano 2012 2,1 millóns de euros, cunha aportación das Administracións Públicas de 600.000 euros e cun resultado, nese ano 2012, dunhas perdas de 100.000 euros. Isto quere dicir que cunha aportación de 700.000 euros por parte das Administracións Pública, a xestión do transporte público nesta cidade non sería deficitaria e estamos a falar dunha situación na que as condicións nas que se está a prestar este servizo son absolutamente precarias, donde os ingresos están absolutamente limitados polo feito de que para os veciños e veciñas do Concello de Ferrol é

absolutamente inútil o transporte público porque non se adecúa a estas necesidades. Que pasaría se adecuásemos esas liñas, eses servizos e esas frecuencias ás necesidades do concello? Non teríamos ningún tipo de problema para xestionar este servizo e, en todo caso, se esta situación é practicamente rendible, porque hai que lembrar que esas empresas concesionarias tiveron beneficios en anos anteriores, hai que lembrar, ademais, como non vai ser rendible para unha Administración Pública, que supostamente non ten como obxectivo a prestación do servizo, exclusivamente polo rendemento económico, senón por prestar un servizo nas mellores condicións posibles ós veciños e veciñas, neste caso do Concello de Ferrol.

Quero referirme tamén ó Partido Popular, no sentido de que é certo que vostedes no momento actual non están gobernando, pero é obvio que se vostedes no ano 2014 sinalaban que o problema para a constitución desa empresa pública de transporte eran as concesións e hoxe esas concesións están anuladas, a coherencia que vostede reclama ó goberno municipal creo que deberían vostedes primeiro aplicala sobre vostedes mesmos. Esa falla de coherencia se traduce no feito de que a súa organización política, o Partido Popular pretende prorrogar unhas concesións anuladas polo Tribunal Supremo desde o goberno da Xunta de Galiza.

E estas si son as cousas das que hai que falar, basicamente o feito de que as concesións están anuladas, por tanto deberíamos reclamar a súa xestión por parte da Administración Local e que o plan de transporte finaliza no ano 2016 e, por tanto, non temos por que asumilo e deberíamos definir cal é o noso proxecto de transporte público para esta cidade.

E, repito, tamén nos resulta chamativo como o Partido Socialista reclama á Xunta as liñas de transporte no ámbito rural, no Concello de Santiago de Compostela, baseándose nesta sentenza que anula as concesións, esta sentenza do Tribunal Supremo, e no Concello de Ferrol quere obviar a situación e non pretende esixir nada á Xunta para poder cando menos mellorar un servizo que eu creo que se algo podemos estar todos e todas de acordo e que no momento actual non serve para case nada.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Rivas. Se me permiten, como eu estiven presente na Comisión, facer unha serie de puntualizacións.

En primeiro lugar facer autocrítica. Si que é certo que tal vez debérase convocar unha xunta de voceiros onde informar de todos eses asuntos. Entón non teño ningún problema en recoñecelo así. Convocarase nos próximos días para explicar máis polo miúdo este tema.

Simplemente puntualizar que o plan de transporte metropolitano é unha competencia da Xunta de Galicia, cando exceda dun concello, do termo municipal dun concello. Non é de Ferrol, do Concello de Ferrol. Que Ferrol saíse dese plan suporía un conflito claro con Neda, Narón, Fene, etc, porque non estaríamos integrados na liña do plan.

En segundo lugar, esta postura foi consensuada recoñecendo todos os concellos que hai un problema gravísimo co transporte público e unha nula resposta por parte da Xunta de Galicia en canto a servizos ferroviarios, transporte por autobús, autoestradas, etc, e foi consensuada pois co Alcalde de Narón, de Terra Galega; co Alcalde

de Fene, do Bloque Nacionalista Galego, con alcaldes do Partido Socialista, con alcaldes do Partido Popular, como un mal menor para non deixar sen esa subvención de 900.000 euros, que podemos considerar ridícula, eu así o considero e vai tentar ser suplida con 200.000 euros anuais a maiores do que xa está orzamentado, que tamén cabe preguntarse pois que se fixo nos últimos catro anos cando a situación do transporte público actual pouco variou respecto a 2011, non hai ningún tipo de mellora de liñas.

E, por outra banda, tamén quero resaltar que é certo que a zona rural está completamente abandonada, trataremos de melloralo e que consideramos dende o Concello de Ferrol e así se manifestou á Directora Xeral de Mobilidade, que as concesións non cumpren cos servizos que teñen obrigación de prestar e que a labor de inspección -non é por desviar a atención, pero que é así, así está regulado- a labor de inspección é unha competencia da Xunta de Galicia, que debería vixiar, porque as empresas concesionarias cumpran cos servizos.

E, por outra banda, e xa remato, que non me gusta intervir como moderador nos Plenos. E simplemente significar que a sentenza da que fala o Sr. Rivas ten un incidente de execución pendente, polo que non é firme. Tamén é recurrible en amparo ante o Tribunal constitucional. Eso non impide que sexa executable, pero que as liñas que afecta tiñan prórroga ata 2019 a grande maioría delas e que, como digo, non é aínda firme, pendente dese incidente de execución. Dende logo, a crítica unánime de todos os alcaldes e creo que os que defendemos que servizos públicos comarcalizados son moito máis eficientes, conseguimos nesa Comisión facer unha crítica unánime, manter unha posición unánime e considerar todos unanimemente que este era o último ano polo que os servizos públicos de transporte poderían estar nesta situación, que necesitábamos un cambio de modelo xa. E xa remato.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias. Yo con respecto a la enmienda que acabo de tener la oportunidad de leer y con respecto también a las reflexiones que el Sr. Iván Rivas está realizando, simplemente manifestar que difícilmente, yo, bajo mi punto de vista, sí instaría al Concello de Ferrol para que hiciera un informe o elaborara un informe sobre un estudio de viabilidad de una posible empresa pública, para transporte urbano, nunca metropolitano por la competencia de la Xunta. Y, claro, me pregunto yo, si la Ley Reguladora de Bases de Régimen Local nos exige o deberíamos de cumplir con un transporte urbano público en aquellos municipios de más de 50.000 habitantes, como es el caso, y no lo tenemos, difícilmente vamos a poder tener un servicio público metropolitano.

En todo caso, sigo diciendo, no es que no nos guste la idea o que no haya que mejorar el servicio. En eso estamos todos de acuerdo, creo yo. Aquí lo que hay que intentar es, con el dinero que tenemos y la financiación que podamos conseguir, el conseguir el mejor transporte para la ciudad y para los ferrolanos. Y en ese aspecto entiendo que se podría hablar, efectivamente, de intentar llegar a saber cuáles son los costes de un transporte urbano propio. Saber los costes. Simplemente. Y mientras, pues mejorar las líneas y aquí el

compromiso del Sr. alcalde y del gobierno, pues a Ciudadanos ya nos llega. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias. Bueno, yo le iba a completar, ya se lo comentó el Sr. alcalde, la sentencia no es firme de momento, Sr. Rivas. Eso en primer lugar.

En segundo lugar, no sé qué me quiere decir con la coherencia. Es que o bien ya trae el mensaje aprendido y no nos escucha. Yo le he dicho en mi primera intervención que no tenemos ningún problema con la constitución de una empresa municipal de transporte. Lo único que antes de acordar la constitución de una empresa municipal de transporte hay que hacer números. Eso es lo que nosotros opinamos, hagamos números, veamos la viabilidad, veamos la conveniencia, veamos si hay perjuicios derivados de esa opción o si hay beneficios que pesen más sobre los perjuicios. Es lo que estoy diciendo, Sr. Rivas. Yo no estoy oponiéndome ni a la constitución de una empresa pública, por ser pública, por supuesto, ni tampoco me estoy oponiendo a que este gobierno recupere y exija a la Xunta la titularidad de la concesión. Yo no he dicho eso en ningún caso. Ahora bien, los que prometen o los que querían la empresa pública de transporte, primero, usted es el que lo pide. Tiene una postura fácil, que está en la oposición y simplemente lo salva con pedirlo y punto. Pero es que los que hoy están gobernando antes lo exigían y el problema lo tienen ellos, que antes lo exigían y ahora son los que están gobernando. Esa es la diferencia entre ellos y ustedes. Entonces, claro, definamos cuáles son los objetivos. Porque hasta ahora nadie del gobierno ha dicho si vamos apostar por la creación o no de una empresa pública de transporte. Yo lo que digo es que para poder optar o para poder valorar esa opción primero hay que hacer los números. Es lo que estoy diciendo. Hagamos los números y lo valoremos entre todos. A priori decidir, desde luego no me parece lo más responsable.

Y para terminar, Sr. alcalde. La verdad es que usted diga que Ferrol salga de ese convenio metropolitano, que el problema de salir de ese convenio es generar un conflicto. Mire, vamos a ser serios y vamos a decir la verdad. Salir del convenio metropolitano supondría que los vecinos de Ferrol pasarían de pagar el billete de bus, creo que no me equivoco, de 80 céntimos a pagarlo a 1 euro 40 céntimos, o 1,50 euros. Bien, esa es la realidad. Si salimos del convenio obligaríamos a todos nuestros vecinos a cargar con este coste. Claro, desde luego, si ustedes valoran esa posibilidad, desde luego nosotros no consideramos que eso sea beneficioso precisamente para los vecinos de Ferrol.

SR. ALCALDE: Eso chámase conflicto.

SRA. ANEIROS BARROS: A ver, Sr. alcalde, vamos a ser serios. Pregúntele usted a un vecino que esté por ahí, por la calle Real paseando, si el ve un conflicto entre pagar 0,80 o 1,50, si él lo ve un conflicto o elegiría fácilmente cuál es la opción más adecuada. Claro.

SR. ALCALDE: Buscaremos "conflicto" no diccionario.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Aclarar, y yo creo que lo hemos dicho bastante claro, que desde el gobierno sí entendemos que el servicio de transporte debe de ser gestionado directamente por el municipio, pero que necesitamos un estudio de viabilidad y, de acuerdo con la

exposición de motivos de la moción, creemos que tenemos que ordenar esos puntos y esos acuerdos para que tengan el orden adecuado para poder llevar a buen fin esta propuesta. Y es, hacer primero un estudio de viabilidad, sobre todo económico, dado que hasta el día de hoy pues la aportación económica del concello eran 280.000 euros, comprometemos este años, en ese borrador de presupuesto, 200.000 euros más para poder reestructurar el servicio aumentando las líneas que tenemos y sin que tenga repercusión por parte de los usuarios. Y los números que aportaba el Sr. Rivas, en que decía que la empresa, con 700.000 euros, que sabemos que no es la aportación que hemos hecho hasta ahora, sería viable. Bueno, pues habría que verlo, porque los números de otras ciudades de dimensiones similares, pues hablan de una aportación municipal de 3 millones de euros en el caso de Lugo, o 5,5 en el caso de Orense y pues habría que hacer ese estudio de viabilidad.

Por otro lado, pensamos también que esa empresa de transporte tiene que tener carácter metropolitano, porque Ferrol no se acaba en el Puente de las Cabras, la ciudad real va más allá y tenemos que intentar llegar a acuerdos con los concellos vecinos para que esta empresa de transporte pueda gestionar el transporte también de los usuarios de otros concellos.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, eu primeiro unha cuestión de matiz. A ver, esto é Ferrol en Común, non ten nada que ver coa situación de 2014. Non entender eso significa non entender nada e creo que xa van varias veces que o manifestamos e creo que tampouco costa tanto referirse ós grupos tal e como se denominan e tal e como están compostos e o que é a súa natureza.

Dito isto, como digo, nosoutros si temos en consideración o que é o pensamento da cidadanía respecto a esta problemática, aportaremos todos aqueles documentos e traballos previos que ten o concello, como ese plan de mobilidade, como ese transporte, a demanda da que se falaba e todas aquelas cuestións que consideren os veciños e as veciñas desta cidade.

Como dicía tamén no principio e como din tamén os veciños nestas reunións, a mobilidade non é unha cuestión unicamente municipal, polo que o transporte é comarcal, porque mover nos movemos ó longo do territorio, non nos movemos unicamente ó longo do municipio. E ten que ser unha reflexión colectiva importante, porque moitas veces cal é a causa de que o transporte colectivo en Ferrol non funcione moitas veces co nivel de pasaxeiros adecuado. Pode ser o prezo, 1,50, poden ser os horarios, pode ser o sistema de rutas. Porque en algunhas rutas que a simple vista podan parecer atractivas, que comunican barrios poboados con zonas comerciais e con centros sanitarios e o número de viaxeiros é escaso. Igual temos que facer un debate profundo na cidade, favorecer precisamente o transporte colectivo e non o transporte individual, porque así, se no caso de querer acometer e ter unha empresa municipal de transporte ou unha empresa mancomunada de transporte, pois teremos unha empresa mancomunada de transportes cun rendemento e non cunhas perdas, porque, xa digo, que hai rutas que polo seu deseño, así, a simple vista parecen atractivas e seguen sen funcionar. Ferrol é unha cidade que ten certa dependencia do transporte individual e xa digo que

temos que afrontar ese debate colectivamente. E este goberno ten a intención de afondar ese debate colectivamente, traballando sobre el, non só cara o 2016 ou 2017, senón nuns horizontes, como digo, cara a un tempo curto, o sea, a medio e longo prazo.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu intentarei ser breve. Unicamente dicir que eu reclámolle coherencia ó Partido Popular, porque coherencia é que se existe unha sentenza que aluga unhas prórrogas que permitiría a xestión pública por parte dunha empresa de transporte municipal, non recurrir esa sentenza. E vostedes están a recurrir a esa sentenza. Por tanto están a actuar de maneira absolutamente incoherente, sobre todo cando vostedes argumentaban que o único problema que había para crear unha empresa de transporte público eran as concesións. Se esas concesións están anuladas, por que as recurren? Porque o certo é que o seu argumento e por eso tamén quixera dicirlle que non se preocupe, que non se sairán do convenio, que o goberno municipal está absolutamente de acordo con vostede nestas cousas en moitas outras máis e o seu argumento é o mesmo que acaba de expresar o Sr. alcalde. O seu argumento é que a sentenza non é firme. O argumento que comparten co Partido Popular. Un argumento que comparten os grupos que conforman o goberno e que por tanto avalan que por parte da Xunta de Galiza se poida recurrir esta sentecia e, xa lle digo, non se preocupe que non se sairán do convenio, aínda que me sorprende ese reproche polo feito de que pode acontecer se o Concello de Ferrol se sae dese convenio, se a Xunta de Galiza fora o noso adversario. A Xunta de Galiza fai unha aportación económica para o transporte nesta cidade e nos concellos da comarca. Supoño que non haberá que asumir todo o que nos diga a Xunta de Galiza para que poida facer unha aportación económica que favoreza ós veciños e veciñas, non ó goberno que estea neste momento no Concello de Ferrol. Por tanto, non nos ameace co feito de que se nos salimos del convenio nos van cobrar un coste polo billete de transporte público que vai ser inasumible para os veciños e veciñas desta cidade. Se non existe o convenio, se non existe o plan de transporte metropolitano, supoño que a Xunta de Galiza terá que facer esa aportación económica para que o Concello de Ferrol poida xestionar un servizo en función das necesidades dos veciños e das veciñas. Non o fará exclusivamente polo feito de que o desenvolva a Xunta de Galiza. E é certo que o plan de transporte metropolitano é unha competencia da Xunta, pero o concello poderá asumilo ou non poderá asumilo. E o que si quedou claro é que vostedes o asumen e que vostedes e outros concellos, eu non sei se fala vostede en nome deles, en todo caso, como eles tampouco están aquí presentes, referinme unicamente ó seu posicionamento. Recoñece que hai un problema, pero a solución que propoñen para o problema é seguir a desenvolvelo en base ó mesmo modelo que estivo a desenvolver o Partido Popular. Porque o certo é que se pretenden vostedes facer unha aportación a maiores de 200.000 euros, máis os 600.000 euros que se estaban a aportar por parte das Administracións Públicas para a xestión desas concesións nese plan de transporte metropolitano, isto é suficiente para que os ingresos que se están a xestionar mediante esas concesións, desenvolver unha empresa de transporte pública, de ámbito local e que despois poderemos coordinar e consensuar co resto de concellos da comarca. En

todo caso, supoño que para poder desenvolver o estudio de viabilidade o único que teñen que facer é inicialo, iniciar ese estudio de viabilidade. O que pasa que da mesma maneira que co subministro eléctrico, para poder iniciar ese proceso de remunicipalización, o primeiro que hai que facer é demostrar e argumentar que é un servizo de interese público para os veciños e veciñas desta cidade. E da mesma maneira que no suministro eléctrico non tiñan ningún interese en facelo, parece que tampouco teñen interese en facelo respecto do transporte público. Porque se o seu obxectivo non é a constitución desa empresa é coherente que así sexa. Lamentamos a súa indefinición e a incoherencia compartida co Partido Popular respecto dun tema que é transcendental para esta cidade. E eu, repito, para rematar, o feito de que a situación actual non é unha situación que se vaia a poder repetir no futuro. As concesións están anuladas e o plan de transporte está a rematar e a caducar a finais do ano 2016. Hai o tempo suficiente para definir ese modelo de transporte e que vostedes renuncien a el é unha renuncia máis nestes dez-once meses que explica, como xa dixen respecto do suministro eléctrico, que parece que nada cambia nesta cidade.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Rivas. Eu non sei se leu a emenda que presentamos, onde se di que o "o Pleno insta ó goberno local á elaboración dun estudio de viabilidade". E di que nos negamos a facer ese estudio...

Bueno, votamos a moción.

8.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Ó SANEAMENTO DA CIDADE.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do BNG, que textualmente di: "O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, apresenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción

Exposición de Motivos

Hai algo máis dun ano que os veciños e veciñas desta cidade iniciaran un proceso mobilizador que mesmo chegou a saturar o rexistro municipal coa presentación de recursos pedindo a derogación da taxa de saneamento e a devolución do importe dese recibo.

Ten transcorrido un tempo máis que prudencial sen que se coñeza que é o que o Goberno Municipal actual, saído das eleccións municipais de maio de 2015, ten previsto facer con esta taxa municipal, que de momento se atopa simplemente suspendida.

É máis, durante este tempo téñense producido acontecementos e desvelado informacións que pola súa transcendencia cómpre ter en conta, e mesmo durante o mes de xullo pasado os veciños e veciñas desta cidade sufrimos restriccións na rede de abastecemento municipal por problemas na potabilización da auga. A día de hoxe a comisión de investigación anunciada polo goberno local está paralizada.

Así mesmo, durante o mes de Agosto pasado confirmouse algo que todos e todas intuíamos. A depuradora da cidade, despois de décadas de abandono, non depuraba. Isto non impediu que nos cobrasen por este servizo máis de 800.000 euros no remate do ano 2014 e sen que a día de hoxe coñezamos cando se nos vai devolver o recibo cobrado.

Na actualidade os convenios asinados polo PP no anterior mandato seguen vixentes e as súas condicións tamén. O convenio coa empresa ACUAES obriga aos veciños e veciñas da cidade a pagar as obras da infraestrutura de saneamento que se están a desenvolver na cidade e que deberían estar rematadas a finais do ano 2015, o que provoca que aumenten os custos que terán que asumir os veciños e veciñas de Ferrol.

O convenio con Augas de Galicia implica que o Concello de Ferrol ten que xestionar unha infraestrutura obsoleta e que no momento actual non funciona como é a EDAR. A encomenda de xestión asinada con EMAFESA establece que os veciños paguemos unha taxa para custear as obras incluídas no convenio con ACUAES, a posta en funcionamento da rede que supón máis de 2M de euros e polo servizo de depuración das augas residuais do Concello que segue sen existir.

Ao engano do PP sobre a EDAR súmaselle a incomprendible actitude do actual goberno local, que se nega a revisar estes acordos nen a cuestionar un deseño de rede unitaria, irracional e insostible económica e medioambientalmente.

Esta actitude resulta incomprendible e descoñecemos que máis ten que pasar para que o goberno esixa responsabilidades ao Estado e en concreto ao Ministerio de Fomento e de Medio Ambiente polo estado deficiente dunha depuradora que construíu a administración estatal, así como polo retraso nas obras e na posta en funcionamento desta infraestrutura. O Concello de Ferrol debe romper o convenio coa Xunta de Galiza polo cal se lle entregou aos veciños e veciñas desta cidade unha infraestrutura obsoleta. Este goberno ten que tomar algunha decisión respecto desta infraestrutura que nunca entrou en funcionamento, e non facer responsábel destas deficiencias aos veciños e veciñas da cidade.

É máis, a semana pasada coñecemos a decisión do alcalde de Ferrol de prorrogar o convenio asinado con Augas de Galiza, que implica que o Concello de Ferrol ten que seguir a xestionar a EDAR, unha infraestrutura obsoleta e que no momento actual non funciona. Cremos que cómpre rachar coa encomenda de xestión asinada con EMAFESA para a posta en funcionamento da rede e polo servizo de depuración das augas residuais do Concello que, tal e como se asegurou desde o Goberno Municipal nunca se produciu e debería ser por tanto causa suficiente para rachar o contrato por incumprimento deste.

Á vista do anteriormente exposto o grupo municipal do BNG propoñemos a adopción dos seguintes **Acordos**

1.- O Pleno do Concello de Ferrol acorda non prorrogar o convenio de xestión asinado entre o Concello de Ferrol e Augas de Galiza para a xestión da EDAR de Ferrol e romper a encomenda de xestión feita á empresa EMAFESA.

2.- Instar ao goberno local á suspensión do Convenio asinado entre o Concello e a empresa pública ACUAES co obxectivo de que sexa o Estado quen asuma os custos derivados da execución e posta en funcionamento dos interceptores xerais da marxe dereita da ría de Ferrol

3- O Pleno do Concello de Ferrol Insta ao goberno Local a esixir ao Ministerio de Fomento a que asuma as obras de reparación das deficiencias da EDAR de Ferrol.

4- O Pleno do Concello de Ferrol aproba a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, e insta ao goberno local a desenvolver, de xeito inmediato, os trámites administrativos para dar cumprimento a este acordo.

5.- O Pleno do Concello de Ferrol insta ao goberno local á devolución do importe da taxa de saneamento cobrada indebidamente aos veciños e veciñas desta cidade nos primeiros meses do ano 2015."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de once votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros do grupo Popular e Ciudadanos, fronte a dous votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego e nove abstencións, correspondentes ós Sres./as. membros de Ferrol en Común e Socialista, acordou rexeitar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Desde o BNG propoñemos, unha vez máis, neste Pleno municipal, a adopción das medidas precisas que teñan como obxectivo final a xestión pública do servizo de abastecemento e saneamento nesta cidade. Facémolo porque deste goberno municipal se volve a actuar da mesma maneira en que o fixo o Partido Popular e se pretende, tal como se anunciou estes días, prorrogar o convenio con Augas de Galiza para a xestión da Edar desta cidade. Poderíamos lembrarilles as súas palabras, cando se alegraban da posición que mantiña o Bloque Nacionalista Galego e afirmaban que compartían esa postura desde o goberno total e absolutamente. Dician vostedes que ese era o camiño que estaban a percorrer. Parece que se están a desviar un pouco dese camiño e que decidiron dar continuidade ó iniciado polo Partido Popular no anterior mandato. Prorrogar o convenio con Augas de Galiza, que desenvolveu o anterior goberno do Partido Popular, non fai máis que confirmar isto. Un convenio que remata o 8 de xuño e que non só decidiron non romper, a pesar de que Augas de Galiza lle entregou ó Concello de Ferrol unha infraestrutura como a depuradora que non funcionaba e con deficiencias, senón que ademais pretenden prorrogar. Unha declaración de intencións por parte deste goberno, que explican cales son os seus obxectivos finais. E pretenden argumentar que se fai para poder

mancomunar a xestión do servizo, cando esto se pode facer sen ese convenio e cando, ademais, en todo caso ese mesmo convenio xa recollía esa posibilidade. Unha infraestrutura recepcionada pola Xunta de Galiza, con deficiencias e que despois o Partido Popular lle entregou ó Concello de Ferrol para que a xestionase con esas deficiencias e o concello á súa vez lla entregou a Emafesa para que desenvolvese eses traballos. E vostedes o que pretenden facer é o mesmo, prorrogar o convenio e, por tanto, a encomenda de xestión á empresa Emafesa. Porque a pesar de ter asegurado que a depuradora non funciona nin funcionou e ser este o obxecto da encomenda, vostedes non pretenden romper ese contrato. Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos preguntarlle que é o que mudou respecto das decisións que adoptou o Partido Popular no anterior mandato, o mesmo convenio con Augas de Galiza, o mesmo convenio con Acuaes e a mesma encomenda de xestión con Emafesa, e ademais despois dunha crise da auga, na que se cuestionou a xestión de Augas de Galiza e o sistema de potabilización e do que desde aquela non volvimos a ter noticias. Todo isto acontece mentras o Ministerio de Fomento, a través da empresa Acuaes, nos pretende cobrar 2,7 millóns de euros máis pola construción dos interceptores xerais da marxe dereita da ría de Ferrol. 2,7 millóns de euros causados polo seu atraso na execución dunha obra que no resto do Estado pagou o Estado e que aquí non só pagamos nós, senón que temos que asumir a deficiente xestión e incumprimentos na construción dunha obra que pagamos, pero sobre a que non podemos decidir nada. Algo ante o que vostedes parece que permanecen mudos. Non só mudos, senón que, como se informou polo responsable de servizos deste goberno, Acuaes vai a xestionar a imposición dunha nova taxa sobre os veciños e veciñas da cidade. A tarifa variable que recolle o marabilloso convenio con Acuaes e que se negan a cuestionar e que implica que á tarifa fixa pola construción de infraestrutura deberemos sumarlle agora a tarifa variable para a súa xestión. Isto que semella unha broma que desde o Partido Popular se cuestione, porque é o modelo que eles propuxeron e desenvolveron, eso si, en colaboración co resto de organizacións estatais hoxe aquí presentes, é o que vostedes agora hoxe pretenden invalidar. Pero o que non é ningunha broma é que este goberno asuma os convenios de maneira íntegra e sen alzar a voz nin cuestionalos o máis mínimo.

Desde o Bloque Nacionalista Galego lles reiteramos as nosas demandas, lles preguntamos por que non rachan vostedes coa encomenda de xestión, con Emafesa, se afirman rotundamente que a depuradora non depura e se cobrou por elo?. Por que se a Xunta entregou unha infraestrutura deficiente, como a Edar, se continúa a asumir sen que se teñan resolto as deficiencias, acometidas obras de reparación desa infraestrutura, por que se pretende evadir de toda responsabilidade ó Estado? Xa non no que se refire ó convenio con Acuaes, senón no que ten que ver coa construción dunha infraestrutura que desenvolveu esa Administración estatal. E por que, se non houbo servizo de auga o verán pasado non se rompe o contrato con Emafesa para o que se adheriron a unha plataforma denominada Aeopas e asinaron un pacto pola auga, que quedou en nada despois de once meses.

Por todas estas razóns presentamos esta proposta co fin de que rectificuen en beneficio dos veciños e veciñas da cidade e para que abandonen os comportamentos absolutamente conniventes coa Administración Autonómica e coa Administración Central da que están a facer gala, sobre todo nos últimos días. Moitas grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias. Con relación a este tema tan importante y preocupante, como es el saneamiento de Ferrol, Ciudadanos y por el momento es prudente. Efectivamente, los ciudadanos de Ferrol colapsaron en su día los registros municipales solicitando la devolución de la tasa de saneamiento. Y la derogación no se produjo, pero en un Pleno de Ferrol de hace unos meses, efectivamente se votó y este grupo municipal Ciudadanos también votó a favor de la suspensión de la tasa de manera cautelar. De manera cautelar y de manera prudente, porque se estaban esperando una serie de informes que han sido entregados finalmente por el Sr. Díaz este miércoles pasado en la última Comisión y que requieren un estudio y una reflexión. Entonces, en ese sentido, sí, lo que podemos manifestar y decimos de manera clara es que el concello en su momento nunca debió de gestionar o de asumir previamente, sin una comprobación, la recepción de unas obras, porque entendemos que fue una irresponsabilidad. Ahora bien, dicho lo cual yo creo que es que tomar cualquier decisión en este aspecto, en una medida tan importante, sin un informe de Intervención y del Sr. Secretario, lo veo totalmente imposible, más cuando el tema está judicializado y más cuando los problemas pueden ser enormes si se hace en un sentido u otro sin un informe. Y, en este caso, no vamos a apoyar, en absoluto, la existencia de una moción en la que no se pueda instar a aprobar previamente un informe. Después, estando previamente informados, podremos decidir. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias. La verdad es que se nos acaba de entregar una propuesta de enmienda. Por respecto a que fue el BNG el que presentó esta moción, pues evidentemente voy a aludir únicamente al contenido de esa moción presentada, pero sí que es cierto que estoy esperando ansiosamente por la presentación de esta enmienda por parte de, creo que del grupo de gobierno, pero, bueno, es por lo que me han dicho.

La verdad es que, en primer lugar, lo que tenemos que hacer es denunciar públicamente lo que es ya ocultación y opacidad por parte de este gobierno en relación con las gestiones que se están llevando a cabo con el saneamiento. Y hablo de ocultación y opacidad y creo que tiene una relación directa simplemente con la improvisación permanente en la que vive este gobierno municipal, pero que adquiere especial gravedad cuando hablamos de asuntos como el que nos ocupa.

Y la verdad es que podemos tachar casi de desfachatez que el alcalde, en la rueda de prensa posterior a la reunión mantenida con Aguas de Galicia, hubiera calificado ese día como un día histórico y hubiera resumido brevemente esta reunión simplemente con un titular: "Gestión mancomunada del saneamiento en la ría de Ferrol". Y, mire, eso no es más que una media verdad, Sr. alcalde, o, lo que es lo mismo, eso es engañar. Porque ustedes saben, o más bien, ustedes no saben cuándo esa gestión mancomunada va a poder llevarse a cabo, cuántos meses o incluso años puede tardar en llevarse a cabo. Claro,

pero el resumen de su reunión con Aguas de Galicia fue ese. Pero es que lo cierto es que antes de esa gestión mancomunada hay otras cosas. Pero eso en cambio no lo dijo. Antes de esa gestión mancomunada lo que van a hacer, como bien decía el Sr. Rivas, es precisamente lo contrario de lo que usted prometió nuevamente. Nuevamente vuelven a incumplir su palabra, porque hace unos meses anunciaron a bombo y platillo que este gobierno -usted, Sr. alcalde- iba a proceder a impugnar que iba a denunciar esa encomienda de gestión, ese convenio entre la Xunta de Galicia y el Concello de Ferrol. Y, sin embargo, en esa reunión con Aguas de Galicia lo que hacen es precisamente lo contrario, que es prorrogar esa encomienda de gestión que usted tanto criticó y lo ocultó. Y este gobierno también ocultó intencionadamente que en un segundo momento parece que le va a encargar a Aguas de Galicia la gestión de los bombeos y de la depuradora. Y también lo ocultó. Y se limitó a hablar de la gestión mancomunada que, repito, será en un tercer momento.

Y yo vuelvo a preguntar lo de siempre. ¿Cómo van a llevar a cabo esta gestión? ¿Esa gestión va a llevar aparejada una tasa a los vecinos de nuestra ciudad? ¿Esa tasa va a ser más económica que la que ustedes suspendieron? ¿Lo saben? ¿Tienen los números? Porque de momento nadie, y digo "nadie", lo sabe en Ferrol.

Desde luego, nosotros, sinceramente, lo que nos tememos es que esta improvisación permanente de este gobierno, lo que lleve es a que le salga caro a los vecinos de Ferrol y creo que lo primero que tendrían que hacer es informar. Informar, en primer lugar, a los grupos municipales. Eso sería lo primero, Sr. alcalde. Creo que es un tema de una trascendencia suficiente como para que convoque una junta de portavoces, como para que convoque una reunión monográfica sobre este tema y nos informe. Pero, como siempre, nos enteramos como nos enteramos. Y gracias a que otras Administraciones comunican públicamente el contenido de las reuniones para realmente poner luz sobre lo que realmente hubo, porque si de usted dependiera, desde luego esto no lo conoceríamos.

Y yo tengo que decir que no vamos a criticar que este gobierno prorrogue ese convenio. Decía el otro día el Sr. Rivas que criticaba que nosotros criticáramos esa prórroga. Nosotros no criticamos que se prorrogue. Nosotros criticamos la ocultación y criticamos que un alcalde lo que no puede es decir una cosa y hacer la contraria. Y no lo criticamos porque, como ya dijimos siempre, la depuración de las aguas residuales es una competencia municipal y porque en Ferrol existe una empresa mixta, que pertenece al Concello de Ferrol en un 51%, como todos sabemos, con un objeto social que recoge expresamente la depuración de las aguas residuales y porque en el pliego de condiciones que rigió en su momento la contratación, todos sabemos que también se incorporaba ese servicio. Es más, la obligación del concello de poner a disposición de Emafesa la futura -de aquella decía, futura depuradora. Y lo que criticamos, por tanto, no es la prórroga. Criticamos a un alcalde que anuncia y promete cosas que no cumple, que improvisa un día tras otro y que lo hace con ocultación. Criticamos a un alcalde que prometió que iba a impugnar esa encomienda de gestión y que al final la va a prorrogar y lo oculta. Criticamos a un alcalde que prometió derogar una tasa -a sabiendas de

que no podía hacerlo- y que al final terminará imponiendo una tasa, incluso puede que más cara, y que lo oculta.

Criticamos a un alcalde que prometió municipalizar, remunicipalizar servicios y que lo primero que hace cuando tiene la ocasión es evitar que la explotación de los interceptores y de los tanques de tormenta los gestione la empresa mixta, la Empresa Municipal del Agua y a cambio ¿qué consigue? Pues que esa gestión sea privatizada. Probablemente y sin ninguna duda a un coste muy superior, Sr. alcalde, que tendría si la gestionara directamente nuestra empresa mixta. Y eso también lo ocultó, porque desde luego esta información se la tuvimos que preguntar al Concejal de Servicios en la última Comisión de Urbanismo, porque desde luego a nosotros previamente nadie nos había informado. Y fue a preguntas de este grupo cuando se nos dijo.

Y, por cierto, en el día de hoy, precisamente este tema, hemos conocido a través de los medios de comunicación que esa gestión privatizada le va a costar al concello más de 600.000 euros. Es lo que viene en los medios de comunicación. Un importe, como nosotros no tenemos otra información, que es lo que exigimos, pero que este alcalde y este gobierno tan transparente no nos da. Pero desde luego que sí sabemos que es un importe que se va a repercutir a los concellos. Que la empresa que gestione eso va a repercutir, va a cobrar a los concellos y que desconocemos cómo va a ser sufragado por los vecinos de Ferrol, que tampoco nos lo han dicho. Entonces, creo que tienen que empezar a ser claros con este tema y a definir cómo van a gestionar el saneamiento de nuestra ciudad. Es que hace siete meses que se suspendió una tasa. Una tasa que querían derogar, que prometieron derogar, incluso en campaña electoral. ¿Qué van a hacer con esa tasa? Yo creo que ya es el momento de que empiecen a definir lo que van a hacer. Porque en siete meses no han hecho absolutamente nada en este tema. Dejar pasar el tiempo y, bueno abocar a Emafesa a una situación desde luego muy precaria de la que, evidentemente, creo que son ustedes los responsables. Entonces, díganos si van a mantener la depuración de la ría sin una tasa. Díganoslo. "Vamos a mantener esa depuración sin cobrar una tasa". Desde luego nosotros estaríamos encantados de que lo consiguieran. Encantados de que pudieran derogar esa tasa y de que los ferrolanos no tuvieran que pagar un euro absolutamente por un servicio de depuración. Ojalá lo consigan. Pero también les digo. Ojo, porque las directivas europeas están ahí y dicen lo que dice y ustedes lo saben, a pesar de lo que dijeron.

Y decíamos de hacer. Es que por hacer no han hecho ni siquiera nada con esas fisuras que se detectaron en la depuradora, en siete meses. Pedir informes, única y exclusivamente. Pero estamos hablando de unos daños, que a pesar de que parecían unos daños tremendos, por la información que se dio, son unos daños que están valorados en el peor de los casos en 140.000 euros. Y yo les digo, si hubiera un gobierno diligente en Ferrol, esa obra ya se habría acometido, ¿eh? Y, evidentemente, si hay una Administración distinta que es responsable de esos daños tendrá que exigirle. Este gobierno tendrá que exigirle el coste de esa reparación. Pero el problema es que en siete meses las fisuras todavía siguen ahí. Pero lo peor es que los

colectores ya están listos. Es que los tanques de tormenta y los interceptores ya están listos para incorporar más caudal al sistema y los daños están sin reparar. Y esta es la eficacia de este gobierno, que siempre espera al último momento, que deja pasar el tiempo sin tomar decisiones y que al final las tiene que tomar, de una forma improvisada y sin medir las consecuencias. Y por eso van a privatizar la gestión de los interceptores, sin que este gobierno sepa cuánto le va a costar a los ferrolanos. ¿Cuánto van a pagar de más por gestionarlo de este modo y cómo se les va a repercutir? Si estas cuestiones que yo estoy planteando las saben, hagan el favor de decírnoslo. Pero, insisto, en cualquier caso, la decisión ya la han tomado, a pesar de que ustedes son el gobierno de las municipalizaciones y demás, pero "privatización". Y esa es la coherencia suya. Y desde luego tienen que venir otros a informar de todas estas circunstancias porque, insisto, ustedes no nos han dado información alguna si no es porque nosotros lo hubiéramos preguntado.

Entonces queremos saber, exactamente, cuál es la hoja de ruta que va a seguir este gobierno. Queremos saber si los socios de gobierno ya se han puesto de acuerdo en este asunto, porque la verdad es que en el último fuego cruzado entre los socios de gobierno se ha reconocido abiertamente que el tema del saneamiento, de la tasa y demás es uno de los puntos de desencuentro. ¿Ya están de acuerdo cuál va a ser la solución? ¿Cuál de los dos tiene la razón? Es que, claro, yo creo que hay que empezar a arrojar un poco de claridad sobre este asunto. Los interceptores y los tanques, insisto, están listos para empezar a funcionar. La pelota está ahora sobre su tejado y yo les pregunto ¿cuándo va a entrar más caudal? ¿Cuándo van a entrar más aguas residuales en la depuradora? ¿Cuándo se van a dejar de verter aguas residuales en la ría de Ferrol? Porque ya, insisto, están listos esos interceptores y esos tanques de tormenta. Infórmenos al respecto, pero, insisto, en que ahora depende de ustedes. Muchas gracias.

SR. DÍAZ DOCE: Bueno, vou carraspear un pouco, porque vou precisar a voz, porque hai moito que dicir sobre esto. Tiña aquí apuntadas, como antes nos puxemos cinematográficos, estiven pensando películas respecto ó tema da depuradora, porque dá para unha saga. A min tampouco me fai gracia e me fai moi pouca gracia que o Partido Popular se atreva a adoptar unha actitude de superioridade respecto dun tema no que esperemos que sexamos capaces de saír, porque tremendo embolado no que nos teñen metido, pero agora profundizarei, porque eu podo entender que o Bloque Nacionalista Galego, que non tivo responsabilidade de goberno, ante un tema que ten unha complexidade grande, pois teña nalgúns aspectos das cousas que propón, teña ou careza de toda a precisión necesaria. O podo entender. É un tema complexo que costa entender e que costa explicar. Eu podo entender que ás veces, cando se refira a determinadas cuestións, non sexa preciso e que se fale de encomenda con Emafesa, cando a encomenda que temos é con Augas de Galicia. Con Emafesa o que temos é un protocolo de execución concertada, porque, como se dicía, e estou falando en referencia do Bloque Nacionalista Galego... Espero, xa farei as referencias, porque o teño enfrente.

Cando se fala de protocolo de execución concertada con Emafesa, porque, como se dixo, existen uns pregos de condicións no seu día, cando se constituíu a empresa, nos que Emafesa pois tiña unhas obrigas e uns dereitos e por ese motivo existe unha encomenda pola cal este concello -despois explicaremos- recibiu unha depuradora e pola cal esa depuradora entregoulla a Emafesa para que a explotase.

Pero, xa digo, eu podo entender esas imprecisións ou incluso que cando plantexa alternativas ou solucións ós problemas os plantexa de forma que non sexa dende a posición de goberno, dende a análise que se fai dende o goberno, a mellor forma de solucionarlos. Pero que dende o Partido Popular se atreva a dicir nada deste tema, a falar de opacidade, a falar de improvisación e a falar de que non se quere facer e de división do goberno. Eu me pregunto, estaban todos de acordo co que se fixo coa depuradora, ou non sabían nada? Eu quero saber cal era a posición, se estaban todos os concelleiros do Partido Popular do ano 2014 de acordo co que se fixo. Gustaríame saber se son todos copartícipes do que se fixo por acción ou simplemente por omisión. Gustaríame sabelo. Gustaríame saber que informes se utilizaron nese momento. Que información se utilizou. Quen o decidiu. Como. Por que e para que. Gustaríame saber por que. Bueno, eu pediría, en todo caso, respecto á bancada do Partido Popular.

SR. ALCALDE: Por favor, Sr. Evia. -Continúe co seu turno de palabra. Non faltou ó respecto a ninguén nin insultou a ninguén.

SR. DÍAZ DOCE: Continúo. Evidentemente non paga a pena perder ningún segundo nesa cuestión.

Se entregou, eu dicía antes e facía referencia a se o goberno se puxo de acordo. Evidentemente. Eu entendo que é o normal. Cando existen temas complexos poden existir diferentes posicións, pensamentos ou formas de ver o problema e as solucións. Entendo que é o normal e ante temas complexos entendo que ás veces é normal que sexa complexo poñerse de acordo sobre cal é a mellor solución para os problemas. Entendo que é o normal. Outras veces, seguramente, tería sido moi convinte que ó mellor se discutise se o que se facía era o mellor que se podía facer. O mellor, tería sido moi convinte para este concello que nalgún determinado momento tamén esas discrepancias que se esgrimen en contra deste goberno se tiveran producido no seo dun goberno unido de xestores, como fai catro anos. Tería sido moi convinte. Porque aquí estamos falando, como dicía antes, dun embolado no que nos meteu o Partido Popular. Un embolado. Porque aquí se fala de se vai haber unha taxa para a depuración. É que cando existe a depuración, cando estemos explotando un sistema de saneamento, existe a depuración, terá que haber unha taxa que teña en conta os custes da depuración. Aquí o que sucedeu é que houbo unha taxa e despois, moito despois, veu a depuración. Esa é a realidade. Agora se recoñece. Queremos saber cando se vai depurar. E logo, cando foron á depuradora hai dous anos a facerse fotos, ó ver que non depuraba, eran conscientes de que non depuraban ou simplemente mentían dicindo que éramos magníficos que xa depurábamos, para ocultar que se estaba poñendo en marcha unha taxa? A min gustaríame saber se cando estiveron na depuradora, porque eu, xa digo, entendo que o Bloque Nacionalista Galego que non tivo competencias, que non estivo de visita, que non veu que aquilo non depuraba, pois poda non ter un

coñecemento exacto do que pasou, pero é que nesa bancada hai membros do goberno do Partido Popular que non só son copartícipes de todas as decisións que se tomaron senón que estiveron presentes na apoloxía da depuración que non existía. Esa é a realidade. E que se veñan a dar leccións e a falar de Augas de Galicia e da información de Augas de Galicia, parte activa neste proceso polo cal unha depuradora abandonada catro anos acabou nas mans deste concello para que a puxese en funcionamento, reparase todo o que había que reparar e agora, claro, este goberno agora se atopa ante a disyuntiva de "se temos que devolver a depuradora agora que puxemos a depuradora ben". Esa é a cuestión. Resulta que ata o de agora tivemos a depuradora para arreglar a depuradora. E agora que temos a depuradora arreglada... Eu pediría respecto de novo.

SR. ALCALDE: Por favor, manteñan o respecto á intervención do concelleiro.

SR. DÍAZ DOCE: Porque aquí o que sucedeu é que todo ese cúmulo de encomendas, protocolos, que se fixo a toda presa por motivos políticos, por motivos políticos opacos. Opacos porque non se explicaron e porque se camuflaron e que se fixo a toda presa, sen informes, sen información, sen ser tratado no concello previamente, sen informes técnicos no concello, sen informes técnicos en Emafesa, sen pasar polos Consellos de Administración de Emafesa. Todo ese proceso previo pois eu creo que algo terían que ver, digo eu. En todo caso -e retomo o hilo da argumentación que iba facer- hacia onde queremos chegar. Eu creo que compartimos, polo menos eu entendo que compartimos o obxectivo co Bloque Nacionalista Galego e eu entendo que co conxunto da poboación. E aquí se falou, "xestión mancomunada do sistema de saneamento". Ese é o obxectivo. Ese é o obxectivo ó que queremos ir. Ese é o obxectivo ó que hai que chegar. Un sistema de saneamento mancomunado toda vez que estamos falando, cando menos no que ten que ver con Ferrol, un sistema de saneamento que presta servizo ó Concello de Ferrol e tamén ó Concello de Narón. Polo tanto parece que forma parte do sentido común plantexar unha xestión cando menos co Concello de Narón. E tendo en conta ademais que hai un sistema de saneamento no marxe dereito ou ó sur da ría, xestionado neste caso polos concellos da parte sur da ría, parece razoable que en todo ese sistema de saneamento se plantexe unha solución mancomunada integral. Agora ben, ese é o obxectivo ó que queremos chegar, está plantexado, se fixo, existen estudos xa nese sentido e hai unha decisión no seno da Mancomunidade de ir hacia esa solución. Pero entre a situación na que estamos hoxe e esa solución dunha xestión mancomunada ó sistema de saneamento, pois haberá que dar os pasos de un en un, entendo eu.

Entón, está claro hacia donde queremos chegar. Eu creo que está claro. Está claro, o dixo o goberno. Non só o goberno, están adoptadas decisións, xa digo, no seo da Mancomunidade, houbo reunións nese sentido, está claro hacia onde vamos.

E, por outro lado, está claro como chegamos ata aquí e, xa digo, chegamos ata aquí si que con opacidade, si con improvisación, si poñendo unha taxa para unha depuración que non existía, si asumindo unha depuradora para poñela en marcha para asumir os custos dunha depuradora que en todo caso hai que xestionar despois, cando

menos co Concello de Narón, cando non mancomunadamente. Todo iso é como chegamos ata aquí. Por iso as discrepancias que ten o goberno, neste caso coa moción que se plantexa polo Bloque Nacionalista Galego, ten que ver co camiño para pasar da situación na que estamos hoxe á situación á que queremos chegar, tendo en conta como temos chegado ata aquí.

Evidentemente non é unha cuestión sinxela e non é unha cuestión menor. E se falábamos antes do contrato eléctrico, pois estamos noutra cuestión esencial porque falamos de moito diñeiro e aquí tamén se teñen dito inexactitudes. Se fala aquí da prórroga, e vou tentar clarexalo antes de rematar. Se fala aquí da prórroga da encomenda con Augas de Galicia. Houbo unha reunión con Augas de Galicia na que estivo o Concello de Ferrol, o Concello de Narón e Augas de Galicia, no marco de abordar esa xestión mancomunada futura de todo o sistema de saneamento e se plantexa o tema da prórroga da encomenda, como a única -teoricamente, haberá que velo-, a única alternativa inmediata para dar pasos hacia ese camiño. Haberá que ver se é a única alternativa. Pero, en todo caso, se é a única alternativa e somos capaces e melloralala respecto do que se di e somos capaces de que toda vez que a depuradora estea xa en condicións de depurar agora en 2016. Estea en condicións de depurar. E temos incluso que recular algo respecto do dito, para que a depuradora poida por fin depurar. Se somos capaces de articular mecanismos que corrixan algunhas das cousas que estaban pendentes, pois seguramente o faremos, porque o que nos interesa a todos é que a depuradora depure por fin, dous anos despois de que se dixera que depuraba. Por fin.

Polo tanto, non é unha decisión adoptada, é unha alternativa plantexada e hai que ver se hai outras. Que, xa digo, tendo en conta todo este lío no que nos meteron, as alternativas se reducen exponencialmente. Tamén se falou aquí do tema do importe das filtracións e das grietas. E se di unha obra de 170.000. Haberá que preguntarse se agora temos ese informe que cuantifica as obras nesa cantidade, porque ata o de agora o que tiñamos era un informe de Emafesa, sempre tan aproximada á realidade e sempre cunha información tan precisa que falaba doutra cuantía. E nesa parte é na que temos que pensar, que información lle daba Emafesa ó goberno? Lle pedía algunha información cando o goberno anterior estaba? Lle pedía algunha información? Porque, home, ese goberno non fai cousas eh?, tarda en facer as cousas, pero tardou un par de meses en ir á depuradora e decatarse de que non depuraba. Home, eu creo que a cidadanía se sorprendeu, sería porque tiña información diferente e había fotos e vídeos dos membros do Partido Popular paseando pola depuradora e non se decataram. Pois aínda para ser un goberno que tarda tempo en facer as cousas, pois pouco tardou en decatarse de que non se estaban facendo as cousas ben, de que a información que se daba non era exacta, nin moito menos.

Xa vou rematando.

Respecto da moción do Bloque Nacionalista Galego, dos puntos que se inclúen na moción, como digo, aquí hai que desenredar un lío tremendo. Eu entendo que o obxectivo de todos nós será na medida que sexamos capaces de desenredar ese lío, sen que o custo final para a cidadanía sexa maior do lío que temos xa. E precisamente, como é unha

cuestión complexa porque aquí se está falando de obrigas e dereitos que teñen diferentes entidades e administracións, por pactos, acordos, contratos pasados, que obviamente non podemos volatilizar por arte de maxia, lamentablemente en moitos casos, pero non podemos, porque estamos nun Estado de dereito, temos que atenernos á legalidade ou, en todo caso, cando hai discrepancias dese tipo hai que ir ós ámbitos nos que se resolve, pois para facer todas esas cousas que se plantexa o Bloque, que seguramente están na mesma liña do que se pretende facer, o que hai é que facelas ben, como se dixo. E seguramente non é sinxelo. Seguramente. Non sei, seguramente. É posible que se puideran facer máis rápido, pero o que haberá que variar cando se faga e cando se atope unha solución é se se podía ter feito mellor, non máis rápido.

En todo caso, respecto da proposta da emenda que se plantexa, si, polo goberno, polo goberno da cidade, en principio para explicitar os pasos que se poden dar para ir mudando a situación na que nos atopamos cara a mellor. E a vou ler para que quede constancia na acta. Respecto da proposta da moción do Bloque Nacionalista Galego, que ten cinco puntos, se plantexa unha proposta de emenda que inclúe catro puntos. Eu prescindiría e prescindimos, en aras á clarificación das cuestións, porque, xa digo, e eu entendo que o Bloque cometa eses erros, dende o meu punto de vista, evidentemente, de mezclar ás veces a cuestión dos convenios de Acuaes, que seguramente é discutible, que ten a súa problemática, a súa importancia coa cuestión da propia depuradora e de Emafesa e ás veces acaban mezclando as dúas cousas, eu entendo que erroneamente, e por eso prescindimos na nosa proposta de emenda de incluír a cuestión de Acuaes neste punto. Polo tanto a proposta vai no sentido de:

"O Pleno do Concello de Ferrol insta ó goberno local a denunciar os incumprimentos de contrato pola Empresa Mixta de Augas de Ferrol SA, como consecuencia da xestión do socio privado minoritario, os cales teñen sido postos de manifesto durante os últimos meses en relación coa Edar de Cabo Prioriño e tamén coa crise dos trialometanos e que puideran supor causa de rescisión dese contrato.

Punto 2.- O Pleno do Concello de Ferrol acorda, con suxeición á obtención previa dos informes administrativos favorables que son obrigados á derogación, con carácter retroactivo, da actual Ordenanza reguladora da taxa pola depuración das augas residuais, suspendida por acordo plenario en setembro de 2015 e insta ó goberno local a axilizar todos os trámites necesarios para dar cumprimento a este acordo.

Punto 3.- O Pleno do Concello de Ferrol insta ó goberno local a formular un mecanismo de devolución do importe da taxa de saneamento, co aboamento ós veciños e veciñas desta cidade nos próximos meses de 2015.

E o Pleno do Concello de Ferrol insta ó goberno local a reclamar ante Augas de Galicia os custos correspondentes á reparación das deficiencias e posta a punto da Edar de Cabo Prioriño así como esixir as distintas responsabilidades económicas, legais e políticas que puideran derivar deste proceso.

Esa é a proposta de emenda, de modificación de emenda que se lle fai ó Bloque Nacionalista Galego. Porque entendo que compartimos co Bloque Nacionalista Galego o obxectivo ó que pretendemos chegar. Seguramente non estamos de acordo e diferimos das vías polas que se pode chegar. Eu entendo, obviamente, que nós estamos máis aproximados á solución mellor. Pero, en todo caso, -xa remato- para desfacer todos eses contratos, acordos, convenios, pactos, un encadrado detrás doutro e que derivaron en último término, insisto, nunha taxa que tiña un feito impoñible tan forzado coma o que falaba de posta en marcha e depuración, que se lle cobrou ós veciños incluso daqueles lugares -o sabemos todos- nos que aínda non estaban conectados a ningún tipo de rede. Unha taxa discutible. Discutible xa, independentemente de que non houbera depuración. Pero é que non había depuración. Non había depuración, non había feito impoñible. Pero para derogar a taxa, que seguramente haxa que facelo, hai que contar cos informes precisos para facelo e os informes precisos para defender os intereses do concello terán que ter en conta eses pactos, eses acordos previos, que son previos e dos que colga esa taxa, precisamente para garantir e blindar os intereses do concello.

E despois hai outra parte que terá que ver coa responsabilidade e con quen asume todos os custos e toda a responsabilidade de todo o que ten pasado, dende que se aceptou esa encomenda e se lle deu a xestión desa depuradora a Emafesa, ata que a depuradora por fin comece a depurar.

Esa será outra cuestión. Quen vai asumir todo iso. E, en todo caso, esperemos que o concello sexa capaz de asumir unicamente a parte que lle corresponde. Pero se non é capaz haberá que preguntarse por culpa de quen. Por culpa de quen e por quen.

SR. MONTES CELEIRO: Simplemente ratificar o que xa se comentou, de que o noso obxectivo, consensado con todos os alcaldes da comarca, é a xestión mancomunada do servizo. Non imos entorpecer e torpedear ese camiño.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu, en primeiro lugar dicir que, bueno, a min sorpréndeme que desde o Partido Popular se cuestione o feito de que se impoña unha nova tarifa, neste caso unha tarifa variable, porque isto é produto dun convenio que vostedes desenvolveron, que é o convenio con Acuaes. Collía unha tarifa fixa e unha tarifa variable, que se podía xestionar de diferentes maneiras. A imposición da tarifa é produto do convenio. A oposición está en que desde o actual goberno municipal se asume esa tarifa variable, da mesma maneira en que se asume a tarifa fixa que vostedes xa incluían especificada no convenio e que quedaba por determinar o coste da tarifa variable. O certo é que é cuestionable, xa non é o feito de que se xestione a través de Acuaes, senón a imposición dunha tarifa para a posta en funcionamento dunha infraestrutura que debería asumir o Estado. Pero que o Partido Popular xestione ou cuestione ademais a xestión da estación depuradora, que non funciona, cando foi o mesmo Partido Popular quen recepcionou esa infraestrutura e quen ademais de recepcionar esa infraestrutura que non funciona, asumíuna desde o goberno municipal anterior, por parte do Concello de Ferrol, e despois lla entregou a Emafesa para a súa xestión, pois é obvio tamén que cando menos parece unha broma e como ben vostede se refería ás

declaracións feitas polo Bloque Nacionalista Galego esta semana, consideramos que é un comportamento cínico. Son vostedes os que desenvolveron eses convenios e que agora vostedes cuestionen que eses convenios impliquen unhas tarifas e que os veciños e veciñas desta cidade os teñamos que asumir, pois parece que non é moi lóxico.

En todo caso, dicirlle tamén ó Sr. Díaz, que non se preocupe tanto pola nosa precisión e, en todo caso, se quere que me refira á xestión por parte da depuradora, a través da empresa Emafesa, como protocolo de execución concertada entre o Concello de Ferrol e Emafesa, para a xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración, fareino. Pero creo que tampouco vai ser ese o problema do Concello de Ferrol. Pero, en todo caso, se lle preocupa tanto fareino.

O que si, quero aclararlle algunhas cousas. Primeiro, temos moi claro cal é a diferenza entre a xestión da depuradora e a diferenza produto da xestión da infraestrutura dependente do convenio con Acuaes. O que nos sorprende é que co argumento ese que vostede nos acaba de dar, o que nos demostra é que non teñen ningunha intención de cuestionar ese convenio con Acuaes. Que é un convenio espureo, que obriga ós veciños e veciñas desta cidade a pagar por unha infraestrutura que no resto do Estado pagou o Estado, pero non só eso, senón que é produto da deixación e da responsabilidade da mesma empresa Acuaes. Os veciños e veciñas do Concello de Ferrol vamos ter que pagar máis de 2,7 millóns de euros do que se recollía nun convenio que xa foi modificado polo Partido Popular, que pasou de que asumamos o 10% deses costes ó 13% e agora xa non sei cal é a porcentaxe que estamos a asumir e que por parte deste goberno municipal se asume con total normalidade. Estamos pagando unha infraestrutura na que o feito de que se retrase a súa execución supón que asumamos 2,7 millóns de euros máis e vostedes non son capaces de dicir nada. Cando menos pedirlle responsabilidades a alguén. Por que se retrasou na construción? É un problema das empresas que executaron esa obra? É un problema da empresa que xestiona a construción desa obra? É responsabilidade do Ministerio de Fomento tomar as decisións respecto desa empresa Acuaes. Pero non, vostedes asúmeno con total normalidade e non pretenden facer ningún tipo de denuncia respecto dun convenio que xa exclusivamente o feito de que teñamos que asumir nós o coste desta infraestrutura sería suficiente para solicitar a súa anulación. E isto sen ter en conta que teremos que saber cal é a parte que vai a financiar a Unión Europea. Porque eso todavía está por determinar e parece que vostedes queren obviar este problema. A prórroga da encomenda con Augas de Galicia anunciárona vostedes. Non o estamos inventando hoxe aquí. Ese é un anuncio que fixeron vostedes. A nós o que nos sorprende é que o Partido Popular asume a xestión desa depuradora, unha depuradora con deficiencias, sen cuestionalo o máis mínimo, que despois de todos estes meses deste actual goberno non se denuncie nin se rompa este acordo, porque esa depuradora non podía funcionar, porque tiña deficiencias, e que agora non só eso, senón que o prorrogan. É que isto non é asumible. Isto non é compartir ningún obxectivo. Nós non compartimos obxectivos con vostedes. Que lle quede claro. É obvio que os obxectivos son totalmente contrarios. Que vostede argumente

permanentemente que esta é unha cuestión complexa, é que estamos sempre no mesmo discurso. Esta é unha cuestión complexa, pero se a depuradora non depura e vostedes afirman rotundamente que eso é así e se cobrou por ese feito, é causa suficiente para romper a relación contractual que se establece coa empresa que tiña que prestar ese servizo e non o prestou. E se vostedes non o fan é porque non o queren facer.

Como digo, que ademais asuman o convenio con Acuaes sen cuestionalo de ningunha maneira, parece que non é a mellor solución. E en relación á proposta que vostedes nos fan, a proposta de emenda e de substitución, chámannos a atención algunhas cuestións. A empezar polo final. "O Pleno do Concello de Ferrol insta ó goberno local a reclamar ante Augas de Galicia os custos correspondentes á reparación das deficiencias e posta a punto da Edar de Cabo Prioriño, así como esixir distintas responsabilidades económicas, legais e políticas que puideran derivar deste proceso, cando todos e todas sabemos que a construción desta infraestrutura é da Administración Estatal" Isto que quere dicir? Ollos que non ven, corazón que non sinte. Como vámoslle pedir responsabilidades a Augas de Galiza, que a min me parece lóxico e normal. Agora ben, a responsabilidade da construción desa infraestrutura é da Administración Estatal e esíxanlle responsabilidades a esa Administración por construír unha infraestrutura con deficiencias e esíxanlle responsabilidades á Xunta de Galiza por recepcionar a infraestrutura nesas condicións; e rompan un convenio polo cal o Concello de Ferrol asume a infraestrutura desa maneira e non o prorroguen.

En terceiro lugar, vostedes propoñen que o Concello de Ferrol inste ó goberno local a formular o mecanismo de devolución do importe da taxa de saneamento, cobrada indebidamente. Eu creo lembrar que isto era un compromiso do goberno. Vostede o que nos está dicindo é que formulemos os mecanismos de devolución do importe desa taxa, cando este era un compromiso seu. Por que non o fan? Son vostedes os que asumiron ese compromiso. Entendo que o que vostedes están é a solicitar a si mesmos neste punto. Algo parecido ó que supoñen os dous seguintes:

-O Pleno do Concello de Ferrol acorda, con suxeición ou atención previa ós informes favorables, a derogación, con carácter retroactivo, da actual ordenanza fiscal.

Esto que quere dicir? Que vostedes non teñen os informes que acrediten a derogación desa taxa? E que vostedes propuxeron a súa suspensión sen eses informes? E despois, que vostedes soliciten, insten ó goberno local a denunciar os incumprimentos do contrato coa Empresa Mixta de Augas de Ferrol, EMAFESA, como consecuencia da xestión -falan vostedes aquí da crise dos trialometanos e que puidera supor causa de rescisión deste contrato- que quere dicir? Que vostedes nos propoñen que lle propoñamos que denunciem a EMAFESA por posibles incumprimentos do contrato? Se houbo incumprimento do contrato rompan o contrato, pero non insten ós grupos da oposición, neste caso ó Bloque Nacionalista Galego, a que nós lles propoñamos que denunciem. En todo caso, o feito de denunciar non implica que ese contrato se vaia a romper. Unha cousa é que vostedes consideren que é preciso denunciar o incumprimento do contrato e outra cousa é que

vostedes decidan que en base a ese incumplimento do contrato hai que rescindir ese contrato. Ese é o noso obxectivo. E por eso é obvio que os obxectivos que perseguimos non son os mesmos. Nós se estamos a dicir, "houbo incumplimento do contrato", como vostedes afirman, rómpano. Non nos inste a nós a demandarlles a vostedes a denunciálo para, en todo caso, determinar unha resolución que non ten por que acordar a rescisión dese contrato, porque esa é unha decisión que terá que tomar o goberno municipal e que non vai ser derivada da decisión de ningún xulgado. En todo caso, eu, insisto, eu penso que hai un ámbito de decisión que vostedes parece que pretenden obviar e que non queren asumir e que, sinceramente, para os veciños e veciñas desta cidade é inasumible. É inasumible ó longo do tempo que nós poidamos pagar a tarifa fixa derivada do convenio con Acuaes para a construción desa infraestrutura. É inasumible que poidamos asumir a tarifa variable que vostedes pretenden desenvolver mediante non sei que tipo de acordo están propoñendo coa empresa Acuaes e é inasumible que poidamos asumir un modelo de saneamento que desde o seu inicio é un despropósito. A mesma estación de bombeo, o lugar onde está ubicado é un despropósito, a mesma ubicación da estación depuradora é outro despropósito. O feito de que estemos a desenvolver unha rede unitaria e que vostedes tampouco cuestionen cando o máis efectivo, tanto medioambientalmente como economicamente, sería desenvolver unha rede separativa.

SR. ALCALDE: -Sr. Rivas, non temos limitación no tempo, pero un pouco de capacidade de síntese non estaría mal.

SR. RIVAS RICO: Non se preocupe que estamos aquí entre xente que participamos todos da posibilidade de expresarnos libremente, entendo.

SR. ALCALDE: Xa digo que non hai limitación de tempo, pero ...

SR. RIVAS RICO: Remato agora, non se preocupe.

Dicirlle que, como lle digo, parece que sería lóxico que cando menos, sen entrar a determinar precisamente cales son as palabras que necesitamos argumentar, tomen algún tipo de decisión para que Ferrol e os veciños desta cidade non asumamos o coste dunha infraestrutura que debería pagar o Estado e para que, en todo caso, se o obxectivo é a xestión pública de abastecemento e o saneamento nesta cidade, se adopten os pasos necesarios. E parece que isto non está sendo así.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Simplemente volver a reiterar que sí hay que abogar por la prudencia y por los informes previos a tomar cualquier decisión. Simplemente eso. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Gracias, Sr. alcalde. Bueno, vamos a empezar.

-Sr. Rivas, mire, su postura es la del no al saneamiento. Se resume así. No.

Es que con sus pretensiones no buscan poner en marcha el saneamiento en la ría de Ferrol, Sr. Rivas. Esa es la realidad. Es que usted pide la derogación de una tasa que sabe que no se puede derogar. Para que haya una auténtica depuración en la ría de Ferrol no puede haber esa depuración sin una tasa. Es que no sé cómo no le dio la fórmula mágica al Alcalde de Mugardos, que es de su partido y que aprobó una tasa para que precisamente su hecho imponible era la depuración y los bombeos. En fin, díganme cómo no le dio esa fórmula

a su compañero. Es que ahí se ha impuesto también una tasa y sin tasa non hay depuración y sin depuración no hay saneamiento en la ría. Y esa es la verdad. Y usted nos dice, nos sigue diciendo de las redes separativas y demás. ¿Pero usted sabe qué replantear una red separativa supone tirar con todos los millones de euros de inversión que tenemos en nuestra ciudad y empezar de cero? Claro, exigiéndoselo al Estado, por supuesto. ¿Pero usted sabe lo que está diciendo, que es empezar de cero? ¿Veinte años más de espera por el saneamiento en nuestra ría? Es que no se lo merece ni Ferrol ni las familias, que muchas viven del marisqueo en Ferrol. Es que, vamos, es que es una barbaridad lo que usted nos está diciendo. Es que usted lo que está haciendo es frenar convenios, como el que habla de Acuaes. Claro que tiene un coste. Como en muchas ciudades de toda España. Es que usted se cree que los gastos, las inversiones de este tipo, por ser una obra de interés general no quiere decir que lo tenga que asumir el Estado, como no lo ha hecho en la gran parte de los ayuntamientos. Como no lo está haciendo en la gran parte de los ayuntamientos donde se está invirtiendo en depuradoras y en el sistema correspondiente. Es que si de usted dependiera, si esos convenios no se hubieran firmado hoy no habría interceptores. Y si no hubiera interceptores no habría saneamiento tampoco, Sr. Rivas. Entonces, claro, la suya, como le decía antes, es una postura fácil, está en la oposición y ahí usted exige lo que quiere. Pero usted sabe que lo que usted está exigiendo no es viable. Entonces, lo que está haciendo es engañar también, Sr. Rivas. Porque lo que no se puede es querer el saneamiento y proponer las medidas que usted está proponiendo en este Pleno.

Y, bueno, en fin. -Sr. Díaz, mire, para empezar, ocultación, a usted le parece mal que yo hable de ocultación. No estoy mintiendo y creo que usted estaba en la Comisión, en donde usted me reconoce el tema de la gestión, la privatización de la explotación de los interceptores, porque yo le pregunto. Es que la información de la reunión de Augas de Galicia salió en nota de prensa de Augas de Galicia, no porque este gobierno la hubiera anunciado. Es que aún estamos esperando un montón de informaciones que le estamos pidiendo día tras día y no nos están dando. Eso es ocultación. Y si le parece mal, pues mire, entonces empieza a ser un poco más transparente y empiece a darnos información y dejaremos de acusarlo.

Mire, hablan de la encomienda de gestión sin informes. Es que usted no ha visto la cantidad de informes -y por eso también pido un poco de respeto a la gente que ha trabajado horas y horas en la elaboración de todos esos informes- porque es así, hay folios y folios de informes jurídicos para llevar a cabo esa encomienda de gestión, del propio Secretario de esta casa, de la asesoría jurídica, de la asesoría externa, informes de costes puntualmente desglosados, puntualmente desglosados y en los que además, junto con el protocolo de ejecución se recoge que la depuradora iba a entrar en funcionamiento de un modo secuencial. Que la depuradora entró en funcionamiento de un modo secuencial. Que además hay unos costes, que están también recogidos en esos informes de costes, unos costes vinculados a la puesta en marcha y al arranque. Y todo eso hay que pagarlo, Sr. Díaz. Y la tasa no se inventó. La tasa está fundamentada

en toda esa información jurídica y económica que está recogida en el expediente correspondiente. Y esa es la verdad. Y esa es la realidad. Y las aguas pasaron por la depuradora. Las aguas se bombearon y las aguas fueron sometidas al tratamiento para el que estaba previsto en ese momento. Y ustedes, en septiembre, recibieron un requerimiento de Augas de Galicia, en donde ya les decían que podían seguir poniendo en marcha más procesos de depuración. Y tampoco lo han hecho. Y éste es el embolado que le hemos dejado. La puesta en marcha de una depuradora que va a permitir empezar a regenerar la ría, pero que ustedes llevan con este asunto parado desde que han llegado. Esa es la realidad. Entonces, dejen ustedes también de engañar y de decir las cosas como no son. Ustedes lo que hicieron fue prometer la derogación de una tasa y ese es el punto de partida. La derogación de una tasa que prometieron en campaña electoral. Y vuelvo a decir que sabiendo que no se podía derogar. Y lo prometieron en campaña electoral. Lo demás vino después. Y lo prometieron desde el principio. ¿Y ahora qué van a hacer? Ahora los ferrolanos están esperando por saber qué va a pasar. Es que las aguas residuales están a punto de entrar en la depuradora, todo lo que tiene que enganchar, todos esos tanques de tormenta y esos interceptores que están finalizados van a enganchar próximamente. Bueno ¿próximamente? Esperemos que enganchen, depende de ustedes. ¿Qué van a hacer con todo eso? Díganoslo. ¿Qué coste va a tener para los ferrolanos? ¿Lo va a tener o no lo va a tener? ¿Van a derogar o no van a derogar la tasa? Claro, es que ¿qué van a hacer con las fisuras? ¿Las van a arreglar? ¿No las van a arreglar? Es que en siete meses todas estas cuestiones no las han ni iniciado. Es que el resumen de estos últimos meses es ese. Nada. Simplemente nada. Pedir unos informes que iban a estar en el mes de octubre y que fueron llegando, pero que no han hecho absolutamente nada más. Y, claro, llegamos aquí y nos presentan esta propuesta de enmienda que -permítame, Sr. Díaz- me parece un insulto a la inteligencia de todos. De los ferrolanos los primeros. O sea, vienen aquí a decirnos a esta Corporación, a la oposición en definitiva, que nosotros les instemos a ustedes, que son los que están gobernando, a una serie de cuestiones, que no sé por qué no las han hecho. Es que claro, es que nosotros estamos en la oposición. Es que, mire, nos dicen que nosotros les pidamos a ustedes, que están gobernando, que denuncien incumplimientos del contrato de Emafesa. Pero si han sido ustedes los que han denunciado incumplimientos. ¿Pero ustedes han hecho algo con esos incumplimientos? ¿Pero qué nos están diciendo? Si son ustedes los que públicamente en los medios de comunicación denunciaban esos incumplimientos. ¿Qué han hecho jurídicamente? ¿Han exigido alguna responsabilidad? Han iniciado un procedimiento sancionador. ¿Han hecho algo? Y ahora vienen aquí a decirnos que con esos incumplimientos, que no sé si hay algún expediente en donde conste que esa es una causa de rescisión de ese contrato. Ojo. Que para rescindir un contrato tampoco vale cualquier incumplimiento. Pero ¿qué han hecho? O sea, nos vienen a nosotros a pedir que nosotros les pidamos a ustedes que hagan esto. Claro, es que me parece un espectáculo. Y nos dicen también que nosotros, que el Pleno acuerde la derogación con carácter retroactivo de la tasa -ojo- con sujeción a la obtención previa de informes favorables. Y yo

les pregunto, ¿pero es que no los han pedido? ¿Pero es que llevan prometiéndolo la derogación de la tasa y no han pedido informes? Claro, pero es que ¿a qué estamos jugando? ¿Nos vienen aquí a que nosotros les autorizemos a pedir un informe? Pero es que es una tomadura de pelo, Sr. Díaz. Es que yo no sé cómo ustedes traen esto a este Pleno.

Es que, es más, en el mes de septiembre, este grupo municipal les pidió un montón de informes sobre este tema, entre ellos éste que hoy nos dicen que se lo volvamos a pedir. Y esos mismos informes que pedimos en septiembre los reiteramos hace un par de meses. Y aún estamos esperando por esos informes. Y ahora vienen aquí a decirnos que se los volvamos a pedir. Pero, miren, un poco de seriedad, que son ustedes los que hablan de la derogación y vienen aquí a decirnos que pidamos nosotros los informes, bueno que condicionan esa derogación informes favorables.

Miren, digan seriamente si van a derogarla o no, porque eso sí que lo saben. Díganlo. Eso es lo que tienen que hacer, ser claros.

Pero es que también nos piden que nosotros les instemos a formular mecanismos de devolución del importe de la tasa y a reclamar los costes. Pero, vamos a ver. Pero es que, ¿qué van a hacer con esos costes? ¿No los han reclamado todavía? ¿Qué van a hacer? Las fisuras están ahí. Llevan siete meses esperando a que ustedes tomen una decisión. Pero es que no toman ninguna decisión, ni siquiera pedir un informe. Es que yo, de verdad, eh, de verdad les digo que me parece lamentable tener que valorar esta enmienda. Es que son ustedes los que están gobernando, Sr. Díaz. Y deje de mirar para atrás y empiece a mirar para delante. La ría de Ferrol, todavía se están vertiendo muchas aguas residuales en ella, eh. Y ahora está en condiciones, le vuelvo a decir, en condiciones de que muchos miles de metros cúbicos dejen de seguir vertiendo. Y ahora la decisión depende de ustedes. Díganos cuándo. Cuándo van a enganchar esas aguas residuales que todavía no están enganchadas. Díganos cuándo. Díganos si van o no a cobrar una tasa a los ferrolanos. Díganos cuánto va a costar. Cuánto va a costar esa gestión mancomunada que ustedes ahora anuncian. Cuánto va a costar la privatización que ustedes hacen de la explotación de los interceptores y de los tanques de tormenta. Cuándo van a arreglar las fisuras. Eso es lo que tienen que estar haciendo, preocupados por eso. Eso es lo que les piden los ferrolanos, porque la ría de Ferrol... La ría de Ferrol todavía siguen vertiendo muchos metros cúbicos de agua. Así que pónganse las pilas, porque estamos esperando a que hagan algo. Y, vuelvo a insistir, la pelota está sobre su tejado ahora mismo. Díganos los pasos que van a dar de todas estas cuestiones que acabo de relatarles. Yo les pido, por favor, que nos contesten a todas y cada una de ellas.

SR. DÍAZ DOCE: Eu estou de acordo co Sr. Rivas que todo o proceso de posta en marcha do sistema de saneamento e depuración na nosa cidade é un despropósito. Un despropósito dende hai décadas. Eso é unha evidencia. Pero seguramente a capacidade que temos de arranxar despropósitos que veñen de hai trinta anos é moito menor que a que temos de arranxar despropósitos que veñen dende hai unha semana. Entón eu coincido con despropósito. Pero o que se trata é que se en cuestión de meses podamos estar depurando e podamos estar rexenerando a ría é mellor que volver trinta anos atrás, de ser todos máis novos

e volver a iniciar todo o proceso de loita para a construción do sistema de saneamento na nosa cidade para que as diferentes Administracións asuman os custos do sistema de depuración na nosa cidade, cumpran os prazos, etc. Todo eso xa pasou. Eu asumo que foi un despropósito, que diferentes gobernos, diferentes Administracións adiaron prazos, se equivocaron, incumpriron compromisos. Todo eso o podemos asumir todos. Pero a cuestión é cómo solucionamos. A cuestión ten abril de 2016 e se en cuestión de meses estamos depurando e rexenerando a ría é mellor. E iso facelo da mellor forma posible.

O tema de Acuaes. Eu non lle pido ó Bloque Nacionalista Galego que obvие o tema de Acuaes, nin moito menos. É lexítimo e respecto que poda plantexar este tema todas as veces que queira e da forma que queira. Eu simplemente suxiro, indico, que tendo en conta a complexidade do tema -insisto na complexidade- que ás veces é convinte non mezclalos e podemos ter ese debate de Acuaes; pero eu creo que é mellor, para que non nos confundamos e non se confunda á xente, que o debate respecto do convenio de saneamento, o convenio de Acuaes, os custos de Acuaes, se desgaje e se separe do debate sobre a encomenda da xestión da depuradora e o protocolo de execución de Emafesa.

Bueno, eu nin moito menos pretendía dicirlle ó Bloque Nacionalista Galego os termos que tiña que utilizar. Eu simplemente indico que non é unha cuestión menor, e sobre todo cando pretendemos dar unha solución ó tema da encomenda do protocolo de execución. Encomenda a temos con Augas de Galicia. Augas de Galicia tivo á súa vez unha encomenda por parte do ente superior e nós o que fixemos é que de acordo co marco legal que temos, cos contratos que temos, etc., tiña que recibir esa depuradora unha vez que tiña o Concello e entregarlla. Entón, eu creo que é bo para desenredar o nudo, ver como son os pasos que nos levaron a este nudo.

O tema do convenio de Acuaes e do modo que se vai xestionar esa parte do saneamento. Aquí se di: "O Concelleiro de Servicios recoñeceu na Comisión da semana pasada que se ía privatizar..." Bueno, o que se dixo. Ademais saíu estes días, en tanto, insisto, cuestión que parece que se olvida. Estamos falando dun sistema de saneamento que non é unicamente un sistema de saneamento de Ferrol. É un sistema de saneamento que cando menos compartimos co Concello de Narón. Eu, seguramente estamos equivocados, pero eu creo que ter sintonía, acordo e chegar a solucións conxuntas co Concello de Narón co tema do saneamento e con algún outro é moi beneficioso para a nosa cidade e me pregunto por que eso non pasou no pasado. É unha reflexión que fago. É evidente que esa solución conxunta a problemas coma o do saneamento, no pasado non se produciu. Esa é a realidade.

Respecto do que se dixo. Toda vez que a día de hoxe non existe alternativa para a xestión do sistema de saneamento dos colectores e dos interceptores é que no convenio con Acuaes estaba recollida esa posibilidade de que o puidera xestionar Acuaes, como solución transitoria en tanto non se pode sacar un modelo de xestión mancomunado ou cando menos consensuado, artellado con Narón, vai haber unha xestión transitoria por parte de Acuaes, mediante un concurso, un proceso de contratación e non sabemos quen o vai ganar. Podería ser que o ganase Emafesa, por exemplo. Entón, falar de

privatizar... Eu entendo, está moi ben o discurso político, pero non é ser exactos. O que se vai é xestionar. Se vai sacar un concurso para a súa xestión transitoria e ese concurso o vai sacar Acuaes e os custos, -creo que o contrato vai saír estes días- e se estaba discutindo estes días cales son os custos e por eso non lle informou, porque aínda é unha cuestión que está en curso. En todo caso se van repartir entre os concellos afectados, Ferrol e Narón. E se pregunta, e o volvo a dicir, porque o dixemos moitas veces. Eu creo que é unha cuestión... Pero non é unha cuestión discutible. Ten que haber taxa de saneamento e depuración? Obviamente si. Unha taxa de saneamento e depuración, cando exista saneamento e depuración, e que teña en conta os custos do saneamento e da depuración. É que é o que di a lei, é o lóxico, é o que vai pasar. Agora ben, se poñemos taxas cando non hai depuración, se as taxas que poñemos non teñen en conta os custos da depuración, senón outro tipo de custos camuflados e mezclados con outras cousas, entón, claro, xa empezamos a liar o problema. Claro que ten que haber taxa. E vai haber unha taxa pola explotación do sistema de saneamento? Claro, a vai haber independentemente de que se xestione dunha maneira ou doutra. Obviamente, o noso posicionamento é chegar a un modelo de xestión pública e, se pode ser, mancomunada. É o noso posicionamento. Eso vai ser mañá? Non. Vai ser dentro dun ano? Pois ó mellor está cerca de que poda ser dentro dun ano ou dun ano e medio. Pero de aquí a un ano e medio a ver se podemos ir depurando as augas residuais. Que, xa digo, eu me pregunto por que cando se anunciaba no pasado que se estaba depurando, agora se di que por fin imos depurar. Se recoñece por parte do Partido Popular que antes non se depuraba. Porque eu, insisto, non se depuraba, é algo evidente, que calquera informe técnico sostén independentemente de que exista tratamento, pre tratamento e de que se asuman as teses e as informacións que se dan por parte do socio privado e minoritario de Emafesa. A min me parece moi respectuoso que se asuman as teses de parte do socio privado minoritario de Emafesa, pero, pois eu personalmente non as comparto. E tendo en conta a experiencia que levamos nestes meses teño moitas dúbidas de que a información que normalmente se traslada do socio minoritario, de Emafesa, sexa a correcta.

Se fala aquí de deficiencias, de que se recibiu unha depuradora con deficiencias. É que o problema non é que a depuradora tivese deficiencias, o problema é que nin sequera se mirou se tiña deficiencias antes de recibila. Porque eu podo entender, ou podería entender que se decidise e se explicase asumir a depuradora despois de saber as deficiencias que tiña e despois de explicar canto ían costar as deficiencias que tiña. Entón, ó mellor podía non estar de acordo, pero polo menos entendería que a cousa se fixera ben e se podía explicar o que se iba facer. Pero eso non se fixo. Non existen informes previos á recepción da depuradora do estado da depuradora. Informes, nin por parte de Augas de Galicia, que a recibiu da Confederación Hidrográfica, nin por parte do Concello. Esa é unha realidade. Non existe ningún informe. Igual que si que existe da estación de bombeo da Cabana, onde se fixeron informes para saber en que estado se recibía esa instalación, esa infraestrutura, non existen no caso da depuradora. Se recibiu a cegas. E, polo tanto, os

custos de poñela en marcha e de reparar as cousas que estaban mal e as deficiencias que están pendentes, foron moito maiores dos que estaban previstos, porque non se tiña previsto nada nese sentido. Non se fixo ben.

E se fala de informes. Existen informes xurídicos. O dixen en Comisión. Os únicos informes que existen respecto desta cuestión no concello son informes xurídicos sobre a posibilidade ou non de que se fixera unha encomenda de xestión. Eso non é discutible. Se solicitou información sobre "podemos recibir esta depuradora? É posible que no la encomenden?" Existen eses informes xurídicos. Non o discutín nunca. Eu falo de informes técnicos. Que informes técnicos? Non os hai. Sobre que recibíamos, en que condicións e que íbamos a facer con esa depuradora. Os únicos informes que existen son os que entrega Emafesa. Emafesa. Xestionada, -porque así o din tamén os pregos e o contrato- polo socio minoritario privado de Emafesa, os que entrega Emafesa respecto da depuradora. Son os informes que hai. E se fala de informes económicos. Bueno home, como me alegra que me fagas esa pregunta. Os informes económicos. Resulta que os informes económicos que hai, o estudio de custos e de explotación que entrega Emafesa respecto desa cuestión e que entrega o concello, porque é obrigado -cando hai que impoñer unha nova taxa hai que facer ese estudio-, resulta que despois o concello decide pedir un informe para ver se ese informe está ben. E a quen llo pido? A quen fixo o informe. E resulta que Emafesa lle paga a unha empresa para que faga un informe e o concello lle paga á mesma empresa para que diga se o informe que fixo Emafesa estaba ben. Así estamos. Resulta que eses son os informes que había. Esa é a realidade. E ademais tamén aproveito para comentalo, porque é unha cuestión que xa tiña pendente de hai tempo. Cando moitas veces se fala destes contratos das festas, que se falaba que se adxudicaban a posteriori e todo esto. Pois bueno, eu simplemente miraría cando se pediu ese informe, cando se recibiu ese informe e cando se contratou ese informe, o do concello. Porque ó mellor nos levamos sorpresas tamén. Un informe de xuño, de maio, que se adxudica en xullo de 2014. Pero todo se fixo moi ben, estupendamente, con moito tempo e con todos os informes. Home, sexamos serios. Eu acepto a crítica respecto de moitas cuestións, pero o que non acepto é que se fale de informes que non existen, que se pretenda confundir e que se digan cousas que se sabe que non son certas. Porque se sabe. Porque, xa digo, eu entendo que o Bloque algunhas cosuas, coa normalidade, que non teña o coñecemento que se lle supón ó Partido Popular, que tivo a responsabilidade de goberno durante catro anos, que foi quen analizou -eu entendo que non moi ben- toda esta cuestión e que nos meteu neste asunto. Entendo que teñen que ter información ou deberían. E que cando o Alcalde de Ferrol, agora ilustre Conselleiro de Servizos Sociais, saía a bombo e platillo, incluso pagando o concello un vídeo promocional dicindo que a depuradora depuraba. Viva! Que temos a ría saneada, etc. Eso se facía. Resulta que era mentira. Era mentira.

SR. ALCALDE: Por favor, Sr. Díaz, vaia rematando.

SR. DÍAZ DOCE: Remato. Vamos a ver, aquí se fala da moción. A ver, aquí hai unha moción que presenta un partido e o que se lle di a ese partido que presenta a moción nuns termos, o que se lle suxire

son os cambios que dende o goberno se introducirían para apoiar esa moción. Evidentemente, cando o goberno toma unha decisión, no marco do que se fala desa moción, terá que traelo ó Pleno cos informes previos, pasando pola Comisión pertinente para que se vote. É evidente. Pero cando se trae unha moción na que se insta ó goberno, entón o goberno indica como modificaría para que lle pareza asumible votar esa moción e se lle di como, se lle pide que se inste ó goberno? Pero se é o que se di na moción. Eu entendo que entón estamos pervertindo, levamos todos estes meses instando ó goberno en Pleno e o goberno votando e resulta que agora nos estrenamos nesta cuestión. Cal é o problema? É que eu realmente se me escapa.

Eu, e remato, evidentemente aquí a única, esta é a moción do Bloque, entendo que o Bloque apoiará a súa moción. Entendo que o Partido Popular non a vai apoiar. Nin esa nin ningunha outra que teña que ver con esta cuestión e que pretenda resolver os problemas. Por que? Porque é o principal responsable, insisto, o Partido Popular, -nin sequera o Partido Popular de Ferrol- o Partido Popular de Galiza, de Ferrol e incluso de máis alá, é o principal responsable de que ata este momento -e veremos se somos capaces de resolvelo- todos os custos de poñer en marcha a depuradora, preparada para que cando en cuestión de mes e medio cheguen o conxunto das augas residuais, poida depurar. Todos eses custos de posta en marcha e reparación os ten asumido a día de hoxe o Concello de Ferrol e, polo tanto, dunha forma ou doutra os veciños da nosa cidade. Veremos se somos capaces de mellorar esa situación de partida herdada e responsabilidade do Partido Popular. Porque se fala -e remato xa-, o convenio da depuradora, este, que remata o 8 de xuño, resulta que nós estamos en condicións, como dicía, de devolver o 8 de xuño a depuradora a Augas de Galicia, que ó mellor resulta que tamén lla devolve á Confederación Hidrográfica, despois de investir 4 millóns de euros en poñela fetén. Marabillosa xestión do Partido Popular.

SR. MONTES CELEIRO: Brevemente, porque, bueno, eu recordo cando no Pleno de suspensión da taxa, non sei se foi o Interventor ou o Secretario, que se falaba que o servizo require unha taxa e que se entendía nos informes que non existía ese tal servizo de saneamento e por eso se suspendía.

Logo todo isto pois vén duns conflitos tamén orixinarios, dunha xestión mancomunada, pola que nós apostamos, que no seu momento o Concello de Narón criticou que se asinase a Emafesa a xestión da Edar de Prioriño, sen contar con el practicamente para nada e esa situación pois hai que revertila, porque o saneamento é un saneamento, como digo, mancomunado.

Tamén dicir, xa para rematar, porque creo que desto xa se falou abundantemente, teño que dicir que agradezo a preocupación pola ría de Ferrol, pero tampouco podemos caer nese debate baseado unicamente nas palabras e non nos feitos, porque se houberse unha fonda preocupación polo estado da ría de Ferrol, pois eses case 9 millóns de euros que se destinaron a ampliación de capital de Reganosa poderían ser destinados a outras cuestións relacionadas con ese sector produtivo da ría e o mesmo sucede co acceso ó Porto Exterior dun goberno en funcións.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Bueno eu, en relación co que comentaba a Sra. Aneiros, dicir que o que estamos a pedir desde o Bloque Nacionalista Galego é que os veciños e veciñas desta cidade non paguen unha infraestrutura de saneamento que non deberían pagar. Vostedes desenvolveron un convenio polo cal os veciños desta cidade temos que pagar o coste desa infraestrutura e polo cal o Estado non vai poñer un só euro para a construción desa infraestrutura. Eso é o que estamos a pedir e eso foi produto da súa xestión desde o Concello de Ferrol.

Fala vostede que suporía o desenvolver unha rede separativa, empezar de cero e que ademais lla esiximos ó Estado. Home, tampouco está demais que unha Administración que ten esa competencia desenvolva as obras que ten que desenvolver e, en todo caso, non suporía ningún inicio desde cero, porque o único que implica é complementar unha infraestrutura que leva anos desenvolvéndose e que levamos agardando polo inicio desa depuración bastantes décadas.

É obvio. Bueno "é obvio" non, pero é certo que por ser unha obra de interese xeral a construción deses interceptores non as ten que asumir o Estado, pero si é certo que a declaración de interese xeral de todas as infraestruturas de saneamento que se desenvolveron no Estado en concellos de máis de 50.000 habitantes as pagou o Estado. E é certo que nós o estamos a pagar nós. E é certo que non só é que o esteamos a pagar nós e que o Estado, como dicía antes, non vai poñer un so euro para costear esta infraestrutura e que ademais esa hipoteca de corenta e cinco anos cada vez é maior. Porque primeiro pasamos de pagar o 10% desa infraestrutura a pagar o 13% por unha modificación que vostedes fixeron. Ara 2,7 millóns de euros máis e xa veremos o que temos que pagar cando desde a Unión Europea nos digan que se cadra as obras que se fixeron ata decembro de 2015 non son todas subvencionables. Porque tampouco estamos libres de que eso poida acontecer. Pero si se preocuparon vostedes, desde o Partido Popular, de que eso quedara especificado e claramente transcrito nun convenio, o feito de que desde a Administración Estatal non se vai pagar un só euro pase aquí a depuración que pase.

Dicirlle ó Sr. Díaz que nós temos suficiente coñecemento para saber algunhas cousas e o suficiente coñecemento para saber que prorrogar a concesión dun convenio para a xestión dunha estación depuradora con deficiencias, sobre a que vostede mesmo dicía que non hai informes e que se recibiu por este concello sen avaliar o seu funcionamento, que, sinceramente, considero que eso debería ser un traballo que debería desenvolver a Xunta de Galiza, pois é obvio que supón dar continuidade ó mesmo esquema de funcionamento para o saneamento nesta ría. Creo ademais que ninguén lle impide que inicien o proceso de depuración, agora ben, o que lle estamos a cuestionar é que o fagan asumindo circunstancias que consideramos inasumibles, que propuxo o Partido Popular e que vostedes non cuestionan. Porque este non é un problema de que confundamos a xestión derivada do convenio con Acuaes coa xestión da estación depuradora. Ese non é o problema. O problema é que vostedes se preocupan moito e teñen a suficiente, como digo, preocupación por determinar o coste dunha tarifa variable, que pretenden desenvolver a través da empresa Acuaes, pero non cuestionan o feito de que esa mesma empresa nos impoña, como eu digo,

eses 2,7 millóns de euros máis produto de que se retrasan nas obras. É que son eles os que están facendo que os veciños desta cidade paguemos 2,7 millóns de euros máis. E a vostedes non lles preocupa. Non se cuestionan. Miren, pero por que se retrasaron vostedes nas obras? Cal é a responsabilidade de que eso aconteza? Non existe ningún tipo de responsabilidade? Haberá unha dirección facultativa que será responsable dos retrasos e de non cumprir os prazos que están recollidos na execución desas obras. Hai unha empresa constructora que terá que acreditar por que eses prazos non se teñen cumpridos. Hai unha empresa que xestionou todo eso, como é Acuaes, que terá algún tipo de responsabilidade polo feito de que eso aconteza. Pero non, a vostedes o que lles preocupa, bueno, "o que lles preocupa", esto non é ningún tipo de preocupación, vostedes asumen de maneira absolutamente sumisa, como facía o Partido Popular, que asumamos non só o pago da infraestrutura senón que asumamos o coste de poñer en funcionamento unha infraestrutura que, como digo, non deberíamos asumir, porque esa taxa de saneamento, da que vostedes falan e que nun Pleno municipal neste mesmo lugar vostedes afirmaron que a suspensión da ampliación desa taxa implica que non se lles vai cobrar ningunha taxa a ningún veciño nin veciña de Ferrol, cando agora vostedes están dicindo que se vai impoñer unha taxa. Isto é literal, dixérono vostedes nese Pleno municipal e agora recoñecen que se vai impoñer unha taxa. Es taxa non só se refire ó saneamento e á depuración, senón que inclúe a construción da infraestrutura e que, como digo, non sabemos cal vai ser o coste final desa construción.

E remato dicíndolles que é obvio que as diferenzas entre o que estamos a propoñer nós e o que están a propoñer vostedes se certifican no feito de non querer cuestionar o convenio con Acuaes nesta proposta de emenda que vostedes nos fan. Non esixirlle responsabilidades á Administración Estatal para a construción dunha depuradora que non funcionaba explica que vostedes son absolutamente conniventes con todo aquilo que provén da Administración Estatal e que non teñen ningunha intención de pedirlle responsabilidades sobre estas cuestións, a pesar de que neste mesmo lugar vostedes tiñan manifestado que apostaban pola remunicipalización e que ademais tiña que ser agora, vendo os incumprimentos moi graves por parte do socio privado. Parece que no momento actual xa non consideran que eses incumprimentos sexan tan graves.

SR. ALCALDE: Vamos votar esta moción.

Pasamos á seguinte moción e recordo que quedan aínda tres puntos na orde do día, polo que rogo maior brevidade nas exposicións.

9.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE ADHESIÓN Ó PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DA XUNTA DE GALICIA.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do Partido Popular, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de vivenda de Galicia establece que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer de vivendas baleiras, co obxectivo prioritario de favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular aos colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

O contexto de crise dos últimos anos motivou que moitas persoas se visen en risco de perder a súa vivenda habitual ante a imposibilidade de facer fronte ao pago das cotas hipotecarias ou das rendas de aluguer. Ante esta situación a Xunta de Galicia vén impulsando dende hai anos diferentes programas.

Entre as medidas adoptadas está o *Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*. Un plan que ten como primeiro eixo de actuación o "acceso á vivenda" a través de diferentes programas.

Entre eles, recóllese o Programa de Vivendas Baleiras co que se pretende mobilizar as vivendas baleiras existentes en Galicia, calquera que sexa o seu propietario, para destinalas a alugueiro social.

Este Programa de Vivendas Baleiras desenvolverase en colaboración cos concellos, que serán os encargados de propoñer as vivendas que se poidan incorporar así como os adxudicatarios das mesmas, sempre respectando os requisitos establecidos.

A Xunta de Galicia vén de autorizar o convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias polo que a Fegamp difundirá entre os concellos a creación deste Programa e promoverá a súa incorporación ao mesmo.

Pola súa parte, a Xunta comprométese a proporcionar para as vivendas que se incorporen un seguro multirrisco do fogar e un seguro da garantía do cobro da renda.

Os concellos que desexen participar no Programa de Vivendas Baleiras deberán adherirse ao mesmo asinando o correspondente acordo de adhesión.

Tendo en conta esta iniciativa e a implicación que un concello como o noso debe ter na protección do dereito constitucional a unha vivenda, o Grupo Municipal Popular propón a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Instar ao goberno municipal a que dea os pasos necesarios para adherirse ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, para o cal asinará o acordo de adhesión previsto no convenio coa FEGAMP.
- 2.- Instar ao goberno municipal a que propoña á Xunta de Galicia a inclusión do Concello de Ferrol no Programa das vivendas de propiedade municipal que non se atopen ocupadas e que estean en condicións ser habitadas.

3.- Instar ao goberno municipal a que xestione a incorporación do Concello de Ferrol ao Programa de vivendas propiedade de terceiros que se atopen desocupadas e en condicións de ser habitadas."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e de acordo co art. 110.2 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, rexeitouse a moción transcrita co voto de calidade do Alcalde despois de reiterarse a votación de once votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Popular e Ciudadanos fronte a once votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

DELIBERACIÓN

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias, Sr. alcalde. Bueno, el contenido de esta moción va con el objetivo de que este concello sea uno de los concellos que se adhieran a ese convenio suscrito, que es el fruto de la colaboración entre las Administraciones Públicas, un convenio firmado entre la FEGAMP y la Xunta de Galicia y que tiene como objetivo movilizar viviendas desocupadas y destinarlas a alquiler social, con unos beneficiarios concretos, prácticamente los colectivos más vulnerables, las familias con dificultades y con la ventaja de que la Xunta se haría cargo del seguro de multiriesgo del hogar y el seguro también de garantía de cobro de rentas con asistencia jurídica. Creemos que es una buena herramienta para ofrecer una garantía de vivienda a las personas que más dificultades tienen, una vivienda digna y desde luego tiene la ventaja de que, por un lado, va dirigido tanto a viviendas que pueden ser de terceros como a viviendas de propiedad municipal. Y no podemos olvidar que en el caso del Concello de Ferrol hay una característica muy concreta que es la cantidad de viviendas, las más de mil viviendas que posee este concello en el barrio de Recimil. Y con esa idea, con esa idea de favorecer la situación de muchas familias, pues queremos y creo que es un objetivo especialmente lícito y justificado que este concello se adhiera a ese convenio firmado en esa Federación, que al final representa a todos los ayuntamientos de Galicia y para que pues Ferrol también pueda contribuir a la consecución de una vivienda para las familias más necesitadas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Efectivamente, Ferrol estaba a la cabecera, junto con Manresa y Lugo, de las ciudades con mayor número de viviendas vacías que hay en España. Todos conocemos las causas, son múltiples, es un indicador de cómo está la ciudad, población envejecida, sin jóvenes, sin empleo, y son muchos los ferrolanos que han tenido que irse y, efectivamente, quedan viviendas sin ocupar. Además la crisis lo que ha hecho es agravar una situación y dejar en situación vulnerable y precaria a una serie de personas que ven muy difícil el acceso a un alquiler y a una vivienda, cuando ese acceso a una vivienda es un derecho fundamental. Así pues Ciudadanos vamos a impulsar la propuesta que favorece que facilite el acceso a la vivienda, porque entendemos que es una política positiva y que facilitará el acceso a los colectivos más desfavorecidos. La única duda que podemos tener es con respecto a las viviendas de carácter municipal, la posibilidad de que esas mil viviendas de Recimil puedan, previo a los problemas que hay ya en Recimil, ser alquiladas a través de la Xunta de Galicia, aunque pague el seguro multiriesgos

y pague la fianza desde el momento en que falta un censo y hay una serie de problemas en esas viviendas. Yo ahí sí que solicitaría la votación por puntos incluso, no porque no lo pueda compartir, sino porque creo que puede haber problemas en ese punto. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Eu, respecto desta moción algún comentario. En primeiro lugar que os puntos de acordo teñen un enunciado cando menos curioso e é que sobre todo o segundo punto e o terceiro punto rematan os dous dicindo "que non se atopen ocupadas e que estean en condicións de ser habitadas"; é dicir, a min déanmas todas preparaditas que eu, a partir de aí, xa llas entreguo a quen considere. Eu creo que unha Administración como a Administración Autonómica debería preocuparse sobre todo daquelas vivendas e nunha cidade coma a nosa na que o patrimonio arquitectónico está nun estado de deterioro e de ruína cada vez máis avanzado, de poñelas en condicións de que estas vivendas poidan ser ocupadas antes de que un concello coma o Concello de Ferrol lle entregue as vivendas xa preparadas para que a xestión da súa ocupación se poida facer por parte da Xunta de Galiza. Esto en primeiro lugar.

En segundo lugar, dicirlle que non parece a mellor opción que desde a Administración Autonómica se propoña esta medida, cando existen vivendas desa mesma Administración Autonómica no Concello de Ferrol que están desocupadas. Primeiro ocupen aquelas que teñen xa en propiedade e despois, se necesitan máis, pidan máis. Pero parece que é un pouco ilóxico que tendo vivendas no barrio de Ferrol Vello que non están alugadas, vostedes pretendan agora que desde o concello se lle entreguen máis non sei para que, será para almacenalas. Porque aí teñen moitos problemas antes que xestionar novas vivendas, como por exemplo subsanar as deficiencias que existen naquelas no barrio do Bertón, problemas que seguen latentes e que impiden que haxa veciños e veciñas que teñen adxudicadas esas vivendas e que poidan ocupar esas vivendas, porque impiden que as infraestructuras que acompañan ó funcionamento desas edificacións, como son as instalacións dos ascensores, funcionen de maneira correcta. E desto vostedes non se preocupan, se preocupan de que lles entreguen vivendas preparadas para que esto sexa así.

A todo esto hai que sumarlle o feito de que non só contan con este conxunto de vivendas sen ocupar, senón que ó longo de todo o concello pois suben locais e máis vivendas, tanto no barrio de Caranza como no barrio de Esteiro, que siguen desde a Administración Autonómica sen xestionar os trámites necesarios para que se poidan poñer ó servizo dos veciños e veciñas desta cidade que, como todos e todas sabemos ten un 20% de vivendas baleiras, pero que ademais de estar baleiras están nun estado de deterioro cada vez máis avanzado. Que, por certo, desde a Administración Local non estaría de mais que empezáramos a cuestionarnos cales son os protocolos de xestión de todo ese patrimonio e deixemos de ver este problema desde as alturas, sen ter en conta as peculiaridades que teñen moitas edificacións con moitos propietarios ou algúns deles, dos que non temos nin coñecemento, e con outros, que estarían dispostos a facilitar o feito de que desde a Administración Local este patrimonio se poida xestionar ou cando menos reparar. É por esto que non vamos a apoiar esta moción que se nos propón desde o Partido Popular e, en todo

caso, instamos ó goberno do Partido Popular da Xunta de Galiza que aquelas vivendas que posúe neste concello, que inicie os trámites necesarios para poder alugalas. Despois xa veremos se é necesario que xestionen máis.

SRA. SESTAYO DOCE: Gracias, alcalde. Primeiro manifestar a nosa coincidencia co exposto nese momento polo Bloque Nacionalista Galego. Realmente esta moción está claramente baseada nun oportunismo electoral carente de rigor e desde logo carente pois dunha mínima autocrítica e mesmo unha diagnose sobre cal é a situación da vivenda en Ferrol, cal é a situación da vivenda pública das diferentes Administracións en Ferrol, cal é o nivel de ocupación da vivenda en Ferrol e as súas condicións, efectivamente, de habitabilidade. A oportunidade ou o oportunismo, que é peor, ademais coincide con mañá unha xornada no edificio administrativo da Xunta, que ós responsables e ós funcionarios do goberno de Ferrol se lles avisaba aínda onte mesmo, impedindo ademais así ter unha axenda normal para traballar, pois neste novo escenario electoral en que se está a anunciar o que durante pois nada máis e nada menos que sete anos de goberno da Xunta de Galiza non se fixo e durante catro anos, que acabamos de ver, de maiorías absolutas do Partido Popular non se fixo. Pero agora en campaña electoral se lles ocorren todas estas cuestións.

Primeiro, efectivamente, o IGVS, entidade da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia debe ó Concello de Ferrol 1,8 millóns de euros. En xuntanza co Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Alcalde de Ferrol máis eu mesma, plantexamos a necesidade de, bueno a posibilidade de que parte desta débeda se fixera a través de Vivenda, dada a inmensa preocupación do goberno de Ferrol pola necesidade de garantir o dereito á vivenda das persoas en Ferrol. Un dos problemas máis importantes que ten a cidadanía en Ferrol. Seguimos esperando. Seguimos esperando non só a compensación, seguimos esperando a documentación que se iba a reenviar, como seguimos esperando, efectivamente, o máis elemental, que se adxudiquen as vivendas baleiras do IGVS en Ferrol.

Existen en Ferrol non só vivendas da Xunta que están baleiras, existen numerosas solicitudes que se producen semanalmente dentro dos nosos Servizos Sociais, solicitando a adxudicación desas vivendas. Existen recursos por parte da Administración Local ou ben asesoradas por persoal dos Servizos Sociais a persoas usuarias de vivendas no IGVS, nas que se lles apercibe por parte da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, se lles apercibe o desafiuzamento se non pagan cantidades que se adebedan de aluguer. Eso é o que está facendo a Xunta de Galicia. Isto é o que está facendo no día de hoxe. Hoxe mesmo ou calquera día que podan acudir ós servizos sociais atoparán familias que viven en vivendas do IGVS e que a Xunta de Galicia lles apercibe que se non pagan están en situacións de absoluta precariedade. Esta mesma mañá atendíamos a unha familia que non ten ningún tipo de ingreso, que lle foi denegado o Risga e que lles aperciben de desafiuzamento, a propia Xunta de Galicia, co que agora pretenden plantexar esta moción e resulta que non se lles ocorre idea máis normal, manter esas familias que non teñen recursos, activar protocolos sociais para darlles os recursos ou ocupar as vivendas que teñen baleiras. Non, eso non se lles ocorre. Algo que é

inmediato, de resolución inmediata. Non se lles ocorre tampouco ás Comisións de Vivenda, que estaban activadas cando existían os gobernos bipartitos, tanto en Ferrol como no goberno da Xunta, que existían as Comisións de Vivenda, que funcionaban con regularidade, polas cales dende Servizos Sociais facían as propostas de adxudicación de vivenda do IGVS, pero que quedou paralizada en busca dun sistema mellor, había que cambiar todo o que facía o bipartito, dende os carteis hasta as cousas máis importantes, pero que ese sistema ó mellor todavía non se atopou despois de tantos anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. É evidente que se a Xunta de Galicia quere preocuparse das persoas que carecen de vivenda en Ferrol, nesta cidade, que é do que estamos a falar, teñen vivendas baleiras e persoas sen vivenda. É tan fácil como que mañá a Xunta de Galiza, o IGVS, dice: "Resolucións admitindo as propostas feitas por traballadoras dos servizos sociais de Ferrol". Tan fácil como eso, nas que se da razón ás técnicas da Xunta de Galicia. O persoal técnico da Xunta de Galicia coincide na necesidade de que esas persoas teñan unha vivenda, pero que o IGVS e os instrumentos políticos resulta que non adxudican. Eso é do primeiro que debería preocuparse, Sra. Aneiros, en vez de ir en contra da cidadanía, da súa cidade, porque aquí estamos para defender á cidadanía de Ferrol. Pero que ademais, efectivamente, non só adxudican as que teñen a disposición, senón que ademais, efectivamente, pois pretenden incorporar un patrimonio do Concello de Ferrol, un patrimonio de vivendas e que ademais o Concello de Ferrol as arranxe para maior gloria da Xunta de Galicia. Realmente é insólito que o Partido Popular pida esto. Realmente é insólito, é dunha disciplina de partido que vai en contra claramente dos intereses da cidade, dos intereses de tantas familias de Ferrol que resulta dun lesivo que de verdade sorprende que se produza.

Por outro lado, este protocolo non está feito, como saben, non está o acordo. E o acordo, o que se contempla, é un acordo tipo de combate contra os desafiuzamentos e que ademais deberá axustarse a cada concello. Porque non é o mesmo nos concellos en que hai patrimonio de vivendas. Non é o mesmo nos concellos en que existen vivendas, como neste caso, como en Ferrol, do IGVS, daqueles nos que non existen. Non é o mesmo os sitios nos que como en Ferrol existen vivendas baleiras do IGVS pendentes de adxudicar que aqueles que non existen. Parece unha obviedade. É que parece unha obviedade. Como pode ser que durante anos a Xunta de Galicia non adxudique as vivendas baleiras que teñan. Que a Xunta de Galicia desafiunce á xente que ten nas vivendas públicas e que hoxe nos digan que por que non facemos un convenio e nos adherimos a un protocolo que incorpore o noso patrimonio de vivenda a unha Administración que xa ten vivendas e que pretende botar á xente á rúa. Realmente é insólito. Evidentemente non imos entrar neste paripé, nos parece unha grave irresponsabilidade pola súa parte. Nos parece un adoutramento do Partido Popular en campaña electoral que raia o esperpento e de verdade que o digo como o penso. Creo que se podería ser moitísimo máis dura e o que deberían facer é axudar ó goberno de Ferrol a que se cumpla, por certo, a normativa vixente do IGVS e que as persoas que teñen informe favorable de adxudicación de vivenda dentro do IGVS

e de que existen vivendas baleiras, que mañá mesmo as adxudique o IGVS, porque eso se pode facer inmediatamente e levan anos sen facelo. Moitas grazas.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, un pouco reiterar o comentado polo BNG e polo grupo do PSOE, sobre todo no punto 2, que son vivendas municipais e as vivendas municipais xestiónaas o Concello, teñen unha regulación propia. E logo, no relato desta moción, pois tamén calquera que sexa o seu propietario. Especifica aquí, a maioría das vivendas baleiras que existen actualmente en Galicia, pois a maioría das que estean deshabitadas e en condicións de ser habitadas de inmediato, a maioría son de grupos inmobiliarios, de fondos buitres e en xeral do que é o capital inmobiliario, da burbulla inmobiliaria.

Entón, nese sentido, a Xunta de Galicia leva diferentes plans, diferentes programas, o Plan Rehabilita, aprobado en 2015 e o que quere implementar agora é un plan a costa dos concellos. É un plan ademais que eu persoalmente descoñezo, vaise firmar creo que o vindeiro 3 de maio, polo tanto non podemos aprobar adherirnos a algo que non existe e que tampouco é coñecido publicamente. Entendemos, por tanto, que a presentación desta moción é un brindado ó sol, con medidas raquílicas, para facer fronte ó problema como o da vivenda, que hai que atallalo dunha forma seria. Eu creo que o xeito de aprobar que o Concello de Ferrol se adhira a un programa coma este, eu creo que a Xunta de Galicia ou a FEGAMP, pois coñecelo da primeira man, non a través dunha moción do Partido Popular.

Entón, como digo, nós imos votar en contra destas medidas e, en todo caso, pois estaremos pendentes de cal é o contido dese convenio que actualmente non coñecemos.

SRA. ANEIROS BARROS: La verdad, primero empezar lamentando algunas cosas que se tienen que oír en este Pleno en relación con una moción como la que hoy se trae aquí. Claro, es que que vengan a preguntarnos a nosotros si estamos interesados en garantizar la vivienda en Ferrol, Sra. Sestayo. Pero, dígame usted, qué han hecho en el gobierno municipal. Es que ustedes están gobernando en Ferrol por la vivienda. Díganmelo. Además de declarar a Ferrol ciudad libre de desahucios, porque esa es una simple declaración, Sra. Sestayo. Y un gobierno está para hacer cosas, no para hacer declaraciones, que también. Pero desde luego hay que ejecutar. Por mucho que le duela, en el mandato anterior se arreglaron treinta viviendas en Recimil, todas ellas adjudicadas, un baremo que tuvimos que hacer nosotros, porque ustedes dejaron, -ni siquiera lo habían baremado-, simplemente generaron una expectativa también, a lo mejor coincidiendo con la proximidad de las elecciones. ¿Cuántas viviendas ha adjudicado usted, Sra. Sestayo, en el barrio de Recimil? ¿Cuántas ha arreglado, Sra. Sestayo? Son preguntas muy concretas, creo que me las podrá responder con mucha facilidad. Sabe usted que hay casi cuatrocientas familias que están esperando por una respuesta de este gobierno en un proceso de regularización, que les están pidiendo que hagan algo y que no les están dando respuesta. ¿Esa es la política de este gobierno en materia de vivienda? Y nosotros lo traemos aquí este gobierno, que lo único que pretende es darle utilidad a viviendas que están vacías, eh, para que puedan estar a disposición de familias que lo necesitan y vienen aquí aprovechando esta moción para hacer demagogia. Miren,

el IGVSS, pues a lo mejor, efectivamente, hay cuestiones que son criticables del IGVS, pero yo solamente les voy a decir una cosa, después de todo lo que usted acaba de decir. Mire, en el mes de abril el IGVS hizo dos adjudicaciones de viviendas, dos. Una, a una víctima de violencia de género y, otra, una vivienda adaptada, a una persona con movilidad reducida. Son dos adjudicaciones reales, Sra. Sestayo. Y están trabajando en el resto. Mire, le podemos exigir al IGVS lo que usted quiera, pero usted es la responsable del área de Bienestar Social en este ayuntamiento y dígame usted que nosotros traemos este convenio, ¿cuál es el problema de suscribir este convenio? Dígamelo. Claro, esa es la verdad. ¿Va a votar en contra de esta moción? Bueno, pues usted sabrá. Después dirá que usted defiende también la vivienda digna en Ferrol.

Mire, y le voy a decir una cosa. Habla de que somos irresponsables por traer esta moción. Pero es que los irresponsables a lo mejor son los miembros de su partido también. Es que yo le quiero recordar que usted viene aquí a hablar de oportunismo electoral por haber aprobado este convenio que se aprobó con la FEGAMP. Yo no sé si usted se da cuenta que la FEGAMP está presidida por un alcalde socialista. Claro, a lo mejor es de otra parte del PSOE, de la que no es usted, tal y como están las cosas últimamente, en donde unos dicen una cosa y otros dicen la contraria y ya no voy a profundizar. Pero, mire, insisto, se aprobó en la FEGAMP y hay miembros de su partido, pues a lo mejor son más responsables, que han apoyado esta moción. Esta moción solamente busca que este ayuntamiento consiga viviendas para ponerlas a disposición de familias que lo están necesitando. Si a usted le preocupa... Claro, me podría decir, "mire, es que yo prefiero centrarme en mi competencia y trabajar y conseguir adjudicaciones en el barrio de Recimil a familias que están necesitadas". Pero tampoco me dice eso. Usted sigue hablando de la Xunta, que es la política de este gobierno últimamente, mirar para otras Administraciones y no asumir sus responsabilidades. La verdad es que lamento, porque pensé, sinceramente, que no iban a tener problema en asumir una moción que simplemente, insisto, busca que familias que lo necesitan puedan ocupar una vivienda. Sigán con las declaraciones "Ferrol libre de desahucios", pero en cambio la realidad se demuestra en estos momentos.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Brevemente. Eu pediríalle ó Partido Popular, a través da Xunta de Galiza, tres cousas. Unha, que ocupen as vivendas que posúe a Xunta de Galiza neste concello. A segunda, que subsanen as deficiencias das vivendas que posúen neste concello e que impiden que en moitas delas se poida acceder a elas, a pesar de que están adxudicadas. E, terceiro, que máis que desenvolver programas deste tipo, que non teñen máis que un contido baseado na xestión, que se preocupen e centren os seus esforzos en desenvolver os investimentos precisos para a recuperación dun patrimonio que cada vez está máis deteriorado nesta cidade.

SRA. SESTAYO DOCE: Brevemente, non vou entrar na frivolidade da Sra. Aneiros respecto dos pactos dos partidos. Evidentemente, tanto o Presidente da FEGAMP, como a min, como a calquera de nós, estamos nese partido que leva ocupándose da política social durante tantos

anos e, precisamente, polo proxectivo que é chegar un Presidente da FEGAMP, socialista, para esixir políticas de vivenda. Antes existía un Presidente da FEGAMP do Partido Popular, que actualmente é Conselleiro de Política Social e que non lle preocupou nada a política social.

Mire, este goberno, efectivamente, non só declara a través do Pleno a Ferrol "cidade libre de desafiuzamentos", senón que paraliza, -eso é o que fai este goberno- sesenta e un desafiuzamentos ata o de agora, Sra. Aneiros. Xa sei que vostedes non o facían, pero sesenta e un desafiuzamentos dende que chegamos ó goberno. Esta é a política activa real fóra das declaracións. Vostede afirma que o único que queren é, collín, entrecomillado, para non alterar a súa vontade, "darlle utilidade a vivendas que teñen baleiras". Que é o que pretenden? Pero se o poden adxudicar. Teñen vivendas baleiras do IGVS en Ferrol e están sen adxudicar. Existen peticións. Existen decenas e decenas de peticións de cidadáns e cidadás ferroláns en vivendas do IGVS. Existen informes sociais desas persoas e desas familias, -non sei o que non entende, porque é bastante sinxelo de entender- que din que a esas persoas ténenlles que adxudicar vivendas solicitadas do IGVS. Do IGVS, Sra. Aneiros. Están solicitadas e están informadas favorablemente e están confirmadas polos informes técnicos das traballadoras sociais da Xunta de Galicia, que din que, efectivamente, teñen que adxudicarse e a Xunta de Galicia non as adxudica. Home, eu xa sei que lle molesta que fale da Xunta de Galicia, pero nun convenio que ofrece a Xunta de Galicia, Sra. Aneiros, permítame que non fale de Rajoy, se quere tamén falo, pero parece que non debería ser o caso. Vostede propón aquí un convenio da Xunta de Galicia. Resulta que está presidida por Feijoo -espero que por pouco tempo-, Presidente da Xunta de Galicia do Partido Popular. Sinto moito que a vostede lle moleste. Pero, mire. Insisto, é tan fácil como adxudicarlle as vivendas baleiras. Eso non necesita firmarse en ningún convenio. E para que se informe ben, ademais esta política de vivenda, efectivamente pedida pola FEGAMP e polas novas sintonías de gobernos progresistas, fronte á parálise que existía antes pola FEGAMP, presidida polo ex Alcalde de Ferrol, que non tivo a ben no seu día propoñer acordos, o que incorpora é a necesidade de axustar un convenio marco ás particularidades das cidades. E volvo a dicir os parámetros: Se existe patrimonio público de vivenda, se non existe, se existen vivendas baleiras, se non existen, condicións de habitabilidade, etc. E eso é o que nos temos que sentar. E o que resulta increíble, Sra. Aneiros, é que vostede manteña disciplina de partido e non esixa por exemplo que o 1,8 millóns de euros que nos debe o IGVS a este concello, ós cidadáns e cidadás de Ferrol, que nos debe 1,8 millóns de euros a esta cidade e que se pediu por parte deste goberno que se compense en parte en vivenda, en adxudicación desas vivendas, en persoas que ás veces tivemos que adxudicar, que ás veces tivemos que alugar incluso en hostales, en hotel-residencia, porque incluso en cuestións de emerxencia non puidemos adxudicar a persoas que tiñan proposta de adxudicación no IGVS e que o propio IGVS non adxudicaron tal vivenda e tivemos que adoptar solucións de emerxencia e resulta que vostede vén con algo que se podería estar facendo. É máis, que pode facer mañá. Insisto. Eu apoiarei, este

gobierno apoiará que mañá se adxudiquen as vivendas baleiras do IGVS que están en condicións e que teñan os informes favorables. Mire, nin sequera os que non teñen informes, os que teñen os informes favorables. Estamos de acordo? É tan fácil como eso. Pero, por favor, cando se trae unha moción aquí hai que traela para solucionar problemas de Ferrol, non hai que traer aquí algo para facer propaganda, porque propaganda é fácil facela, pero o que existe agora son persoas, e se quere lle dou os nomes e apelidos con respecto á protección de datos, algo que non podo facer aquí, evidentemente, porque supoño que sabemos do que estamos a falar, que teñen vivendas solicitadas, ou lle dou os datos, o número de persoas con apercibimento de desafiuzamento por parte do IGVS, desa Xunta que agora resulta que se ocupa de tanto protexer as vivendas. Sexamos serios, sexamos rigurosos e preocúpese máis por Ferrol e preocúpese menos polo Partido Popular. Nada máis.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, reiterar que me parece moi pobre o que pretende a Xunta de Galicia, convertir ós concellos en axencias inmobiliarias dos fondos buitres, que son a maioría das vivendas vacías e listas para ocupar e que, en todo caso, que asuma as súas responsabilidades. Porque a ninguén se lle escapa que os ritmos da promoción pública de vivenda durante os tempos dos anos atrás que pasamos non foron os mesmos que a promoción privada. Eso, porque interesaba ós poderes públicos do Estado promover esa burbulla inmobiliaria, porque todos vemos o tempo que se tarda no Bertón en construír e o tempo que se tardou noutras parcelas privadas. Entón, asuman as súas responsabilidades, porque consideramos que esta situación, que é unha verdadeira emerxencia social á que hai que dar resposta dende os poderes públicos para atender ás demandas das persoas que durante estes anos perderon os seus fogares e non atoparon unha solución habitacional axeitada e digna. Apostamos pois por unha política e programas que de verdade defendan unha vivenda e un aluguer social con medidas serias e non simplemente como propaganda política. Poden vostedes continuar con esa propaganda política ata que fixen no calendario a data das eleccións á Xunta e daquela rematará toda esta cuestión de propaganda e de colaboración cos grandes grupos inmobiliarios deste país.

SRA. ANEIROS BARROS. Bueno, la verdad es que al gobierno de esta ciudad se le da fantástico hacer oposición. Yo no sé cómo gobiernan, porque es que tienen un arte para que cuando a ustedes se les exige algo reconducirlo hacia otras Administraciones. Es que este es un convenio que pedimos que firme este concello. Claro, y aquí ustedes lo que hacen es eludir responsabilidades. Es que esa es la realidad. ¿Dónde está la responsable del área social, que no hizo mención alguna de su gestión en torno a la vivienda en este concello? Es que este gobierno lo que hace es declarar a Ferrol libre de desahucios y cuatro días después sale un miembro de su gobierno denunciando desahucios que se producen en Ferrol. Es que éste es el resumen de este gobierno. Es que usted, Sra. Sestayo dice, por el IGVS, bueno, claro, dicen ustedes... yo no soy la Xunta ¿eh?, ante todo. Porque aquí se dirigen a nosotros como si fuéramos la Xunta. Ojo, no somos la Xunta. Y dice: "El IGVS tiene viviendas vacías que no adjudica". Y yo le digo, Sra. Sestayo, usted, gobierno de Ferrol,

tiene viviendas en Recimil vacías que no adjudica. Claro, pero apréndase la lección y aplíquesela usted. Qué fácil es hablar de los demás cuando usted no asume lo suyo. ¿Cuántas viviendas ha adjudicado? No me ha contestado. Le contesto yo: Ninguna. ¿Cuántas viviendas ha arreglado? Le contesto yo: Ninguna. ¿Tienen dinero para adjudicarlas? Pues háganlo, si es que les queda algo. Claro, háganlo. Es que es así de claro. Esa es la política de vivienda del Concello de Ferrol. Esto es lo que hace, Sra. Sestayo, en el gobierno de Ferrol. Ahora entendemos por qué quizás el Sr. Sánchez no se enteró todavía de que usted gobierna en el Concello de Ferrol.

10.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DUNHA "TARXETA MOEDEIRO" PARA COMPRA DE ALIMENTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE E PRODUTOS DE HIXIENE.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do Partido Popular, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Crise económica provoca cambios bruscos e dificultades significativas en algúns aspectos da vida, sobre todo no emprego, sector moi determinante sobre a inclusión ou exclusión dunha persoa na sociedade.

Na cidade de Ferrol, persoas que gozaban dunha situación totalmente normalizada, agora intégranse ao grupo de persoas en risco de vulnerabilidade. O Concello debe ser consciente desta situación e concretamente o departamento de Benestar Social debe procurar a través de distintas alternativas dar solucións ás demandas que se lle presenten co obxecto de asegurar a igualdade de oportunidades no acceso ao benestar, en cumprimento do artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos que establece que todas as persoas terán dereito a "un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestiario, a vivenda, a asistencia médica e o servizos sociais necesarios".

Unhas das accións positivas que se desenvolven desde os servizos sociais, son as axudas económicas que se conceden ao abeiro do regulamento das emerxencias municipais. Sen embargo, simultaneamente é necesario instrumentar outras medidas que teñan por obxecto mellorar a grave situación socio-económica que atravesan numerosas familias da localidade, unha porcentaxe superior á desexable por este Concello.

Unha das medidas positivas para loitar con esta situación é a implantación dunha "Tarxeta Moedeiro".

O obxectivo de dita tarxeta é dotar dun instrumento novo ás axudas económicas para a alimentación que se conceden na cidade a persoas en situación de vulnerabilidade. Trátase dunha tarxeta moedeiro, cun saldo definido polos Servizos Sociais Municipais, que

evita a estigmatización da persoa beneficiaria, xa que lle permite escoller unha gran variedade de alimentos en establecementos normalizados sen ter que acudir a centros benéficos da localidade de reparto de alimentos.

A Corporación Municipal recibiu un comunicado da Xunta Directiva da "Cocina Económica de Ferrol" no que nos informan de que o pasado 19 de marzo decidiron finalizar o servizo de recollida de bolsas de alimentos a partir do mes de xaneiro do próximo ano 2017, centrando a súa actividade nas funcións propias da Cocina Económica. Consideran que sería contraproducente manter indefinidamente o servizo de recollida de alimentos. Concretamente, entenden que sería contraproducente para a Cocina Económica, para a Administración Pública e, sobre todo, para os propios usuarios, dado que o servizo que reciben merma a súa capacidade de autonomía e, pese á súa mellor vontade, a calidade dos seus dereitos sociais. A propia Xunta Directiva da Cocina Económica propón que podería levarse a cabo un servizo de reparto sin cociñar, de vales para compra de alimentos de primeira necesidade ou calquer outro recurso, cun seguimento directo y contínuo por parte dos traballadores sociais municipais.

Por todos estes motivos, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción do seguinte ACORDO:

1- O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal á implantación dunha Tarxeta Moedeiro, como recurso para as familias en risco de exclusión social, para a compra de alimentos de primeira necesidade e produtos de hixiene."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de once votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Popular e Ciudadanos e once abstencións, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SRA. MARTÍNEZ BECEIRO: Buenas noches y muchas gracias, Sr. alcalde. Voy a intentar ser breve y espero con esta moción conseguir un consenso de todos los grupos políticos, porque estamos hablando de lo que nos tiene que preocupar, son temas de Ferrol y yo creo que una propuesta con un carácter constructivo y en positivo de la implantación de una tarjeta monedero va a ser bien recibida por la Corporación y espero que por el gobierno municipal. Esta propuesta de tarjeta monedero iba con la idea de, bueno, pues darle un recurso más a lo que son las ayudas sociales, dentro del área de la política social en el Ayuntamiento de Ferrol con la idea de, bueno, cubrir la necesidad de alimentos de las familias que estaban siendo derivadas en su momento, bueno, pues por los servicios municipales a algo tan conocido por todos nosotros como es la Cocina Económica. Era algo que ya estaba dentro de nuestro proyecto de ciudad, que ya teníamos en el negociado, con un informe propuesta y que, bueno, estaba también con los criterios técnicos para poder implantarla y, bueno, creemos que es conveniente traerla en este momento, dado que recibimos toda la Corporación y entiendo que se hace, también el gobierno municipal, de un escrito de la Junta Directiva de la Cocina Económica, que en el mes de marzo determinó que para cumplir rigurosamente con sus

estatutos van a dejar de dar el servicio de reparto de bolsas de alimento para el año que viene. Y teniendo en cuenta que los tiempos en las Administraciones son más que lentos y muchas veces no le dan la respuesta inmediata a las necesidades más básicas de las familias, en este caso del Ayuntamiento de Ferrol, y haciéndonos eco de esto nos pusimos en contacto con la Junta Directiva, tuvimos una reunión hace unas semanas, prácticamente a los dos o tres días de recibir este escrito y nos fundamenta la necesidad de que el gobierno municipal y que toda la Corporación pues le dé respuesta a algo tan importante como cubrir pues alimentos básicos, sobre todo en familias que estaban recibiendo las bolsas de alimento, que son familias que tienen menores a su cargo. Nosotros proponemos esta implantación de una tarjeta monedero con la intención de normalizar la vida de las personas que están, bueno, con escasos recursos económicos y con un buen porcentaje de vulnerabilidad y de exclusión social, teniendo en cuenta que la mayoría de los usuarios en los servicios sociales en los últimos años han cambiado, se trata, muchos de ellos, de un nuevo perfil, familias normalizadas y que lo que están sufriendo, bueno, pues por la situación de paro en todos los miembros de la familia, una situación pues de alto riesgo de exclusión social y que, bueno, pues sería un poco dignificar, también con criterios, -lo reitero, porque en su momento lo habíamos trabajado- y así fue, con criterios técnicos por parte de psicólogos y trabajadoras sociales de este ayuntamiento. Creían que era oportuno también pues normalizar el que las familias que tuvieran escasos recursos pudieran ser con propia autonomía los que hicieran la compra y elaboraran los alimentos como cualquier otra familia normalizada. Esto no es algo nuevo, sino que es algo que ya se estaba implantando y ya se estaba desarrollando en otros ayuntamientos de Galicia y en su momento, cuando se anunció pues también hablaban de dignificar y, bueno, dejar de lado un poco el carácter incluso benéfico o caritativo que podía ser ir a recoger simplemente una bolsa de comida ya cocinada y que de alguna manera ayudabas a darle normalidad a las familias que estaban en una situación dramática y ayudabas, evidentemente, con complemento de otros recursos municipales, como pueda ser la orientación laboral y otros recursos de complementos de ayudas también, bueno, pues ayudabas un poco a fomentar y a programas de integración.

La implantación de esta tarjeta sería a través de un convenio con una entidad bancaria. Decirles que estaban todos los procesos prácticamente acabados, casi terminaba, o sea, quedaba por finalizar la firma del convenio y que, por lo tanto, se podría aprovechar todo el expediente. De ser bien recibida esta propuesta se podría aprovechar todo el expediente que está en el negociado del área de Bienestar Social y yo creo que, bueno, era también darle una respuesta a una decisión tomada y firme por la Junta Directiva de la Cocina Económica y que se hizo pública y que, bueno, pues ya se hicieron eco muchas de las familias que van a diario a recoger y que, bueno, pues manifiestan un poco la inquietud de qué va a pasar con las familias que a día de hoy van a la Cocina Económica o que se puedan ver en una situación similar. Esperemos que sea recibido con buena recepción por parte de todos los grupos de la Corporación y que

se pueda, por lo menos, estudiar la posibilidad de tener este recurso para las familias de nuestro ayuntamiento. Nada más y muchas gracias.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a ver, estamos completamente de acuerdo con el dispositivo de la moción, cuando afirma que la crisis económica ha provocado cambios y ha provocado dificultades económicas en personas y familias que gozaban con anterioridad de una situación estable. Todos los grupos, efectivamente, el 19 de marzo, hemos recibido el comunicado de la Junta de la Cocina Económica, en el que expresaba su clara determinación de finalizar con el servicio que prestaba en relación a la recogida de bolsas de alimentos a partir de enero de 2017. Esa medida, más o menos, supone una cantidad de usuarios, de ciento tres personas y más o menos treinta familias. Efectivamente también yo desde el grupo municipal me puse en contacto con el Presidente y con la Cocina Económica y, efectivamente, su posición es firme, entonces hay que buscar alguna medida sustitutiva y así yo el jueves pasado también lo pregunté en la Comisión correspondiente. Claro, porque las medidas sustitutivas y teniendo en cuenta que estamos, efectivamente, en abril, ya en mayo, pues hay que prepararlas y tenerlas concertadas y en enero tener todo previsto. Ya digo que afecta a ciento tres personas aproximadamente de Ferrol, que son aproximadamente también unas treinta familias. Entonces, ya desde el propio comunicado, hay que decir que también se hablaba de unos vales que, bueno, yo asimilo a lo que está hablando el Partido Popular sobre la tarjeta monedero y que creo además que dignifican, hablando también con la Cocina Económica, vengo a participar que pueden dignificar y darles más autonomía personal a las personas que están sufriendo este problema. Entonces, como vemos acertada esta medida vamos a votar a favor. Gracias.

SRA. ESPÍNEIRA GONZÁLEZ: Como comentaba Rosa, o tema das tarxetas moedeiro, que o certo é que noutros sitios se chama doutra maneira, non? como tarxetas solidarias, non é unha iniciativa nova; de feito xa leva varios anos funcionando ben en Barcelona, mesmo en Vigo tamén funciona desde hai un ano máis ou menos, non lembro exactamente, para suplir, como dicía, esa falta, como facedes coa Cocina Económica, como se comentaba o que está a pasar coa Cociña Económica, pero pode ser noutras cuestións. É dicir, unha especie de axudas complementarias a axudas de emerxencias municipais para produtos de primeira necesidade, sexa alimentación ou hixiene.

A min hai unha cousa da exposición de motivos da moción que me chirría un pouco e non podo deixar de comentala e é que ás veces, a cuestión cando falamos de crise económica ou do paro ou da xente que ten necesidades sociais básicas a encubrir, dáme un pouco a sensación de que ás veces parece que esta crise apareceu de repente ou a xente quedou sen traballo de repente, como se non houbera culpables e eu penso que é de xustiza recoñecer hoxe que un dos motivos que fan que esa crise se cebe coas persoas con menores recursos e de que haxa moita xente que non teña esas necesidades básicas cubertas é culpa das políticas feitas polo goberno do Partido Popular. E eu penso que é de xustiza comentalo, porque aquí ás veces, estas cousas parece que aparecen da nada e que saen de algún sitio, pero a austeridade, os recortes, a precariedade laboral, a precariedade salarial mesmo da xente que temos traballo é o motivo de que moita xente teña que

recorrer a este tipo de axudas. Necesitaba dicilo porque senón non quedaba tranquila. O certo é que este concepto concreto da tarxeta moedeiro si que me parece correcto, paréceme que é unha boa idea, como comentaba Rosa, pois para dignificar as axudas, porque nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, o que temos claro é que non estamos a favor da caridade, quero dicir, que o que hai que facer coas axudas de emerxencia moitas veces é dignificar a persoa, porque están pasando momentos moi duros, e a través desta tarxeta moedeiro pensamos que isto se podería conseguir. É certo que hai moitos concellos galegos, bueno, moitos? algúns -non moitos tampouco- concellos galegos que xa teñen implantado este sistema e que está funcionando máis ou menos ben. Nós o que lle vemos é un problema a esta moción en concreto, e é o seguinte. Que parécenos un xesto, un xesto positivo e que o valoramos en canto á forma do sistema de axudas, pero que se non vai acompañado dun orzamento e dun proxecto, como dicía, acompañado con informes técnicos e demais, queda nunha mera declaración de intencións que non se vai levar a cabo nunca. Entón, para que isto se leve a cabo ten que primeiro preverse nos orzamentos, logo facerse un proxecto e, claro, a ver se me explico, esta é unha proposta que hoxe nos trae aquí o Partido Popular e nese sentido é a pega que lle vexo eu a esta moción. Do resto, co espírito e co concerto da tarxeta moedeiro pois concordamos, compartímolo. Grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Para facer un breve relato sobre algunhas cuestións que se fixeron.

-Sra. Rosa Beceiro, e ademais sabe que con cariño. Efectivamente, hai unha proposta no goberno do Partido Popular que se tentou facer nun momento dado e unha proposta que quedou paralizada, que non fixeron. É unha proposta, porque non se podía facer e o sabe, porque me tomei a molestia de ver os expedientes que había sobre esta cuestión, porque nin había orzamento, nin había unha partida orzamentaria nin hai informes técnicos a favor fóra da proposta de negociado de Servizos Sociais, fora no concello e polo tanto non se puido levar a cabo. Esa é a verdade, como sabe, como sei e, polo tanto, bueno, hai que dicir toda a verdade. Efectivamente, había a vontade cando saíu un programa -que despois fallou- da Xunta de Galicia, -tamén coincidindo con campaña electoral- da tarxeta moedeiro con algunhas familias, que se escollían familias en distintos municipios, e que despois fracasou, como ademais recoñeceron no propio Parlamento de Galicia o Partido Popular. Polo tanto non estou dicindo nada que non recoñecera o propio goberno de Feijoo e que, efectivamente, porque non iba acompañado doutras cousas e se quedou paralizada dentro do anterior goberno do Partido Popular de Ferrol.

Por unha banda, nós non estamos en contra do concepto "tarxeta", de feito este goberno xa iniciou, como saben, bueno, moito antes das cuestións que afectan á Cociña Económica, porque non cremos que as medidas sociais deban vincularse ó que pase cunha entidade concreta, senón que se debe facer política social igual, coa cuestión de ter unha tarxeta. Ben. Pero, efectivamente, primeiro, a tarxeta ten que ter unha partida económica que non ten e que quero recordar, porque ademais como lembran seguido que os orzamentos polo de agora

están prorrogados. Están prorrogados os orzamentos do Partido Popular, que non conteñen ningunha partida orzamentaria nin ningún informe económico favorable a esta medida e, polo tanto, bueno, creo que saben que non se podería implantar, do mesmo xeito que non se puideron implantar por vostedes. Esta é a realidade e temos o expediente que o demostra.

En segundo lugar, nós non estamos de acordo xa tamén, nin sequera co nomeamento, que saben que os profesionais de Servizos Sociais teñen. Bueno, falan xa, efectivamente, como dicía a Sra. Espiñeira, tanto da tarxeta solidaria, da tarxeta social ou mesmo dalgúns experimentos pilotos nalgunha cidade, que nin sequera se chama por estos nomes, senón que se intenta, -que é o modelo que pretende asumir o goberno de Ferrol- non confundirse con, bueno, non estigmatizar ás persoas que teñan determinada tarxeta, senón que se poda universalizar para determinada adquisición de produtos, como poden incluírse coas becas comedor, con determinados tipos de becas ou bolsas ou mesmo para o material escolar. É dicir, é un proxecto bastante máis ambicioso que esta cuestión que está simplemente vinculada para determinadas familias, que habería que predeterminar antes e ademais consignar a partida cunha entidade ou con máis entidades bancarias.

En terceiro lugar, esta é unha medida que se non vai incluída dentro dun plan de inclusión social que conteña pois moitas outras medidas de inclusión e acaba estigmatizando ás persoas. De feito existen informes acreditativos, informes técnicos de profesionais dos servizos sociais que, bueno, rexeitaron xa este modelo como raquítico, porque ó final, bueno, pois non sirve para modificar as condicións de vida e as condicións de vida digna e que se pretende respecto ós usuarios.

Polo tanto, estamos cunha moción que pretende impoñer unha medida con un nome estigmatizado, dun xeito estigmatizado, sen orzamento, sen proxecto e ademais que está -permítame- bastante pasada xa respecto ó que está funcionando noutros sitios e que deben incluír os proxectos de inclusión social, as partidas orzamentarias, de separarse da caixa fixa, posto que non pode seguir o funcionamento da caixa fixa. Bueno, non ten porque estar vinculada a determinados proxectos dalgún banco, etc., etc. Polo tanto, consideramos que sen descartar, como xa estamos a traballar nunha tarxeta, dende logo este modelo é un modelo demasiado pouco ambicioso no social para ser implantado. Temos que seguir avanzando no plan de inclusión. Por certo, e sinto dicilo, que sei que lles parece moi mal, pero o plan de inclusión, eliminado pola Xunta de Galicia, quero dicilo tamén. Tan pronto chegou Feijoo á Xunta de Galicia o que se cargou foi o plan de inclusión social e, polo tanto, pois o que hai que ser máis ambiciosos no social, na senda da universalidade de dereitos como procede. Nada máis.

SR. MONTES CELEIRO: A min o primeiro que se me ocorreu ó ler isto é que o feito de estar na oposición agudiza en certa medida o enxeño, porque é certo que este tipo de tarxetas leva funcionando desde hai tempo en varios concellos, coma o de Barcelona sobre todo, que foi un dos pioneiros, e algúns galegos. E é certo que esta cidade nos últimos anos tivo un incremento hasta sete puntos do risco de

exclusión social e o que pensamos é que nunca é tarde para plantexar medidas deste tipo para paliar esa emerxencia social. Dende Ferrol en Común sempre defendemos a necesidade de políticas que garantan unha vida digna para as persoas, pero sempre coa filosofía de protexer os dereitos dos cidadáns e das cidadás e nunca dende un aspecto asistencial ou de caridade.

Estamos de acordo con este tipo de axudas a colectivos e familias en risco de exclusión e que esa axuda debe estar guiada non pola estigmatización dos usuarios, xa que eso supón para as persoas unha dobre discriminación. É por iso que en Ferrol en Común entendemos que as axudas sociais son un dereito a prol de salvagardar a igualdade das persoas no acceso ós recursos básicos e, como neste caso, para compra de alimentos de primeira necesidade e produtos de hixiene. Neste sentido entendemos a medida como positiva dentro dos instrumentos que dende a política social se poden artellar, pero é un mecanismo que aínda que a aprobación do Pleno levase a poñelo en marcha, é un mecanismo que non se pon de un día para outro, porque o propio Concello de Barcelona e, bueno, non sei se trouxen a folla ou a deixei alí, require, ademais de orzamento de partida, require acordo con entidades, require acordo con distribuidoras. Eu teño aquí unha lista da que ten o Concello de Barcelona e vai desde pequenos comercios que hai nos mercados de abastos ata empresas de distribución propias de Cataluña e outras multinacionais. Entón, a aprobación disto por parte do Concello de Ferrol non garante que se poida poñer en práctica inmediatamente, é un pouco unha declaración de intencións, máis que poder facelo actualmente, porque non existen eses acordos, nin con entidades, nin con comercios nin con outra cuestión. É unha tarxeta moedeiro que, como digo, dignifica a recepción das axudas de alimentación e hixiene, mellorando a renda para o consumo de produtos frescos e, polo tanto, a mellora da nutrición das persoas e por ende a calidade de vida, protexendo o anonimato da persoa. Axuda a traballar, como digo, tamén na autoestima. Pero bueno, tamén vemos que un pouco a liña que se sigueu nestes últimos anos foi o clásico dos comedores sociais e eu entendo que habería que ter postas estas medidas en funcionamento moito antes para que hoxe xa puideran estar funcionando. Se o goberno entende de poñer en marcha isto, non é unha medida, en todo caso, inmediata.

SRA. MARTÍNEZ BECEIRO: Bueno, un poco contestando sobre todo a los dos miembros del gobierno, porque entiendo que cuando desde una moción se hace una propuesta, en este caso para la implantación de una tarjeta monedero, evidentemente los procesos son los que son. Los procesos los buscará el gobierno si la quiere implantar. Evidentemente no va a ser de hoy para mañana. Nosotros, yo creo que con toda la honestidad y con toda la humildad, dijimos, en la exposición que yo hice dije: "No es nada nuevo, ya se está haciendo en otros ayuntamientos". Yo creo que enriquece a cualquier gobierno, a cualquier iniciativa el admitir cosas que se están haciendo bien y tomarlas para uno. En ese sentido era una propuesta en positivo. No es algo que se haya ingeniado ahora porque estemos en la oposición, era algo que se estaba trabajando. Se habla de que, bueno, comentabais de que se estaba haciendo como algo tradicional comedores sociales. En su momento nosotros ya hicimos un paso adelante en las

políticas sociales, de manera puntual, eso es verdad, pero, bueno, para salvar situaciones de familias con menores a su cargo y que en períodos de vacaciones de los centros escolares nosotros hicimos reparto de alimentos a las familias, precisamente intentando normalizar y siempre parejo.. Entiendo que se debería de entender que cuando se hace esta propuesta es pareja siempre a un programa de integración y de inclusión de las personas. Evidentemente nada aislado, porque sería pues una sinrazón proponer esto como una política social.

A mi, -a la Sra. Sestayo, me gustaría que me aclarase si es que es un no a esa propuesta. Me gustaría poner en duda, sin ánimo de ofensa ninguna, que los técnicos municipales dijese que este modelo es raquítico y les digo por qué. Porque fue la palabra que usó. Que este modelo era un modelo raquítico porque este modelo, es cierto que tiene que tener una partida, pero el gobierno si admite hacer cualquier tipo, en este caso, bueno, pues implantación de la tarjeta monedero, será quién determine qué partida y qué presupuesto, no la oposición. Nosotros hacemos una propuesta creyendo que es oportuno hacerlo ahora, no porque estemos en la oposición sino que era algo que se estaba trabajando, evidentemente, no dio tiempo, pues hubo un cambio de gobierno, los tiempos administrativos y los procesos administrativos son lentos, es cierto que no había un informe de fiscalización y demás, pero sí que es cierto que se había iniciado y había reuniones con los técnicos municipales del ámbito social en donde decían que era oportuno precisamente dignificar la situación de las familias que lo estaban pasando mal. Con ese ánimo copiamos algo que en otros Concellos se estaba haciendo, pensando que era algo bueno y entonces lo bueno lo queremos hacer nuestro para nuestros ciudadanos.

Y en el sentido de tarjeta, que hasta tenía su nombre, que era Tarjeta Monedero Intégrate. Evidentemente era una tarjeta de una entidad bancaria o de muchas entidades bancarias, depende de lo que quiera hacer, con quién quiera conveniar o qué acuerdos quiere hacer este gobierno, en donde precisamente no se estigmatiza, sino todo lo contrario, se evitan pues esos vales, que incluso la Cocina Económica propone y que creemos que parece de antaño que alguien vaya con unos vales a recoger en cualquier supermercado o tienda una comida. Queremos evitar todo eso. Con esa intención era y creíamos que, bueno, dado que es tajante, pues la Junta Directiva de la Cocina Económica puede dejar en cierto desamparo, si el ayuntamiento como entidad pública no hace nada con las personas que en este caso, bueno, pues hablaban de un número importante de familias que están yendo a recoger todos los días la comida, creemos que era conveniente proponerlo ahora, porque era algo que habíamos iniciado siendo gobierno, ¿que no nos dio tiempo de llevarlo a cabo? Pues es cierto, vamos a reconocerlo. Pero también creo que es una propuesta positiva, constructiva, que va a favor de las personas y que en todo caso necesita tiempo y como para enero del año que viene, con un presupuesto nuevo, sería la situación más delicada de muchas familias, pues midiendo los tiempos creíamos que era una propuesta para que se pudiera comprometer este gobierno a hacerlo, conveniando, negociando o llamándole como quiera, pero darle la posibilidad de una

tarjeta monedero en donde pueda hacer con su propia autonomía, bueno, pues algo tan sencillo como comprar alimento como cualquier familia normalizada, los productos más básicos de higiene para poder hacer uso de todo eso como cualquier otra familia que no tenga escasez de recursos. No sé si yo entendí que no era bien recibido o que como se quiere hacer algo más ambicioso también me gustaría, si puede ser, el raquítrico, el modelo raquítrico, -sí, bueno, evidentemente hubo una Comisión- el modelo raquítrico que proponemos y cual más ambicioso pueda ser el modelo que quiera proponer este gobierno.

SR. ALCALDE: Ben. A espera das explicacións na Comisión correspondente, procedemos á votación desta moción

11.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CIUDADANOS RELATIVA Á CREACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN FONDO DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA O PAGO DO IBI A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE ESPECIAL NECESIDADE.-

Examinada a moción que presenta o grupo municipal de C's, que textualmente di: "O grupo municipal Ciudadanos, ó amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu estudo e posterior aprobación.

Exposición de motivos:

A crisis económica que ven padecendo o noso país en xeral, e a nosa cidade en particular, provocou que moitas familias de Ferrol teñan grandes dificultades, incluso a imposibilidade, de facer fronte a moitos gastos do fogar familiar.

Un dos tributos municipais que afectan practicamente a todos os fogares de Ferrol, é o IBI.

Esta situación, que non é exclusiva da nosa cidade, fai que moitos concellos, aproben axudas económicas para que estas familias poidan pagar o IBI, como a maioría de elas faría se as circunstancias e outras necesidades máis básicas non o impideran.

É certo que o IBI é un tributo que, como o seu propio nome indica, imponse sobre o bien e non sobre a renda do titular. É dicir, os veciños pagan o IBI en función do valor da súa vivenda, non en función da súa renda.

Elo impide que os concellos poidan aplicar bonificacións do IBI según a renda dos contribuíntes obrigados a pagar este imposto, a diferenza do que ocorre con outras circunstancias que si o permiten, como por exemplo a condición de familia numerosa.

Cómpre recordar que os concellos si poden aprobar outras medidas, que actúan a tódolos efectos como axudas en función da renda para as familias con ingresos ou situacións económicas que lles impiden pagar o IBI. Por exemplo, familias en risco de exclusión social e traballadores con baixos ingresos.

Polo tanto, o Grupo Municipal Ciudadanos propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

- Instar ó Goberno local a incluír no orzamento municipal do próximo ano unha partida de axudas para o pago do IBI a familias que acrediten unha renda que lles impida facer fronte a este imposto sen renunciar a outras necesidades mais básicas."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Bueno, vamos a ver, también este propósito que tenemos es buscar el bienestar de las personas en riesgo de exclusión o más bien con dificultades económicas y lo que tenemos que decir aquí es un apoyo económico para familias con problemas, que tienen una vivienda.

Todos sabemos que el IBI es un tributo que se impone sobre un bien y no sobre la renta del titular. Eso impide, y lo hemos visto cuando se hicieron las ordenanzas fiscales y las modificaciones, que las bonificaciones no podían realizarse tal como en algunos casos se proponían o hubiéramos deseado. Eran bonificaciones muy limitadas y que se imponen por ley, con lo cual se podían hacer mejoras sobre las mismas referencias y a la ley, pero no se podían modificar o aumentar esas bonificaciones. En este caso lo que proponemos no son bonificaciones, que no serían legales, pero sí son ayudas, una vez girado el recibo del IBI, a esas personas que tienen dificultades. Hemos dejado la moción muy amplia en un sentido y por una sencilla razón y es que y o los colectivos o determinar la renta a la que pueden ir fijada, no queríamos llegar a establecerla, simplemente decimos y ponemos un ejemplo, ya lo puse yo en el Pleno en su día, cuando se aprobaron las ordenanzas fiscales, que es muy claro.

Personas, por ejemplo, de cierta edad, de avanzada edad, jubilados, que con 600 euros hacen frente a los gastos normales de su vida y al mismo tiempo, aunque sea fraccionadamente al recibo del IBI en los meses correspondientes. Bien, pues esas familias de gente ya con problemas y ya en la vejez, evidentemente en esos meses van a tener serias dificultades para cubrir también sus necesidades básicas. Y aún así tienen una vivienda, porque no estamos hablando de gente que vive en alquiler o no tenga vivienda. Tienen una vivienda, pero es su única vivienda y yo creo que hay ciertos colectivos a los que hay que ayudar y esas ayudas tienen que ser compatibles con las bonificaciones y otras ayudas más. Entonces proponemos el consenso de todos los grupos municipales para que, efectivamente, apoyen esta moción y en los próximos presupuestos, cuando sean, se consigne una partida para que sí se puedan implantar este tipo de ayudas, dejando a los colectivos de las rentas que podrían afectar abiertos a una negociación, o a hablarlo en Comisión, a un estudio. Muchas gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Eu unicamente dicir que o problema desta moción é esa indefinición á que acaba de facer mención a Sra. Masafret. A concreción que vostedes reclamaban respecto a un tema tan complexo como asegura o Sr. Díaz, como é o saneamento ou o transporte público, debería ser un dos aspectos no que propostas como estas, que parece que é sinxelo determinar cales son as condicións a establecer para este tipo de axudas. Para comezar, determinar que son as necesidades máis básicas. Ese termo tan xenérico, tan abstracto, da maneira en que está proposto é susceptible de incluír un sinfín de cuestións, polo que consideramos que sería preciso que cando menos se precisase que son esas necesidades máis básicas, cales son os límites ou as rendas que se consideran que deberían estar

afectadas por este tipo de bonificacións, porque aínda que pareza que eso se pode determinar a posteriori, o feito de cuantificar ese tipo de rendas e definir que son esas necesidades básicas implica posicionamentos que se cadra non todos e todas as que estamos aquí podemos compartir. E por eso, insisto, que o problema que lle vexo a esta proposta é a indefinición nos termos en que se presenta.

SRA. MARTÍNEZ BECEIRO: Muchas gracias, Sr. alcalde. Nosotros avanzamos que vamos a votar a favor, porque consideramos que es una propuesta que tiene en cuenta las dificultades de las familias de Ferrol. Entendemos que a través del ayuntamiento se está haciendo bonificación a las familias numerosas, con un porcentaje de ayudas precisamente para el pago del IBI y, bueno, es cierto que es muy amplia, que es un poco genérica, pero entiendo también que serían los técnicos municipales, pues de los Servicios Sociales, los que acrediten o valoren cuáles son esas necesidades más básicas. Bueno, pues poner también las valoraciones de ingresos y situaciones familiares más vulnerables. Bueno, no intento yo cuadrar ni decir cuáles deberían de ser los criterios, pero entiendo que familias monoparentales, familias con discapacidad, gente mayor. Entiendo que, bueno, en eso los técnicos municipales serían los que tendrían que orientar hacia donde tendrían que ir dirigidas y en ese sentido creemos que irían las ayudas como un complemento a las ayudas que tienen de carácter social dentro de cualquier ayuntamiento, no sería tampoco nada novedoso, como la propuesta que hicimos nosotros con la moción anterior. Bueno, tomamos el interés de mirar. En ayuntamientos de Galicia sí que es cierto que no hay muchos que hagan líneas de subvenciones, sino bonificaciones, pero sí que es verdad que en muchos ayuntamientos del resto de España sí hacen líneas de subvenciones a través de concurrencia competitiva y que en ese sentido creemos que puede ser bien recibido instaurar en este concello una línea más de ayudas con ámbito social para las familias que en este caso, como bien decía la proponente de la moción, no por tener una vivienda precisamente garantiza que se tenga una buena situación económica y social, por lo cual por lo menos garantizar que la vivienda que es habitual se pueda seguir manteniendo. En ese caso les vamos acompañar con el voto favorable.

SR. DÍAZ DOCE: Aínda que inicialmente puidemos ter algunha duda respecto da moción, pola súa redacción e tamén pola súa indefinición, como se dicía, o grupo Socialista tamén vai a votar a moción e, xa digo, aínda que cremos que nalgún dos párrafos se xera un pouco de confusión respecto do tema das bonificacións, reducións, etc., e tamén que existe unha indefinición clara no propio punto que se aproba, é certo que existen exemplos deste tipo de axudas en concellos no resto de España e o que hai que facer é acertar no mecanismo polo que se artelle esta axuda e tamén nos criterios de concesión e falamos dos casos nos que exista unha vivenda familiar única, que existan dificultades acreditadas por unha renda mínima que así se estableza nos mecanismos e tamén acertar no propio mecanismo de transferencia de rendas dende o concello ó propio concello, porque estamos falando dunha axuda para pagarlle o IBI ó concello e, polo tanto, bueno, non só se trata que a propia finalidade da axuda se cumpla, senón que na medida que eso se faga coa maior eficiencia

administrativa se acerte tamén no procedemento e no mecanismo polo que se artelle esta axuda.

SR. MONTES CELEIRO: Nós valoramos tamén positivamente a moción que presenta Ana Rodríguez Masafret e consideramos que as Administracións, sempre que sexa posible, deben desenvolver unha función de tutela arroupando á poboación máis desfavorecida, pero esa fórmula, que tampouco está demasiado clara na moción se é unha bonificación, se é unha subvención, pois evidentemente hai que establecer eses criterios, hai que valoralos, se son persoas maiores con pensión non contributiva, parados de longa duración, familias en situación de risco, monoparentesco, cargas familiares, etc., etc., etc. Todas esas cuestións que a miúdo se plantexan. Pero, nese sentido, nós apoiamos que as persoas que teñan esas dificultades para chegar a fin de mes, na medida do posible o Concello e Ferrol debe aliviar esa situación.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Simplemente para aclarar unas cuestiones que a lo mejor han quedado un poquito imprecisas. Se habla de bonificación en las ordenanzas fiscales y yo entiendo que es que no puede ser una bonificación. Es que de hecho en las ordenanzas fiscales, cuando se habla de impuesto sobre el IBI, precisamente como grava sobre los bienes y no habla sobre las rentas del titular, lo que no se puede es bonificar ningún tipo de persona por su renta. Por tanto no sería en ningún momento, entiendo, una bonificación, sino sería una ayuda independiente a esas bonificaciones que hay en las ordenanzas fiscales.

Por otro lado, la inconcreción no la hago porque no es que vaya dirigida a unos colectivos o a otros, es que más bien va dirigida a personas con una capacidad de renta inferior o que no puedan pagar, con lo cual entrarían muchos colectivos. Quizá por eso esa indefinición. Es la capacidad de renta. Se puede tener un bien y, evidentemente, si se tuvieran dos viviendas ya no estaríamos hablando de este tema porque entendemos que con dos viviendas se puede vender una o alquilarla. Quiero decir, no estaría la persona en disposición, con dos viviendas, de estar en una situación mala o de vulnerabilidad. De lo que estamos hablando es de la única vivienda y de unas rentas bajas. Eses son los dos requisitos. Que después los técnicos municipales hablan de 600 euros, 800, bueno, yo ahí es lo que quise dejar de manera inconcreta pues para que los técnicos decidan y se hable. Pero, vuelvo a repetir, es sobre la renta. Sobre la renta de las personas donde se tiene que mirar a esos colectivos, hacia donde vamos, ¿eh?. Gracias. Y, en todo caso, también gracias por apoyar al resto de partidos.

12.MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA E DE FERROL EN COMÚN SOBRE UNIVERSALIZACIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA E RECUPERACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANIDADE.- Examinada a moción que presentan os grupos municipais Socialista e de Ferrol en Común, que textualmente di: "O Concello de Ferrol, ao amparo do vixente Regulamento presenta para o seu debate e aprobación ó Pleno a

seguinte **Moción** en relación a garantir unha Sanidade Pública de calidade e sen recortes

Exposición de motivos:

Os Grupos Municipais Socialista e Ferrol en Común consideran a Sanidade Pública como unha prioridade e entendemos que a Sanidade Pública está a perder en calidade na atención a saúde ante as situacións tales como as queixas continuas dos cidadáns derivadas dos colapsos en urxencias, as listas de espera, os retrasos para citas xinecolóxicas, os coidados de enfermos paliativos ou o protocolo de interrupción de embarazos.

Dende os Grupos Municipais Socialista e Ferrol en Común consideramos imprescindible a recuperación e actualización do Plan Director da Área Sanitaria de Ferrol que a Xunta mantén paralizado dende o goberno bipartito, e que permitiría a reorganización da área sanitaria conforme ás demandas actuais.

Na Area Sanitaria de Ferrol tense constatado un habitual colapso na área de urxencia que provoca esperas de horas nos pacientes da sanidade pública e que fai preciso unha maior dotación de medios que garantan unha atención sanitaria pública de calidade incidindo especialmente nos casos de maior demanda de atención sanitaria, como sucede en época de inverno debido á gripe.

As últimas denuncias públicas de mulleres ante as deficiencias no protocolo de interrupción do embarazo revelan a necesidade de mellorar as accións a desenvolver nesta área, do mesmo xeito que sucede ante a necesidade de reducir listas de espera nomeadamente en citas xinecolóxicas, mellorar aspectos nos coidados paliativos.

No caso do Centro de Saúde de Serantes dáse a situación que ante a xubilación do médico de Atención Primaria que posee o maior número de cupo de atención aos doentes, prodúcese a substitución do médico unicamente dous días a semana, cun profesional médico distinto cada semana e no resto da semana realízase un reparto de pacientes entre os médicos do Centro que provoca a xeración dunha lista de espera de máis dunha semana.

Por todo iso, os Grupos Municipais Socialista e Ferrol en Común someten a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo pleno, na que se solicita a Xunta de Galicia a:

1- Que inste o Goberno de España a derrogar o Real Decreto Lei 16/2012, para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sustentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.

2.- Levar estes compromisos ao Consello Interterritorial de Sanidade.

3.- Poñer os recursos e normativa necesarias na Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias e garantir a universalidade do Servizo Público Galego de Saúde.

4. - O Pleno do Concello de Ferrol insta á Consellería de Sanidade á Recuperación do Plan Director da Área Sanitaria de Ferrol.

5.- Esiximos a Xunta de Galicia que se dote de medios suficientes para evitar o colapso das urxencias e que se reduzcan as listas de espera nas citas de atención especializada.

6.- Incremento do número de doutores para a atención a enfermos con patoloxías vinculadas ao amianto en neumoloxía.

7.- Dotación nos Centros de Atención Primaria de pediatras en lugar de puericultores.

8.- Retomar as reunións do Consello de Participación Sanitaria coa fin de analizar e mellorar a atención aos enfermos e doentes en Ferrol.

9.- Levar a cabo a cobertura da praza de Medicina Xeral vacante no Centro de Saúde de Serantes. "

Previa deliberación, a Corporación acordou votar por puntos esta moción cos seguintes resultados:

PRIMEIRO: Aprobáronse por unanimidade os puntos 4, 8 e 9.

SEGUNDO: Aprobáronse os puntos 1, 2 e 3 por maioría de once votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a dez votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros do grupo Popular e unha abstención do Grupo Ciudadanos.

TERCEIRO: Aprobáronse os puntos 5, 6 e 7 por doce votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos, fronte a dez votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros do grupo Popular.

DELIBERACIÓN

SRA. SESTAYO DOCE: Brevemente, dadas as horas, pero por un tema de enorme importancia, tanto para a sociedade en xeral como para o recoñecemento dun dereito constitucional coma o dereito da saúde e no que atinxe neste Pleno, obviamente, a aquelas cuestións que afectan ó Concello de Ferrol. Efectivamente, os recortes das políticas sanitarias e sociosanitarias teñen producido durante os últimos anos importantes retrocesos no ámbito da saúde. No corpo, como xa o teñen exposto, no corpo da moción presentada conxuntamente se fala tanto dos problemas que existen respecto ás deficiencias, bueno, ás enormes carencias que produce a ausencia do plan director, paralizado polo goberno tamén da Xunta de Galicia, do Sr. Feijoo, respecto ó plan director aprobado no seu día no bipartito e orzamentado nos orzamentos da Xunta de Galicia; o colapso nas urxencias, que coñecemos todas e todos os cidadáns de Ferrol; as deficiencias manifestadas por diferentes mulleres nos protocolos de interrupción do embarazo así como moitas outras cuestións entre as que ademais cabe sinalar algunha recente que ocupaba os medios de comunicación e que estamos seguros e seguras que atopará o apoio do grupo municipal do Partido Popular e de toda a oposición, toda vez que para resolver unha cuestión, unha carencia que se ten producido pola xubilación dun médico ben coñecido en Serantes e felizmente incorporado a esta Corporación e que, bueno, como coñecen perfectamente, a súa substitución non se está producindo de forma diaria, senón que se produce exclusivamente dous días á semana, o cal está producindo numerosos retrasos na atención dos doentes e calquera dos que temos que acudir a ese centro de saúde sabemos que existen numerosas queixas dos doentes, precisamente pola ausencia de cobertura da plaza do médico.

Polo tanto, esta moción o que pretende é mellorar a sanidade en Ferrolterra, como tantas veces tivemos propostas, propostas que ademais fixemos no seu día ó xerente da área sanitaria e que recoñeceu que moitas tiñamos razón e que, bueno, en primeiro lugar, non vou lelas todas, pero derogar o Real decreto 16/2012 para restablecer a universidade de cobertura do sistema nacional de saúde, levar estes compromisos ó Concello Interterritorial, poñer recursos en normativas da Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias, instar á Consellería de Sanidade á recuperación do plan director da área sanitaria de Ferrol. Esixir que se dote de medios suficientes para evitar o colapso de urxencias e que se reduzan as listas de espera, incremento do número de doutores para a atención de enfermos con patoloxías vinculadas ó amianto e neumoloxía. Outra cuestión pois que en Ferrol e nesta comarca ten unha importancia evidentemente fundamental. Dotación nos centros de atención primaria e de pediatras en lugar de puericultores. Retomar as reunións do Consello de Participación Sanitaria, algo que tamén trasladamos ó xerente da área sanitaria, que ademais trasladan numerosas asociacións sociosanitarias, do eido sociosanitario, paralizadas durante estes últimos anos e que pois o xerente se comprometeu a estudar, así como finalmente levar a cabo a cobertura da praza de medicina xeral vacante no Centro de Saúde de Serantes, que estou segura que atopará o apoio decidido, espero que de todos os grupos, pero dende logo do grupo do Partido Popular. Como todas estas cuestións son para mellorar algo tan importante coma o dereito á saúde para toda a cidadanía, pois confiamos e esperamos que se apoie por unanimidade. Grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a ver, resulta evidente que una sanidad pública universal, de calidad y gratuita es lo que debemos tener en cualquier país democrático y de derecho. De todas maneras no conviene olvidar que los recursos en el sistema sanitario son limitados y que necesitan de una buena gestión y un buen control para evitar deficiencias. Es un hecho real que el envejecimiento general de la población en España y particularmente en Galicia, con el aumento de la demanda en atención sanitaria, la ampliación de las coberturas sanitarias, las cargas tras enfermedades crónicas, el coste de nuevos fármacos y las dotaciones tecnológicas hicieron en su momento y están haciendo hoy en día que se determine que haya un aumento en el gasto y prácticamente hoy un 50% de la recaudación fiscal pasa por financiar la Seguridad Social, la Sanidad y la Educación. Dicho lo cual en Ciudadanos abogamos por garantizar unos servicios o prestaciones mínimas a todas las personas que se encuentran en el territorio. Abogamos también por un pacto de Estado por la sanidad, para definir la cobertura sanitaria en toda Europa, no solamente a nivel de España sino de toda Europa. Abogamos también por una cartera básica de prestaciones mínimas, unos servicios básicos, que existan en todas las Comunidades Autónomas y una cartera de prestaciones en la que no exista exclusión o agravios entre unas comunidades y otras. También es cierto que entendemos que el Real Decreto-Ley 16/2012 vino a regular este acceso a la sanidad y no ha satisfecho, por muy diferentes razones, a todos. Tanto la incertidumbre política actual como por las competencias que el

concello tiene en este sentido en los tres primeros puntos, vamos a pedir que esta moción se pueda votar por puntos, entendemos, y además el carácter estatal y la necesidad de un consenso en definir cuáles son las prestaciones sanitarias mínimas, es lo que va a hacer que nos abstengamos, por lo menos en esos tres primeros puntos, si se permite la votación.

En cuanto al resto de propuestas, que sí las vemos muy cercanas y las vemos desde un ámbito geográfico cercano a la comarca y a la ciudad de Ferrol, entendemos que, efectivamente, a través del Consello de Participación Sanitaria o del plan director del área sanitaria de Ferrol se pueden analizar de manera mucho más pormenorizada y mucho más eficaz los problemas que pueden existir a nivel sanitario en nuestra ciudad y en nuestra comarca y por ello podemos ayudar a que se gestionen de una manera más eficaz los recursos siempre limitados de los que disponemos. Por tanto eso sí lo apoyaríamos. Gracias.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Intentando ser breve. O que pasa que non é unha moción para ser breve. Os recursos para sanidade non poden ser limitados. O que ten que ser limitado é empregar diñeiro para rescatar ós bancos ou para outras cousas, pero para o ensino, para a sanidade, para os dereitos básicos das persoas non podemos ter os recursos limitados. Porque pasa unha cousa. É que hai un rato, nada, hai cinco minutos, estábamos falando na moción anterior das necesidades básicas para o do IBI, e falábamos de indefinición -na moción que vostede presentaba pasaba iso-, nesta moción agora falaba vostede de que as prestacións sanitarias mínimas teñen que consensuarse, non?, necesitaría vostede que se consensúen. De verdade que me preocupa este punto.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: A nivel estatal y por todos los partidos políticos, efectivamente.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Simplemente continuando. A nosa postura xeral respecto á moción que hoxe presenta o grupo de goberno é que os últimos anos de goberno Núñez Feijoo foron catastróficos para a sanidade, e é un feito que todos padecemos e que todos vemos. É unha obviedade. Non simplemente porque se perdeu a universalización da sanidade, non todo o mundo ten acceso á sanidade pública, senón ademais pola privatización e pola precarización do sistema sanitario. Esta é unha obviedade, é un feito que padecemos todos e todas

O problema disto é que é unha forma de facer política e o problema disto é que é unha cuestión ideolóxica e é ver á sanidade coma un negocio, non como un servizo básico ó que todo o mundo ten dereito, para nós é o problema. E o que non podemos compartir en ningún caso é o que nós consideramos que é o problema. Porque entendemos que hai outros camiños de facer as cousas e outras formas de facer as cousas e dende logo a sanidade é unha prioridade para nós.

Entón, estaba dicindo eu que a sanidade non se pode medir pola efectividade, como se fose un negocio calquera ou calquera outra cuestión, nin polas ganancias nin polas perdas, senón porque é un servizo básico para o benestar social dos nosos veciños e das nosas veciñas.

Simplemente, para rematar, botei en falta unha cousa desta moción e é que tratan moitos aspectos xenéricos respecto á sanidade pública e logo algunha cousa concreta coma o de Serantes, pero botei en falta tamén que se fixera referencia ós concertos sanitarios, porque dende o Bloque Nacionalista Galego tamén nos gustaría lembrar que dende a sanidade pública nos últimos anos isto incrementouse moitísimo, se derivan moitos servicios á sanidade privada, cando se poderían prestar na sanidade pública. Neste sentido pois botamos en falta que ó mellor se fixese referencia nesta moción a que se lle saque rendimento ás instalacións que temos, públicas, do Novoa Santos, que non se están utilizando agora, como todos sabemos. Ou, por exemplo, que ó Hospital Naval que se lle saque todo o rendimento, que se dote de medios e que se contrate persoal, porque temos constancia e é un feito de que iso non sería máis caro. Moitas veces é máis caro derivar á sanidade privada. Entón, bueno, nese sentido que a nosa postura é en defensa da sanidade pública pero de calidade porque, como dicía, non pensamos que se poda enfocar isto como un negocio, como se está enfocando hoxe en día. Grazas.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, eu tamén tiña pensado ser breve, porque esa moción así ó final pois require cabrearse. Require cabrearse porque no 2012 falábase, falaba Xosé Manuel Beiras, hoxe aquí presente neste concello, que se debía imputar a responsabilidade ó Presidente da Xunta de Galicia sobre os recortes, que os recortes sanitarios mataban.

Ben, agora, no tempo presente a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de imputar ó Sergas. Polo tanto falábase dende a veracidade e dende a obxectividade. Porque cando se retira a cobertura sanitaria, cando deixas de prestar ese servicio público e universal, que é gratuíto e de calidade, como sempre demandamos, ós diferentes colectivos, sobre todo ós máis desfavorecidos, pois eso acaba creando situacións coma esas. Nos últimos anos vemos situacións que se repiten e non son casuais, como son a do HULA, a do Álvaro Cunqueiro, o caso da hepatite C, das vacinas, onde a xente tiña que ir buscar, como xa falamos noutro Pleno, as vacinas a Portugal nun estraperlo sanitario e que é totalmente censurable, vemos como se fixeron recortes mesmo na FIV do Materno e como nunca se abordou, como dixo a compañeira Eva Espiñeira, o tema de incompatibilidades do sistema sanitario e do sistema privado.

Entón, para nós e para a cidadanía en xeral, existen cuestións que se viven no día a día, como cando pides unha cita médica, mesmo para pediatría e dancha para catro ou cinco días, o cal significa que practicamente un catarro ou unha gripe dun neno ou dunha nena non entra na prestación ou cando vas á farmacia e antes estaba un catálogo bastante completo de fármacos incluídos no sistema sanitario e agora non están e eso supón unha merma da renda dispoñible ás clases máis desfavorecidas. Polo tanto, para rematar e asumindo xa as palabras do resto de compañeiros que apoian esta moción, dicir que os recortes e as irresponsabilidades matan e así o di a Fiscalía e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Moitas grazas.

SR. PEDROUZO BARDELAS: Moi ben, boas noites a todos e gracias, Sr. alcalde, Sres. ediles. Esta moción que traen aquí, que se refiere fundamentalmente a unha serie de cuestións, vén por puntos, para

derogar a lei famosa, a Lei 16/2012, que é a que se coñece tecnicamente como Lei de sostenibilidade do sistema nacional de saúde, que se aprobou nesa data, é dicir, a Lei 16/2012.

E así mesmo, tamén compromisos ó Consello Interterritorial de Sanidade e transmitir esta grabación e poñer os recursos e a normativa necesaria na Comunidade Autónoma para suplir as carencias e garantir a universalidade do Servizo Público Galego de Saúde.

En Galicia se diseña un instrumento, que é o programa galego de protección social da saúde pública, que dende a entrada en vigor do Decreto mencionado permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían as condicións de aseguradas, ou beneficiarias ou que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio. Polo tanto, foi en Galicia, en setembro do 2012 a primeira comunidade en desenvolver un programa para dar cobertura sanitaria á poboación inmigrante que non tiña regularizada a súa situación. Isto é, para garantía da continuidade asistencial das persoas que non estaban autorizadas nin rexistradas para residir en España, pero xa residían na nosa Comunidade.

Desde esa data, na Consellería de Sanidade estase a traballar coas ONGs, entre as que se atopan Médicos del Mundo e Foro Galego da Inmigración para mellorar a información a disposición do colectivo de persoas inmigrantes que se atopan en Galicia e no seguimento do programa.

A implantación do programa priorizou en todo momento a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise. A solicitude de inclusión no programa citado se pode levar a cabo de forma sinxela en calquera dos centros de saúde do Sergas. Por outra banda, tamén as distintas ONGs que colaboraron coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia teñen facilitado os contactos telefónicos das unidades de tarxeta sanitaria periféricas ou dos servizos cetrales para resolver calquera dúbida, coa incidencia que se poida producir neste proceso, non quedando sen resolver nin unha das consultas trasladadas hasta a data.

Os requisitos que existen para facer o programa galego de protección da saúde pública son, non ter dereito á asistencia sanitaria coa condición de regulado o beneficiario reconecido polo INSS, o Instituto Nacional da Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña, sen ter suscrito un convenio especial nin poder exportar o dereito dende o país de orixe ou procedencia. Ter residencia estable en Galicia, con empadronamento igual ou superior a cento ochenta e tres días e non dispoñer de ingresos anuais superiores ó IPREM, é o indicador público de renda de centros múltiples, que en 2016 a cuantía é de 7.455,14 euros ó ano. Falando xa da cifra de persoas que se incorporaron a estes programas de acollemento para ter acceso á sanidade pública galega, cómpre recordar que desde a súa creación, 2.904 inmigrantes participaron no programa, deles 1.645 teñen na actualidade acceso á sanidade pública en Galicia, a través dese programa, que ademais 1.177 máis accederon dende este programa ó aseguramento ordinario, vía Instituto Nacional da Seguridade Social, como traballadores de réxime general, autónomos activos, preceptores de rendas de integración social ou beneficiarios doutras persoas.

Outros programas complementarios ó programa galego de protección social, salientando e de atención e melloras ós extranxeiros en situación administrativa irregular, que teñen acceso directo a un sistema sanitario público e de acordo co Real Decreto 16/2012, 6.248 menores están baixo esta cobertura na actualidade, así como o programa de enfermidades transmisibles, porque calquera inmigrante en situación irregular, que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria ou sospeita dela reciba atención sanitaria pública.

Noutros países se desenvolveron programas de eficiencia para facer sostenibles os sistemas sanitarios. En España deuse resposta co riesgo de pervivencia do noso sistema de saúde. A deuda sanitaria aumentaba nun 173%, superando os 16.000 millóns de euros. Non existía un marco legal que regulase o acceso á sanidade pública e 200.000 españoles non tiñan dereito á asistencia sanitaria, fundamentalmente quen peor o estaba pasando, precisamente parados e sen prestacións profesionais con mutualidades alternativas á Seguridade Social, ademais do mal chamado, o denominado turismo sanitario, que se disparou no noso país, que dedicaba nada menos que mil millóns de euros ó ano a pagar a asistencia sanitaria a 700.000 extranxeiros que tiñan cuberta esta prestación polos seus países de orixe ou por seguros privados. En moitos casos incluso isto era un fraude, porque non hai moito incluso que se viñeran a trasplantar personas de Bulgaria de ril a España, usando determinados mecanismos de contratos para darse de alta na Seguridade Social e en medio dun tremendo fraude. Entón, o primeiro que fixo o goberno do Estado foi afrontar a situación, simplificando as estruturas, eliminando duplicidades e a racionalización do gasto, pero sempre preservando os recursos directamente destinados á atención das persoas. Gracias a isto España conta con un dos mellores sistemas sanitarios do mundo e por fin sentáronse bases sólidas para garantir o seu futuro. España conta co sistema sanitario máis xusto, no que un millón de persoas desempregadas e as súas familias, que antes pagaban o 40% están exentos de pagar as súas medicinas. Isto tamén se aprobou nesta lei, que na anterior había xente que tiña unha pensión máxima, que tiña tremendas ó mellor propiedades e patrimonio e non pagaba nada polas medicinas, sen embargo un parado ou unha persoa que non tivera recursos si tiña que pagar polas medicinas. Entón, nesa lei se redistribuíu o tema do gasto na participación de pagar medicamentos, se estableceron varios tipos de tarxetas sanitarias, independentemente que foran pensionistas ou activos. Entón, un pensionista que ten unha pensión máxima pois paga un tanto pola medicina e un parado non paga nada ou unha persoa que non teña recursos, aínda que non sexa pensionista.

España conta cun sistema sanitario tamén universal, ó que teñen acceso todos os españois e os residentes no noso país, con 700.000 tarxetas sanitarias, máis que ó principio da lexislatura, no que se puxo freno o turismo sanitario, e garante o acceso dos máis vulnerables a asistencia sanitaria máis xenerosa en toda Europa. Ademais España, cun sistema sanitario máis equitativo e cunha nova carteira básica de servizos que garante as mesmas prestacións para

todos os pacientes, en base a criterios exclusivamente científicos e técnicos.

De feito, eu, mentras exercín en varios sitios de Sergas, en varias institucións, nunca se negou a asistencia sanitaria a nadie, se dou pois un alta rápida no IANUS para prestarlle asistencia e, vamos, nos sitios que eu estuven traballando, que foi en bastantes, nunca vin que nadie lle negara a asistencia a un emigrante fora de donde fora nin a ningunha persoa.

Con respecto á recuperación do plan director da área sanitaria de Ferrol, que este é un plan de inversións de infraestruturas, bueno, de instalacións sanitarias, tanto a nivel de ampliacións de edificios, como de infraestruturas exactamente, podemos dicir que, bueno, neste podemos estar de acordo e de todas formas está en fase de licitación do plan director da EOSI ou da estrutura de xestión integrada de Ferrol.

Con respecto á medios suficientes para evitar colapsos en urxencias, na que se reduzan as listas de espera. Aí eu podo dicir que eu fixen corenta anos de guardias en distintos centros hospitalarios e de fóra do hospital, do SERGAS, e nalguns momentos puntuales pódense dar casos de colapso. É dicir, eu vin casos de colapso, pero en casos puntuales; é dicir, e coincide novamente con abrochos de gripe, en que a xente acude pois de forma masiva ós servicios de urxencias ou ó mellor coincidindo con algúns días da semana, que non hai médicos nos centros de saúde, que están cerrados, ou coincidindo pois, eu que sei, con circunstancias. Pois incluso ocorre que ás veces; é dicir, que realmente é escaso encontrarte con que haxa unha tremenda congestión en urxencias.

En algunhas ocasións, é dicir, se hai por exemplo un partido de fútbol, eu que sei, pois non vai a urxencias, e cando acaba o partido aparecen todos de golpe ou cando, claro, se estás na praia, pois estás alí toda a tarde mirando para o aire e de repente empeza a chegar a xente coas picaduras das maracotas ou como se chaman estes bichos, escarapotes, pois queimaduras solares, eritemas e que, bueno, realmente implementar máis persoas en urxencias, ás veces incluso os facultativos nos atropellaremos uns cos outros dentro dos boxes, porque realmente o que fai falta é que as persoas que estean a cargo das urxencias sexan eficientes e que funcionen con decisión, na toma de decisións e que non demoren a asistencia o máis posible, para axilizar o traballo en urxencias.

As listas de espera, igualmente, tamén hai que dicir que novamente, vamos, depende das prioridades. É dicir, unha emerxencia non ten espera, loxicamente. Se é unha apendicitis aguda ou un tema dun traumatismo torácico ou accidente de tráfico non ten espera, agora, nas prioridades, é dicir, por exemplo, nós, médico de cabeceira, cando sospechamos unha enfermidade maligna, un cáncer de colon ou un cáncer ou temos datos que nos permiten pensar que é, ou de mama ou de próstata ou un cáncer de piel ou de tiroides ou de calquera órgano, existen os chamados camiños clínicos, que non van pola lista normal de cita, a donde realmente derivamos por outra vía que vai, vamos, que os reciben moito antes e depende de nós, claro, temos que ter unha sospecha fundada, porque se os mandamos todos por aí, entón bloquéase esa vía. Entón, no tema do cáncer de colon

e de cáncer de mama a demora pois en cirurxía e en quirófano son de mes e medio, é dicir, que tampouco é tanta. Agora, vamos a ver, se unha persoa ten unha hernia inguinal e me dice que leva dez anos con ela e resulta que se quere opera ó cabo dun mes, vamos a ver, se usted leva dez anos con esa hernia aí ou seis, pois agora de repente lle entra a prisa de sacala de aí. Si usted, dicírlle, se se lle encarcela a hernia, se lle doi moito, entónces é un abdomen agudo e vai por urxencias hai que operalo, agora, demorar uns meses unha hernia inguinal que leva aí seis ou sete anos tampouco é fundamental. E unha prótese de cadera ou unha prótese de rodilla tampouco hai que operala dun día para outro. É dicir, que o que hai que operar dun día para outro son os casos en que realmente peligra a vida da persoa, como pode ser un cáncer. Eu podo dicir que un cáncer, por experiencia propia, pois mes e medio tarda en operar. É dicir, que non considero que, bueno, unha lista de espera é moi subjetivo. Hai xente que quere todo para onte e entónces, claro, pero bueno, que hai casos e casos.

Entónces, o tema do amianto, dicir que desde que empezamos en Bazán a diagnosticar casos de abestosis, presionado polos comités de empresa de Navantia, porque antes derivábamolos a Oviedo, eu realmente fun o encargado durante moitos anos do tema da patoloxía de persoas que estaban afectadas por exposición crónica do amianto e coa enfermidade de abestosis profesional, foi unha responsabilidade miña durante moitísimos anos en Bazán, entónces pois se creou unha unidade de asbestosis, dependiente do xuíz de medicina interna do Marcide, do Hospital Marcide, e se trouxeron neumólogos de Asturias, que viñeron de Oviedo, en concreto unhas persoas e se creou unha unidade para atender esta xente e non mandalos todos a Oviedo. Entónces se estableceu un protocolo no que cando unha persoa se considera ela ou que estivo exposta ou respirou ou traballou en ambientes contaminados con amianto, vai ó médico de cabeceira, o médico de cabeceira ...

SR. ALCALDE: Vaia rematando, Sr. Pedrouzo, por favor.

SR. PEDROUZO BARDELAS: ... lle pide unha placa e realmente se hai sospecha de que ten a enfermidade se manda ó neumólogo, bueno, á unidade, e alí confirman o diagnóstico. Entónces, non considero que haxa que incrementar esto.

Dotación dos pediatras. Vamos a ver, non hai pediatras. Entónces, cómo vai haber pediatras se están prorrogando hasta os setenta anos e se lles prorrogan hasta os ochenta tampouco os hai. A min non me prorrogaron, por certo. Pero ós pediatras, a todos, e ós urólogos lles prorrogan hasta os setenta anos. Por que? Porque non hai pediatras, non existen. A especialidade de pediatría, dalgunha forma, non se cubren as prazas de MIR, porque é unha especialidade bastante complicada, entre comillas, por unha serie de factores. Entónces, normalmente, eu non conocín case ningún médico que queira facer pediatría. E os puericultores que están nesas prazas realmente fan un curso na Escuela Nacional de Pediatría e a maioría deles están deseando cambiarse pola plaza de médico de familia, porque non é unha especialidade moi apetecida polo personal facultativo.

Con respecto ó Consello de Participación Ciudadana, bueno, houbo unha reestructuración das áreas sanitarias, agora son áreas de xestión integrada, que comprende primaria especializada, entónces o

certo é que con respecto ó tema que ten razón, neso estaremos de acordo tamén en votar que si, que no ano 2008 os Consellos establécense como órgano de participación social e se constitúen os referidos Consellos. Entonces, agora mesmo cómpre adaptar os órganos persistentes á realidade derivada deste novo modelo organizativo. Nese sentido cómpre tamén adaptar un órgano de participación social e territorial, coma o Consello de Saúde, distribuíndose conforme ó ámbito das novas estruturas organizativas de xestión integrada e non nas áreas sanitarias de antes, aínda que tendo en conta estes últimos, conforme establece a Lei 8/2008, donde se crearon estes Concellos consultivos. Entonce, pois a normativa atópase neste momento en trámite. No momento actual.

E con respecto á praza de Serantes. O médico facultativo xubilouse fai un mes ou o xubilaron, mellor dito, me xubilaron, é dicir, forzosamente, porque non me deixaron quedar, lóxicamente. Bueno, en resumen, que o tema da plaza é que no momento que se marchou o facultativo se marcharon 250 pacientes de golpe. É dicir, que realmente era xente que non vivía alí, que vivía en Ferrol, en Caranza, xente que vivía en Narón, que non se había cambiado de médico, entonce, pois nada, marcharon de médico. Entón, de repente eu tiña moitísimos usuarios e marcháronse, loxicamente, cambiáronse de médico 250, co cal ó principio estableceuse algo de lista de espera na consulta, pero despois mandaron a unha persona dous-tres días á semana e de momento vai así hasta que... esa plaza non se pode dar a dedo, porque é unha plaza moi solicitada, entre comillas, e entonce convocarase a concurso de méritos entre personal propietario e baremo de méritos no próximo concurso de acoplamiento interno entre facultativos propietarios da área sanitaria que lles interese, que supoño que serán moitos, e daranlla ó que teña máis méritos. Lóxicamente. Pero esto é para o mes de junio. Hasta o mes de junio non se vai adjudicar, pero vana adjudicar. E ten suerte que se lle marcharon 250, vai cobrar igual, co cal pois imaxínate. Que suerte ten ó que lla dean.

Con respecto á plaza si que se vai a cubrir e, bueno, que estamos de acordo que se cubra e si que se vai a cubrir, o que pasa que vai ser pois eso, concurso de acoplamiento interno.

E nada máis.

Ah!, a votación por puntos, claro.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Pedrouzo. Pensarémolo dúas veces antes de plantear a moción sanitaria.

Bueno, admitimos a votación por puntos, son nove.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Brevemente. Estámonos rindo, todo moi simpático, pero acaba do oír unha sarta de barbaridades, con todo o respecto do mundo, que me gustaría que alomenos que nalgunha delas se rectificase. E empezo por aí xa. Primeiro, o estar enfermos ou enfermas non é culpa da xente. Eu acabo de apuntar literal. Que tamén hai xente que se pon enferma. Tremendo.

E despois, nos últimos anos, 3.000 profesionais que se recortaron na sanidade pública, 1.200 millóns de euros. Quero, pido unha rectificación respecto ós profesionais e á eficiencia dos profesionais sanitarios do noso servizo de saúde.

Outra cousa, felicítoos pola súa boa saúde. Porque o que me queda moi moi claro é que vostede non vai por urxencias nunca. Porque se vostede fose por urxencias sabería que vai estar tirado nunha cama alí doce horas, vinte e catro ou trinta e seis, sen ingresar. Entón, o primeiro que pido. Falo en serio, quero dicir, pido desde o BNG, pódese facer ou non, pero pido en serio que se rectifique sobre o persoal sanitario, porque están traballando en situación precaria. Eso non é responsabilidade deles e paréceme moi desafortunado ese comentario. Coma o tema do amianto, que non me quedou moi claro a verdade, pero intúo que tampouco estaba moi de acordo, pero bueno, como non me quedou moi claro, simplemente como cuestión que tampouco está solucionada aínda e que tamén se está traballando cos neumólogos, a Doctora De Diego e outros de forma moi precaria.

Antes falaban vostedes dos recursos. Expreséime mal antes, loxicamente os recursos son limitados. O que dicía eu antes, o que quería dicir é que se poden limitar noutras cousas. Eu penso que a sanidade non é no que se debía limitar. E logo a sanidade, antes escoitei que non chegaba para todos, entón para quen? Para min? Para ti? Para el? Para ela? Conceptos coma o turismo sanitario ou cosas deste tipo, eu penso que hai que pensar un pouquiño as cousas antes de falalas, porque son acusacións moi graves e non quero que sexa o problema principal da sanidade pública no noso país.

Os pediatras e puericultores. Pois, mire vostede, os pediatras para min e os puericultores para... quero dicir, para certas cuestións. Pero se eu teño un fillo que está enfermo cunha cuetión grave... É que xustificar o inxustificable, parece que non son necesarios os profesionais ou parece que de repente o problema de que a xente estea enferma é da propia xente, que tamén esto de poñerse enfermos... en fín. Nada máis.

SRA. SESTAYO DOCE: Brevemente. Primeiro, pedían a votación por puntos e non hai ningún problema para facelo así.

En segundo lugar para coincidir con Eva Espiñeira. Efectivamente, ó longo da exposición do Sr. Pedrouzo pasadas as doce da noite, pois xenera o que xenera, pero, efectivamente, se teñen dito afirmacións moi graves, moi gruesas, dende algunhas que poden resultar chamativas, como que a xente ó rematar o fútbol se vaia ó médico, non hai outra cousa que facer que ir a urxencias, e estas cuestións, pero pasando por cuestións que debe tamén retirar.

Efectivamente, tantas alusións ós profesionais coma o turismo sanitario. Non é certo, de verdade, falar a estas alturas do turismo sanitario nin que está traballando a Xunta co foro da inmigración, con médicos do mundo, precisamente organizacións non gubernamentais que están denunciando os recortes da Xunta en materia de inmigración. Precisamente o que están, home, non é que estean traballando conxuntamente, é que uns denuncian a outros, igual que a Fiscalía acaba de denunciar a Feijoo, como sabe, ó goberno da Xunta, respecto ós recortes que se produciron nos medicamentos. Polo tanto estamos a falar de cuestións moi serias, como as cuestións do amianto, sobre a que desde logo non vou profundizar. Pero que, bueno, a unidade se creou no seu día no bipartito, tiveron ademais a oportunidade de traballar nesa cuestión e todas e todos conocemos a evolución da unidade de amianto e os enormes recortes que se teñen producido agora

donde se ten derivado dende a unidade especializada de novo ós médicos de atención primaria orixinando un retroceso respecto ó que se tiña conseguido xa con magníficos profesionais, como, efectivamente, é responsable De Diego nesa unidade. Polo tanto, este é un tema que se toca xa a estas alturas, pero é o tema da saúde e creo que temos que tomalo en serio agora respecto á votación, porque a fin de contas atinxe a toda a poboación e, sen dúbida, Sr. Pedrouzo, efectivamente, eu non lle desexo para nada que vaia a urxencias, non llo desexo, pero créame que se acude por aí agora ó saír do Pleno, en vez de saír do fútbol, agora ó saír do Pleno pasa por alí e estou segura que atopará unhas listas, unhas esperas, unhas angustias neses pasillos que están suficientemente documentados, acreditados, denunciados e reclamados. Nada máis e moitas grazas.

SR. SECRETARIO: Con relación al punto de la modificación del artículo 3 de las bases reguladoras, que Eva Espiñeira me comentó esta mañana, quiero decir que me equivoqué yo, que tenías tu razón. Es decir, es que tal como están las bases reguladas de la concesión de ayudas, habla de que el Pleno, el 29-9-2009, aprobó el Reglamento, pero las bases fueron aprobadas por la Junta de Gobierno Local de 18 de julio. Por lo tanto, será la Junta de Gobierno Local la que modifique esto. Por lo tanto, no puede venir aquí, tendrá que ir a la Comisión de Gobierno del lunes para eso. Entonces, tenías tu razón y soy yo el que me equivoqué.

SR. ALCALDE: Hai dous puntos, excluindo este punto nº 13, que seguirá o procedemento correspondente, que son os puntos 14 e 15 que, en primeiro lugar, hai que votar a urxencia. Entón votamos a urxencia dos puntos.

SRA. ANEIROS BARROS: Una pregunta, simplemente. ¿La urgencia se va a votar punto por punto?

SR. SECRETARIO: La propuesta de la modificación del artículo 3 se retira. Y, después, la urgencia se puede votar por separado el tratar las dos renunciaciones o en conjunto.

SR. ALCALDE: Home, é o mesmo tema, idéntico tema...

SRA. ANEIROS BARROS: No, no hace falta. Yo simplemente una cuestión.

SR. ALCALDE: Bueno, primeiro votamos a urxencia e logo se queredes comentar algo do fondo dos temas.

SRA. ANEIROS BARROS: Yo es en relación con este tema, por eso lo planteo. Con la urgencia.

La verdad queríamos simplemente dejar constancia de la sorpresa que nos causa la forma de actuar de este gobierno. No entendemos muy bien por qué traen fuera del orden del día un asunto del que hemos tenido conocimiento ya desde hace más de una semana y que hayan esperado hoy para hacer efectivas esas renunciaciones. Y, claro, nos obligan a que en vez de incluir esos dos puntos en el orden del día normal, la convocatoria del Pleno, como debiera ser lo oportuno,

venga fuera del orden del día y nos piden que declaremos que estos dos asuntos son urgentes, cuando lo cierto es que teníamos conocimiento de los mismos desde hace, insisto, más de una semana, con lo cual no nos parecen las maneras ni las formas traer fuera del orden del día un asunto que desde luego no podemos aceptar que sea considerado como urgente.

SR. ALCALDE: Ben, pois se queremos facer desto unha cuestión de Estado o facemos. Eu só quero significar que tanto Felipe Sas como Eugenia Freire quixeron ser responsables co seu traballo e non presentaron a renuncia por Rexistro ata o día de hoxe, porque quixeron estar traballando no concello ata o último día posible, co fin de que os trámites para a súa substitución foran os máis rápidos posibles e que no seguinte Pleno as dúas persoas eu se incorporen xa poidan tomar posesión e se arranxen todos os trámites coa Xunta Electoral e tamén coa intención de causar o menor prexuízo posible á labor cotidiana do concello.

Votamos a urxencia destes dous puntos en conxunto.

Por parte da Presidencia sométese a votación a declaración de urxencia para incluír dous asuntos na orde do día, sendo esta rexeitada por doce votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos de Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos e dez votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros do grupo Popular e, en consecuencia, non cumprir o requisito da maioría absoluta legal, todo elo de conformidade co artigo 83 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SR. SECRETARIO: Al no conseguir el quórum de la mayoría absoluta, de trece votos, no se pueden tratar estos asuntos en el Pleno de hoy.

SR. ALCALDE: Bueno, pois convocaremos un Pleno extraordinario gracias á colaboración do Partido Popular.

13.ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión, sendo as cero horas e once minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

Visto e praxe,
O Alcalde-Presidente

O Secretario Xeral,

Don Jorge Juan Suárez Fernández

Don Leopoldo Moure García